

s

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18898** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas. («BOE» 244, do 11-10-2001.)*

Advertido erro no texto do Real decreto 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 12 en lingua galega, do 16 de agosto de 2001, procédese a efectuar a oportuna modificación:

Na páxina 1069, no anexo, no capítulo 3: Enfermidades da visión e dos ollos (V), epígrafe 203: Miopías, onde di: «e) Miopía superior a 9 dioptrías en calquera ollo, con lesións coriorretinianas 4-5», debe dicir: «e) Miopía superior a 9 dioptrías en calquera ollo, con lesións coriorretinianas 4-5 V».

## MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**19483** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e a súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7. («BOE» 251, do 19-10-2001.)*

Advertidos erros no texto do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e a súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xuño de 2001, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 553, columna da esquerda, no título do regulamento, onde di: «Regulamento sobre almacenamento de produtos químicos», debe dicir: «Regulamento de almacenamento de produtos químicos».

Na páxina 556, columna da esquerda, punto 9, onde dice: «... de acordo co artigo 33.»; debe dicir: «... de acordo co artigo 35.».

Na páxina 633, columna da esquerda, número 6, onde di: «... no número 22 do artigo 3.»; debe dicir: «... no número 23 do artigo 3.».

Na páxina 636, columna da dereita, medidas de nivel 2, número 1, onde di: «... número 4 do artigo 16.»; debe dicir: «... número 4 do artigo 17.».

## MINISTERIO DE FACENDA

**19995** *REAL DECRETO 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. («BOE» 257, do 26-10-2001.)*

1. A disposición derogatoria única da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, respecto ás normas regulamentarias existentes, á parte dunha cláusula xeral derogatoria de tódalas que se opoñan ó seu contido e derogar expresamente o Regulamento de contratación das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 9 de xaneiro de 1953, deixa subsistentes as citadas normas regulamentarias só en canto non se opoñan ó contido da lei, criterio que se aplica, con cita expresa, ó Regulamento xeral de contratación do Estado, aprobado polo Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, ó Decreto 1005/1974, do 4 de abril, sobre contratos de asistencia con empresas consultoras ou de servizos, ó Real decreto 1465/1985, do 17 de xullo, e ó Real decreto 2357/1985, do 20 de novembro, que regulan os contratos de traballos específicos e concretos non habituais, respectivamente, na Administración do Estado, nos seus organismos autónomos e na Seguridade Social e na Administración local. En canto ó Decreto lei 2/1964, do 4 de febreiro, sobre revisión de prezos e as súas disposicións complementarias, aplica idéntico criterio de subsistencia, como normas regulamentarias, en canto non se opoñan á lei.

Resulta así que á entrada en vigor da Lei de contratos das administracións públicas, como normas regulamentarias ou de desenvolvemento, tiveron que aplicarse as promulgadas durante a vixencia da Lei de contratos do Estado, para evitar un baleiro normativo a nivel regulamentario, que impedise a aplicación da lei.

Para atender ós supostos en que as remisións da lei a normas regulamentarias non podían operar coa aplicación das de tal carácter vixentes con anterioridade, por se tratar de aspectos de nova regulación, á conveniencia de introducir novas normas regulamentarias en aspectos concretos e para aclarar certos preceptos da lei e determinadas normas regulamentarias que podían considerarse vixentes, promúlgase o Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos das administracións públicas, que debe considerarse unha solución anticipada e parcial de desenvolvemento regulamentario da dita lei.

A Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei de contratos das administracións públicas, volve incidir na remisión a normas regulamentarias en aspectos concretos non regulados na lexislación anterior, disposicións que, xunto coas da Lei de contratos das administracións públicas non modificadas, se incorporan ó texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Todo iso determinou a necesidade de promulgar un regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas que, superando o carácter parcial do Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, permita, como se anticipaba no seu preámbulo, a derogación do Regulamento xeral do ano 1975 e da maior parte das disposicións regulamentarias vixentes, precisamente pola súa incorporación ó novo regulamento.

2. En canto á súa estrutura o regulamento segue a mesma sistemática e ordenación de materias da lei que desenvolve, se ben non coincide exactamente con ela, dado que existen preceptos legais que non requiren desenvolvemento regulamentario e por abandonarse o

s

anterior sistema do Regulamento de 1975 de reproducir integramente no seu texto o da Lei de contratos do Estado, polos problemas de inseguridade que podería derivar das dúbidas sobre o rango normativo dos respectivos preceptos.

Por outra parte, mantén o criterio do Real decreto 390/1996 de incorporar nos seus XII anexos materias tales como a enumeración de rexistros dos distintos países comunitarios e signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo; determinados aspectos da clasificación; modelos de garantías, de anuncios de licitación e adjudicación dos contratos; comunicación de datos ó Rexistro Público de Contratos e modelos en materia de revisión de prezos e certificacións de obra. Con iso o regulamento pretende conseguir, o mesmo que fixera o Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, que estas materias que integran o seu contido se incorporen ó seu texto, evitando a dispersión normativa en que tales aspectos se atopaban con anterioridade.

3. Desde o punto de vista do seu contido, a súa exposición xeral debe realizarse tendo en conta os criterios seguidos na súa elaboración.

En primeiro lugar trata de desenvolver-los preceptos da Lei de contratos das administracións públicas que, tanto na súa versión inicial, coma na do texto refundido, conteñen unha remisión expresa a normas regulamentarias, aínda que algunhas delas xa figuran no Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, do que se incorporan ó presente texto. Así sucede coa composición das xuntas de contratación e a contribución ó financiamento dos contratos por diversos órganos interesados; coa acreditación do cumprimento do requisito de estaren ó día os empresarios nas súas obrigas fiscais e de seguridade social; coa apreciación do alcance da declaración de prohibicións de contratar; coa materia de clasificación e, en particular, coa composición das comisións de clasificación, clasificación de unións temporais de empresarios e produción de efectos xerais para as clasificacións outorgadas por comunidades autónomas; coa constitución de garantías tanto provisionais coma definitivas; cos casos en que pode prescindirse da aplicación de prescricións técnicas; cos requisitos da factura en contratos menores; coa remisión de datos estatísticos ó Rexistro Público de Contratos e publicidade deste; coa determinación de vocais das mesas de contratación; cos criterios obxectivos para a apreciación das baixas temerarias en poxas e coa valoración de proposicións presentadas por empresas dun mesmo grupo, tanto en poxas coma en concursos; co procedemento para a aplicación de causas de resolución; coa posible simplificación da documentación dos proxectos de obra; coas obras a prezo global; co réxime e límites de aboamentos á conta por operacións preparatorias; coa ocupación efectiva de obras sen acto formal de recepción; co contido dos proxectos en obras executadas pola propia Administración; co procedemento para a adquisición centralizada de bens, e coa substitución de letrados en mesas de contratación.

En segundo lugar incorpora as normas das disposicións regulamentarias anteriores á vixencia da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas que, por efecto da súa disposición derogatoria, deben considerarse subsistentes como son as do Regulamento xeral de contratación do Estado aprobado polo Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, e demais disposicións que cita a indicada disposición derogatoria, ás que hai que engadi-las do Real decreto 390/1996, do 1 de marzo. A maior parte do contido do texto que agora se promulga está constituída por incorporación de normas da indicada procedencia, é dicir, normas regulamentarias anteriores que por non se oporen á Lei de contratos das administracións públi-

cas ou constituíren o seu desenvolvemento parcial, se considera axeitado que conserven a súa vixencia.

En terceiro lugar incorpóranse ó seu contido determinados preceptos das directivas comunitarias sobre contratación pública, dado que, aínda que a maior parte deles se incorporaron ó texto da lei, existen outros como, por exemplo, os relativos á publicidade potestativa no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» e contía dos contratos de subministración e servicios que, por non esixir norma con rango de lei, se incorporan agora ó presente regulamento.

Por último, incorpóranse ó regulamento determinadas cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas xerais (Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, para contratos de obras; Orde do 8 de marzo de 1972 para contratos de consultoría e de asistencia e Decreto 2572/1973, do 5 de outubro, para equipamentos e sistemas informáticos) que, pola súa natureza e contido, se consideraron máis propios dun texto regulamentario ca dos citados pregos xerais dos que formaban parte, de tal maneira que agora xa non pode eludirse o seu cumprimento utilizando o trámite previsto na Lei de contratos das administracións públicas para a introducción nos pregos particulares de cláusulas contrarias ós pregos xerais.

Do ata aquí exposto dedúcese que o regulamento que se promulga, coas necesarias advertencias, cumpre, máis ca unha función innovadora en materia de contratación administrativa, unha función recompiladora das anteriores disposicións coas adaptacións e correccións que o novo marco normativo, no ámbito legal, impón. Neste sentido o regulamento límitase a incorporar-las normas, regras e criterios que, recollidos en diversas ordes ministeriais e acordos das comisións de clasificación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa viña aplicando esta última, de modo que por esta incorporación as comunidades autónomas na súa función de clasificación poidan aplica-las mesmas regras e criterios tal como preceptivamente esixe o artigo 29.3 da lei. Pola contra, hai materias como a regulación de baixas temerarias nas que o carácter innovador do regulamento se produce ó admitir expresamente a súa apreciación en poxas e concursos e supera-los criterios limitados do artigo 109 do Regulamento de 1975, que non admitía a posibilidade de que, no suposto dun só licitador, se apreciase temeridade na súa proposición.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de outubro de 2001,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*

Apróbase o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, o texto do cal se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Táboa de vixencias e de disposicións que se derrogan.*

1. Nas materias reguladas polo regulamento, en canto non resulten modificadas por este, conservarán a súa vixencia as seguintes disposicións:

a) O Decreto 3186/1968, do 26 de decembro, en canto ás xuntas de compras que subsistan, ó amparo da disposición transitoria sétima da lei.

b) O Real decreto 30/1991, do 18 de xaneiro, sobre réxime orgánico e funcional da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa agás os seus artigos 4, 8, 9,

s  
10, 11 e 12. Os artigos 6 e 7 deste conservan a súa vixencia só en canto se refiren ás competencias da Comisión Permanente e das seccións da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

c) O Real decreto 533/1992, do 22 de maio, sobre atribución de determinadas facultades nos procedementos de contratación de bens e servicios informáticos.

d) O Decreto 3392/1973, do 21 de decembro, e as ordes ministeriais do 28 de decembro de 1970, do 9 de decembro de 1975, do 17 de abril de 1984, do 4 de marzo de 1987, do 14 de maio de 1996 e do 30 de xullo de 1998, sobre bens de adquisición centralizada.

e) O Decreto 3650/1970, do 19 de decembro, polo que se aproba o cadro de fórmulas tipo xerais de revisión de prezos nos contratos de obras do Estado e organismos autónomos para o ano 1971, así como o Real decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior, e o Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, polo que se establecen as fórmulas polinómicas tipo que deberán figurar nos contratos de fabricación de subministracións e de bens de equipamento do Ministerio do Exército cando os devanditos contratos inclúan cláusulas de revisión de prezos, ata que, de conformidade co disposto no artigo 104 da lei, se aproben as fórmulas tipo de revisión de prezos para os contratos de obras e de subministración de fabricación.

f) O título III do Regulamento de servicios das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955, en canto non se opoña ó establecido na lei e neste regulamento.

g) O Real decreto 541/2001, do 18 de maio, polo que se establecen determinadas especialidades para a contratación de servicios de telecomunicación.

h) As ordes do 26 de febreiro de 1996 e do 17 de xaneiro de 2001 sobre atribución de competencias para a adquisición de bens e servicios para o tratamento da información.

2. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Regulamento xeral de contratación do Estado aprobado polo Decreto 3410/1975, do 25 de novembro.

b) O Real decreto 390/1996, do 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

c) O Decreto 1005/1974, do 4 de abril, polo que se regulan os contratos de asistencia que celebre a Administración do Estado e os seus organismos autónomos con empresas consultoras ou de servicios.

d) O Real decreto 1465/1985, do 17 de xullo, sobre contratación para a realización de traballos específicos e concretos, non habituais, na Administración do Estado, os seus organismos autónomos e a Seguridade Social.

e) O Real decreto 2357/1985, do 20 de novembro, polo que se regulan os contratos para a realización de traballos específicos e concretos, non habituais, de carácter excepcional, na Administración local.

f) O Real decreto 1770/1994, do 5 de agosto, en canto atribúe efectos desestimatorios á falta de resolución nos procedementos para a clasificación e revisión de clasificacións.

g) O Real decreto 609/1982, do 12 de febreiro, e a Orde do 24 de novembro de 1982, relativos á clasificación de empresas consultoras e de servicios.

h) O Decreto 461/1971, do 11 de marzo, o Real decreto 1881/1984, do 30 de agosto, e a Orde do 5 de decembro de 1984 sobre revisión de prezos e os preceptos do Decreto lei 2/1964, do 2 de febreiro, que conservaron a súa vixencia como normas regulamentarias ó abeiro da disposición derogatoria única da Lei 13/1995, do 18 de maio.

i) As ordes do 28 de marzo de 1968, completada pola do 16 de novembro de 1972 e a do 19 de xaneiro

de 1993 polas que se dictan normas complementarias para a clasificación de contratistas de obras do Estado.

3. Quedan así mesmo derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan a este regulamento e non o foran pola lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O regulamento que se aproba entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de outubro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

### LIBRO I

### Dos contratos das administracións públicas

#### TÍTULO I

#### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

#### Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento e execución do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

2. Os contratos que celebren as administracións públicas con persoas naturais ou xurídicas axustaranse ós preceptos contidos na Lei de contratos das administracións públicas, neste regulamento e nas súas disposicións complementarias, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira da lei e deste regulamento.

Artigo 2. *Pluralidade de obxecto e prestacións condicionadas.*

1. Poderán celebrarse contratos con pluralidade de obxecto, pero cada unha das prestacións deberá ser definida con independencia das demais.

2. Non poderán celebrarse contratos nos cales a prestación do contratista quede condicionada a resolucións ou indicacións administrativas posteriores á súa celebración, salvo o establecido nos artigos 125 e 172.1, a), da lei para os contratos mixtos de redacción de proxecto e execución de obra e para o contrato de subministración, respectivamente.

Artigo 3. *Contratos administrativos especiais e contratos privados.*

1. Nos contratos administrativos especiais os prezos de cláusulas administrativas particulares, ademais do establecido no artigo 8.2 da lei e no número 2 do artigo 67 deste regulamento, conterán as especificacións que pola natureza e obxecto do contrato sexan necesarias para defini-los pactos e condicións deste.

s

2. Nos contratos privados o órgano de contratación deberá incluí-las cláusulas máis convenientes ó interese público, as cales producirán os efectos que determine o dereito civil ou mercantil. En todo caso, faranse constas especificacións que, pola natureza e obxecto do contrato, sexan necesarias para defini-los pactos e condicións deste, debendo ser obxecto de informe polo Servizo Xurídico previamente á súa aprobación polo órgano de contratación.

Nos contratos que teñan por obxecto os servizos a que fai referencia a categoría 6 do artigo 206 da lei o valor do contrato determinarase, cando se trate de contratos de seguros, polo importe das primas e cando se trate de servizos bancarios e outros servizos financeiros, polos honorarios ou as comisións que hai que satisfacer.

## CAPÍTULO II

### Disposicións relativas ós órganos de contratación

#### Artigo 4. *Delegación e desconcentración.*

1. Sen prexuízo de que a delegación do exercicio das facultades contractuais en órganos centrais ou territoriais dispoña outra cousa, a facultade para celebrar contratos leva implícita a de aprobación do proxecto, a de aprobación dos pregos, a de adxudicación do contrato, a de formalización deste e a das restantes facultades que a lei e este regulamento lle atribúen ó órgano de contratación.

Na delegación de competencias non comportará a aprobación do gasto salvo que se inclúa de forma expresa.

2. A desconcentración de competencias enténdese que é completa salvo que o correspondente real decreto estableza limitacións.

#### Artigo 5. *Composición das xuntas de contratación dos departamentos ministeriais.*

1. As xuntas de contratación dos departamentos ministeriais dependerán organicamente da Subsecretaría e estarán constituídas por un presidente e tantos vocais como centros directivos teña o ministerio. Os compoñentes das xuntas serán nomeados polo ministro por proposta do subsecretario e dos titulares dos centros directivos respectivamente.

2. Ademais, formarán necesariamente parte das xuntas de contratación, como vocais, un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico dos órganos de contratación e un interventor. Cando así o aconselle o obxecto dos contratos que vaia celebra-la xunta, poderán incorporarse a esta, con carácter de vocais, os funcionarios técnicos pertinentes.

3. Actuará como secretario un funcionario destinado no correspondente departamento ministerial, designado, así mesmo, polo ministro por proposta do subsecretario.

4. Con excepción do asesor xurídico e do interventor, o número dos restantes vocais e o sistema de designación, así como a dependencia orgánica das xuntas poderán ser alterados por orde do ministro correspondente en atención á diversa estrutura do ministerio e ó número, carácter e contía dos contratos dos que o ministro lle atribúa a celebración á Xunta de Contratación, de conformidade co disposto no artigo 12.4 da lei.

#### Artigo 6. *Composición das xuntas de contratación dos organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades de dereito público.*

1. As xuntas de contratación dos organismos autónomos e entidades xestoras e servizos comúns da Segu-

ridade Social estarán compostas por un presidente e o número de vocais que se determine por orde do ministro correspondente por proposta do presidente ou director do organismo, tendo en conta a súa estrutura e as súas áreas de actuación, sen que en ningún caso este número poida ser inferior a dous. A designación dos membros da xunta de contratación corresponderá igualmente ó presidente ou director do organismo.

2. Ademais, formarán parte necesariamente da xunta, como vocais, un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor. Cando así o aconselle o obxecto dos contratos que vaia celebra-la xunta, poderán incorporarse a esta, con carácter de vocais, os funcionarios técnicos pertinentes.

3. Actuará como secretario un funcionario dos organismos, entidades ou servizos a que se refire o número 1 designado polo presidente ou director destes.

4. As normas dos puntos anteriores aplicaranse ás xuntas de contratación das entidades de dereito público tendo en conta as propias peculiaridades do seu sistema organizativo.

#### Artigo 7. *Funcións das xuntas de contratación.*

Ademais das funcións sinaladas no artigo 12.4 da lei, o ministro poderá atribuírlles ás xuntas de contratación as funcións de programación e estudo das necesidades de contratos a celebrar e calquera outra que estea relacionada coa actividade contractual da Administración do Estado no ámbito das competencias do ministerio. No desenvolvemento desta actividade non será necesario que formen parte da xunta de contratación o asesor xurídico e o interventor.

#### Artigo 8. *Cofinanciamento de contratos.*

A concorrencia ó financiamento de distintos departamentos ministeriais a que se refire o artigo 12.5 da lei levarase a cabo pondo á disposición do órgano de contratación por parte dos departamentos que participen no devandito financiamento a documentación acreditativa dos correspondentes expedientes, de conformidade cos criterios e reparticións acordadas nos oportunos convenios ou protocolos de actuación.

## TÍTULO II

### Dos requisitos para contratar coa Administración

#### CAPÍTULO I

##### Da capacidade e solvencia das empresas

#### Artigo 9. *Capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea.*

1. A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I deste regulamento, en función dos diferentes contratos.

2. Para que estas empresas poidan acollerse ó disposto no artigo 25.2 da lei deberán cumprilo requisito de non estaren clasificadas, nin con clasificación suspendida ou anulada.

#### Artigo 10. *Capacidade de obrar das restantes empresas estranxeiras.*

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no artigo anterior acreditarase mediante

s informe expedido pola misión diplomática permanente ou oficina consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, logo de acreditación pola empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Nestes supostos, ademais, deberá achegarse informe da misión diplomática permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos de contía igual ou superior á prevista nos artigos 135.1, 177.2 e 203.2 da lei ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23.1 da lei.

#### Artigo 11. *Determinación dos criterios de selección das empresas.*

Nos contratos de obras e nos de servizos nos que non sexa esixible o requisito de clasificación, así como nos contratos de xestión de servizos públicos, nos de subministracións, nos de consultoría e asistencia e nos contratos administrativos especiais, o órgano de contratación fixará no prego de cláusulas administrativas particulares a referencia ós criterios que, baseados nos medios que establecen os artigos 16, 17, 18 e 19 da lei, respectivamente, se aplicarán para determinar a selección das empresas que poderán acceder á adxudicación do contrato.

Nos contratos de obras e nos de servizos nos que sexa legalmente obrigatorio o requisito da clasificación, cando o procedemento de adxudicación sexa o restrinxido, indicaranse tamén nos pregos de cláusulas administrativas particulares os criterios a que fai referencia o parágrafo anterior, sen prexuízo da acreditación do requisito de clasificación.

#### Artigo 12. *Carácter confidencial dos datos facilitados polo empresario.*

O órgano de contratación deberá respectar en todo caso o carácter confidencial dos datos facilitados polos empresarios en cumprimento dos artigos 16 a 19 da lei.

#### Artigo 13. *Obrigas tributarias.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 20, alínea f), da lei considerarase que as empresas están ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias cando, se é o caso, concorran as seguintes circunstancias:

a) Estaren dadas de alta no imposto sobre actividades económicas, no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando no momento da data de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación nos procedementos restrinxidos, que as faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen.

b) Teren presentadas, de estaren obrigadas, as declaracións polo imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre a renda de non-residentes ou o imposto sobre sociedades, segundo se trate de persoas ou entidades suxeitas a algún destes impostos, así como as correspondentes declaracións por pagamentos fraccionados, ingresos á conta e retencións que en cada caso procedan.

c) Teren presentadas, de estaren obrigadas, as declaracións periódicas polo imposto sobre o valor engadido, así como a declaración resumo anual.

d) Non teren débedas de natureza tributaria co Estado en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

e) Ademais, cando o órgano de contratación dependa dunha comunidade autónoma ou dunha entidade local, que non teñan débedas de natureza tributaria coa respectiva Administración autonómica ou local, nas mesmas condicións fixadas na alínea d).

2. As circunstancias indicadas nas alíneas b) e c) refírense a declaracións das que o prazo regulamentario de presentación vencese nos doce meses precedentes ó mes inmediatamente anterior á data de solicitude da certificación a que se refire o artigo 15 deste regulamento. O cumprimento das circunstancias das alíneas b) a e) acreditarase mediante a presentación pola empresa ante o órgano de contratación da certificación positiva regulada no mesmo artigo, coa excepción que este establece.

Así mesmo, entenderase acreditado o cumprimento destas circunstancias cando a Administración pública competente lle ceda á Administración pública contratante a información que acredite que a empresa cumpre as circunstancias das alíneas b) a e). Neste suposto, a certificación positiva será substituída por unha declaración responsable do interesado de que cumpre as circunstancias sinaladas, así como autorización expresa á Administración pública contratante para que poida procederse á cesión de información.

3. Para os efectos da expedición das certificacións reguladas no artigo 15 deste regulamento, considerarase que as empresas están ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias cando as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación das correspondentes liquidacións.

#### Artigo 14. *Obrigas de seguridade social.*

1. Para os mesmos efectos do previsto no artigo 20, alínea f), da lei, considerarase que as empresas están ó día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social cando, se é o caso, concorran as seguintes circunstancias.

a) Estaren inscritas no sistema da Seguridade Social e, se é o caso, de se tratar dun empresario individual, estar afiliado e en alta no réxime que corresponda por razón da actividade.

b) Teren afiliados, se é o caso, e dados de alta, os traballadores que presten servizos a aquelas.

c) Teren presentado os documentos de cotización correspondentes ás cotas de Seguridade Social e, se procedese, dos conceptos de recadación conxunta coas mesmas, así como das asimiladas a aquelas para efectos recadatorios, correspondentes ós doce meses anteriores á data de solicitude da certificación.

d) Estaren ó día no pagamento das cotas ou doutras débedas coa Seguridade Social.

2. O cumprimento das circunstancias indicadas no punto anterior acreditarase mediante a presentación pola empresa ante o órgano de contratación da certificación positiva regulada no artigo 15 deste regulamento.

3. Para os efectos da expedición das certificacións reguladas no devandito artigo, considerarase que as empresas están ó día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social cando as débedas estean adiadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación de tales débedas.

### Artigo 15. *Expedición de certificacións.*

1. As circunstancias mencionadas nos artigos 13 e 14 deste regulamento acreditaranse mediante certificación administrativa expedida polo órgano competente, agás a referida ó número 1, alínea a), do artigo 13, a acreditación da cal se efectuará mediante a presentación da alta, referida ó exercicio corrente, ou do último recibo do imposto sobre actividades económicas, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os devanditos artigos, acreditarase esta circunstancia mediante unha declaración responsable.

2. As certificacións expedidas poderán ser positivas ou negativas:

a) Serán positivas cando se cumpran tódolos requisitos indicados nos citados artigos 13 e 14 deste regulamento. Neste caso, indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación.

b) Serán negativas no caso contrario, no que a certificación indicará cales son as obrigas incumpridas.

3. As certificacións serán expedidas polo órgano competente nun prazo máximo de catro días hábiles, e quedarán na sede do devandito órgano á disposición do solicitante.

4. As certificacións remitidas ó órgano de contratación por vía electrónica terán os efectos que en cada caso determine a normativa aplicable.

### Artigo 16. *Efectos das certificacións.*

1. As certificacións expediranse para os efectos exclusivos que nelas se fagan constar e non orixinarán dereitos nin expectativas de dereitos a favor dos solicitantes nin de terceiros, non producirán o efecto de interromper ou suspende-los prazos de prescrición, nin servirán de medio de notificación dos procedementos a que puidesen facer referencia.

2. En todo caso o seu contido, co carácter de positivo ou negativo, non afecta ó que puidese resultar de actuacións posteriores de comprobación ou investigación.

3. Unha vez expedida a certificación terá validez durante o prazo de seis meses contados desde a data de expedición.

### Artigo 17. *Apreciación da prohibición de contratar.*

1. As prohibicións de contratar contidas nas alíneas a), b), d), e), f), i), j) e k) do artigo 20 da lei, sempre que nos supostos das alíneas a) e d) as sentencias ou resolucións firmes conteñan pronunciamento sobre o alcance e a duración da prohibición, serán apreciadas de forma automática polos órganos de contratación e subsistirán durante o prazo sinalado na sentenza ou resolución ou, nos demais supostos, mentres concorran as circunstancias que en cada caso as determinan.

2. Cuando as sentencias ou resolucións firmes non conteñan pronunciamento sobre a prohibición de contratar ou a súa duración, esta será apreciada de forma automática polos órganos de contratación, sen prexuízo de que o seu alcance e duración se determine mediante o procedemento que se regula no artigo 19 deste regulamento.

### Artigo 18. *Competencia para a declaración da prohibición de contratar.*

1. A competencia para a declaración da prohibición de contratar nos supostos previstos nas alíneas a) e d)

do artigo 20 da lei correspóndelle ó ministro de Facenda, que dictará resolución por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e revestirá carácter xeral para tódalas administracións públicas.

2. Nos supostos previstos nas alíneas c) e g) do mesmo artigo a competencia corresponderá á Administración contratante, entendéndose por tal, no suposto da alínea g), aquela ante a que se incorrese en falsidade, e no suposto da alínea h) a competencia corresponderá á que acordase a suspensión da clasificación ou declárase a prohibición infrinxida con eficacia limitada, nos tres casos, ó seu propio ámbito. Cando a prohibición teña que producir efectos xerais ante as distintas administracións públicas ou se impoña no ámbito da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da dita Administración, a competencia correspóndelle ó ministro de Facenda, que dictará resolución por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

3. Para os efectos do disposto no punto anterior se o ámbito da prohibición declarada fose autonómico ou local e se entendese procedente estende-los seus efectos con carácter xeral para tódalas administracións públicas deberán comunicarse os respectivos acordos á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa para que formule proposta neste sentido ó ministro de Facenda, que resolverá tendo en conta o dano causado ós intereses públicos.

### Artigo 19. *Procedemento para a declaración da prohibición de contratar.*

1. Correspóndelles ós órganos de contratación a iniciación do procedemento para a declaración da prohibición de contratar nos supostos en que os feitos que a motivan se poñan de manifesto con ocasión da tramitación dun expediente de contratación. Nos restantes supostos corresponde a iniciación á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou ós órganos que correspondan das comunidades autónomas.

As autoridades e órganos competentes que as acorden comunicarán as sentencias, sancións e resolucións firmes recaídas nos procedementos correspondentes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou ós órganos competentes das comunidades autónomas.

Nos supostos da alínea d) do artigo 20 da lei as autoridades e órganos competentes que acorden sancións ou resolucións firmes remitirán á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa as actuacións seguidas mediante a tramitación do correspondente expediente, no que se cumprirá o trámite de audiencia, xuntando informe sobre as circunstancias concorrentes, para os efectos de que aquela poida aprecia-lo alcance e a duración da prohibición de contratar que ha de propor ó ministro de Facenda. O trámite de audiencia deberá ser reiterado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa antes de elevar proposta de resolución.

2. Cando o expediente sexa iniciado polo órgano de contratación incorporaranse a el os informes dos servizos técnicos e xurídicos, cumpríndose posteriormente o trámite de audiencia, remitíndose o expediente ó órgano competente para a súa resolución ou á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa cando a esta lle corresponda formula-la proposta.

3. Nos supostos en que a iniciación e tramitación do expediente corresponda á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou ós órganos competentes das comunidades autónomas, cumprírase o trámite de audiencia antes de lle presentar ó órgano competente a correspondente proposta de resolución.

4. O alcance e duración da prohibición determinárase atendendo, se é o caso, á existencia de dolo ou manifesta mala fe do empresario e á entidade do dano causado ós intereses públicos.

s

**Artigo 20. Notificación e publicidade dos acordos de declaración da prohibición de contratar.**

Os acordos adoptados sobre prohibición de contratar notificaránselles ós interesados. Se declarasen a prohibición de contratar inscribíranse nos rexistros oficiais de empresas clasificadas, respecto das empresas que cumbran tal condición e, se é o caso, nos rexistros oficiais de contratistas ou de empresas licitadoras, nos que conste a clasificación a que fai referencia o artigo 34 da lei e publicáranse no «Boletín Oficial del Estado» cando a prohibición teña carácter xeral para tódalas administracións públicas ou afecte á Administración xeral do Estado, ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais ó ámbito dos cales se circunscriba.

**Artigo 21. Documentos acreditativos de identificación ou apoderamento.**

Os empresarios individuais deberán presenta-lo documento nacional de identidade ou, se é o caso, o documento que faga as súas veces e os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro xuntarán tamén poder bastante para o efecto.

**Artigo 22. Aclaracións e requirimentos de documentos.**

Para os efectos establecidos nos artigos 15 a 20 da lei, o órgano e a mesa de contratación poderán solicitar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirilo para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprir no prazo de cinco días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas conforme o disposto no artigo 83.6.

**Artigo 23. Traducción de documentos.**

As empresas estranxeiras que contraten en España presentarán a documentación traducida de forma oficial ó castelán ou, de se-lo caso, á lingua da respectiva comunidade autónoma no territorio da cal teña a súa sede o órgano de contratación.

**Artigo 24. Unións temporais de empresarios.**

1. Nas unións temporais de empresarios cada un dos que a compoñen deberá acredita-la súa capacidade e solvencia conforme os artigos 15 a 19 da lei e 9 a 16 deste regulamento, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta, sen prexuízo do que para a clasificación se establece no artigo 52 deste regulamento.

2. Para que na fase previa á adxudicación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados nela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal, no caso de resultaren adxudicatarios.

## CAPÍTULO II

### Da clasificación e rexistro de empresas

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> CLASIFICACIÓN DE EMPRESAS CONTRATISTAS DE OBRAS

**Artigo 25. Grupos e subgrupos na clasificación de contratistas de obras.**

1. Os grupos e subgrupos de aplicación para a clasificación de empresas nos contratos de obras, para os efectos previstos no artigo 25 da lei, son os seguintes:

**Grupo A) Movemento de terras e perforacións**

- Subgrupo 1. Desmontes e baleirados.
- Subgrupo 2. Explanacións.
- Subgrupo 3. Canteiras.
- Subgrupo 4. Pozos e galerías.
- Subgrupo 5. Túneles.

**Grupo B) Pontes, viaductos e grandes estruturas**

- Subgrupo 1. De fábrica ou formigón en masa.
- Subgrupo 2. De formigón armado.
- Subgrupo 3. De formigón pretensado.
- Subgrupo 4. Metálicos.

**Grupo C) Edificacións**

- Subgrupo 1. Demolicións.
- Subgrupo 2. Estructuras de fábrica ou formigón.
- Subgrupo 3. Estructuras metálicas.
- Subgrupo 4. Albanelería, revocaduras e revestidos.
- Subgrupo 5. Cantería e marmorería.
- Subgrupo 6. Pavimentos, revestimentos de chans e azulexados.
- Subgrupo 7. Illamentos e impermeabilizacións.
- Subgrupo 8. Carpintería de madeira.
- Subgrupo 9. Carpintería metálica.

**Grupo D) Ferrocarrís**

- Subgrupo 1. Tendido de vías.
- Subgrupo 2. Elevados sobre carril ou cable.
- Subgrupo 3. Sinalizacións e encravamentos.
- Subgrupo 4. Electrificación de ferrocarrís.
- Subgrupo 5. Obras de ferrocarrís sen cualificación específica.

**Grupo E) Hidráulicas**

- Subgrupo 1. Abastecementos e saneamentos.
- Subgrupo 2. Presas.
- Subgrupo 3. Canles.
- Subgrupo 4. Levadas e desaugadoiros.
- Subgrupo 5. Defensas de marxes e conductiones.
- Subgrupo 6. Conductiones con tubaxe de presión de gran diámetro.
- Subgrupo 7. Obras hidráulicas sen cualificación específica.

**Grupo F) Marítimas**

- Subgrupo 1. Dragaxes.
- Subgrupo 2. Diques.
- Subgrupo 3. Con bloques de formigón.
- Subgrupo 4. Con caixóns de formigón armado.
- Subgrupo 5. Con estacas e estacas prancha.
- Subgrupo 6. Faros, radiofaros e sinalizacións marítimas.
- Subgrupo 7. Obras marítimas sen cualificación específica.
- Subgrupo 8. Emisarios submarinos.

**Grupo G) Viais e pistas**

- Subgrupo 1. Autoestradas, autovías.
- Subgrupo 2. Pistas de aterraxe.
- Subgrupo 3. Con firmes de formigón hidráulico.
- Subgrupo 4. Con firmes de mesturas bituminosas.
- Subgrupo 5. Sinalizacións e balizamentos viais.
- Subgrupo 6. Obras viais sen cualificación específica.

r

*Grupo H) Transportes de productos petrolíferos e gasosos*

- Subgrupo 1. Oleoductos.
- Subgrupo 2. Gasoductos.

*Grupo I) Instalacións eléctricas*

- Subgrupo 1. Iluminacións e balizamentos luminosos.
- Subgrupo 2. Centrais de produción de enerxía.
- Subgrupo 3. Liñas eléctricas de transporte.
- Subgrupo 4. Subestacións.
- Subgrupo 5. Centros de transformación e distribución en alta tensión.
- Subgrupo 6. Distribución en baixa tensión.
- Subgrupo 7. Telecomunicacións e instalacións radioeléctricas.
- Subgrupo 8. Instalacións electrónicas.
- Subgrupo 9. Instalacións eléctricas sen cualificación específica.

*Grupo J) Instalacións mecánicas*

- Subgrupo 1. Elevadoras ou transportadoras.
- Subgrupo 2. De ventilación, calefacción e climatización.
- Subgrupo 3. Frigoríficas.
- Subgrupo 4. De fontanería e sanitarias.
- Subgrupo 5. Instalacións mecánicas sen cualificación específica.

*Grupo K) Especiais*

- Subgrupo 1. Cimentacións especiais.
- Subgrupo 2. Sondaxes, inxeccións e estacadas.
- Subgrupo 3. Estructuras de estacas prancha.
- Subgrupo 4. Pinturas e metalizacións.
- Subgrupo 5. Ornamentacións e decoracións.
- Subgrupo 6. Xardinería e plantacións.
- Subgrupo 7. Restauración de bens inmobles histórico-artísticos.
- Subgrupo 8. Estacións de tratamento de augas.
- Subgrupo 9. Instalacións contra incendios.

*Artigo 26. Categorías de clasificación nos contratos de obras.*

As categorías dos contratos de obras, determinadas pola súa anualidade media, ás que se axustará a clasificación das empresas serán as seguintes:

De categoría a) cando a súa anualidade media non supere a cifra de 60.000 euros.

De categoría b) cando a citada anualidade media exceda de 60.000 euros e non supere os 120.000 euros.

De categoría c) cando a citada anualidade media exceda de 120.000 euros e non supere os 360.000 euros.

De categoría d) cando a citada anualidade media exceda de 360.000 euros e non supere os 840.000 euros.

De categoría e) cando a anualidade media exceda de 840.000 euros e non supere os 2.400.000 euros.

De categoría f) cando exceda de 2.400.000 euros.

As anteriores categorías e) e f) non serán de aplicación nos grupos H, I, J, K e os seus subgrupos, en que a máxima categoría será a e) cando exceda de 840.000 euros.

*Artigo 27. Clasificación en subgrupos.*

Para que un contratista poida ser clasificado nun subgrupo de tipo de obra será preciso que acredite algunha das circunstancias seguintes:

a) Ter executado obras específicas do subgrupo durante o transcurso dos últimos cinco anos.

b) Ter executado no último quinquenio obras específicas doutros subgrupos afíns, do mesmo grupo, enténdéndose por subgrupos afíns os que presenten analogías en canto a execución e equipamentos que se van empregar.

c) Ter executado, no mesmo período de tempo sinalado nas alíneas anteriores, obras específicas doutros subgrupos do mesmo grupo que presenten maior complexidade en canto á execución e esixan equipamentos de maior importancia, polo que o subgrupo de que se trate poida considerarse como dependente dalgún daqueles.

d) Cando, sen ter executado obras específicas do subgrupo no último quinquenio, se dispoña de suficientes medios financeiros, de persoal experimentado e maquinaria ou equipamentos de especial aplicación ó tipo de obra a que se refire o subgrupo.

*Artigo 28. Clasificación en grupos.*

Agás nos grupos I, J e K, nos que non existirá clasificación en grupo, para que un contratista poida ser clasificado nun grupo xeral de tipo de obra será preciso que reúna as condicións establecidas para a súa clasificación naqueles subgrupos do mesmo grupo que pola súa maior importancia se consideran como básicos, e que son os seguintes:

No grupo A, os subgrupos A-2, explanacións, e A-5, túneles.

No grupo B, os subgrupos B-3, de formigón pretensado e B-4, metálicos.

No grupo C, os subgrupos C-2, estruturas de fábrica ou formigón, ou C-3, estruturas metálicas, alternativamente, sempre que ademais acrediten ter executado construcións de edificios completos con estrutura de calquera das dúas clases a que se refiren estes subgrupos.

No grupo D, os subgrupos D-1, tendido de vías; D-3, sinalizacións e encravamentos, e D-4, electrificación de ferrocarrís.

No grupo E, os subgrupos E-2, presas; E-3, canles, e E-6, conducións con tubos de presión gran diámetro.

No grupo F, os subgrupos F-1, dragaxes; F-2, de diques, e F-4, con caixóns de formigón armado.

No grupo G, o subgrupo G-1, autoestradas, autovías.

No grupo H, os subgrupos H-1, oleoductos, ou H-2, gasoductos, alternativamente.

*Artigo 29. Clasificación en categorías.*

1. A categoría nun subgrupo será fixada tomando como base o máximo importe anual executado polo contratista no último quinquenio nunha obra correspondente ó subgrupo ou, se for maior, o importe máximo anual executado nas obras do subgrupo.

A cifra básica así obtida poderá ser mellorada nas porcentaxes que a seguir se sinalan:

a) Un 20 por 100 fixo, de aplicación xeral a tódolos contratistas, en concepto de natural expansión das empresas.

b) Ata un 50 por 100 segundo cal sexa o número e categoría profesional do seu persoal directivo e técnico na súa relación co importe anual medio de obra executada no último quinquenio. Tamén será tomada en



r  
consideración, se é o caso, a asistencia técnica contratada.

c) Ata un 70 por 100 en función do importe actual do seu parque de maquinaria relacionado tamén co importe anual medio da obra executada no último quinquenio. Serán tamén considerados os importes pagados polo concepto de aluguer de maquinaria.

d) Ata un 80 por 100 como consecuencia da relación que exista entre o importe medio anual dos fondos propios nos tres últimos exercicios e o importe, tamén medio anual, da obra executada no último quinquenio.

e) Ata un 100 por 100 dependente do número de anos de experiencia constructiva do contratista ou dos importes de obra executada no último quinquenio.

Tódalas porcentaxes que correspondan aplicar operarán directamente sobre a base, polo que o mínimo aumento que esta poderá experimentar será dun 20 por 100 e o máximo dun 320 por 100.

2. Nos casos comprendidos na alínea d) do artigo 27, tomarase como base para fixa-la categoría das clasificacións que poidan concederse o importe que estimativamente se considere que pode executar anualmente o contratista en obras comprendidas no subgrupo de que se trate, tendo en conta para este fin os seus medios persoais, materiais, financeiros e organizativos.

3. A categoría obtida directamente nun subgrupo farase extensiva a tódolos subgrupos afíns ou dependentes deste.

4. A categoría nun grupo será unha resultante das obtidas nos seus subgrupos básicos, deducida na forma seguinte:

a) Se o número de subgrupos básicos dun grupo non é superior a dous, a categoría no grupo será a mínima obtida naqueles subgrupos.

b) Se o número de subgrupos básicos dun grupo é superior a dous, a categoría no grupo será a mínima das obtidas nos dous subgrupos nos que alcanzase as máis elevadas.

5. A categoría obtida nun grupo dará lugar á clasificación con igual categoría en tódolos seus subgrupos, salvo que lle correspondese directamente outra maior nalgún deles; nestes casos estas seranlles mantidas.

### Artigo 30. *Criterios de clasificación.*

Para os efectos do disposto no artigo anterior a categoría da clasificación de cada empresa determinarase en función da experiencia e do índice propio da empresa que virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $I = 1,2 + T + M + F + E$  na que os símbolos establecidos representan:

I = índice de empresa.

T = termo correspondente ó seu índice de tecnidade.

M = termo correspondente ó seu índice de mecanización.

F = termo correspondente ó seu índice financeiro.

E = termo correspondente á súa experiencia constructiva xeral.

Este índice de empresa (I) terá un valor mínimo de 1,2 e máximo de 4,2 sendo o dos distintos termos que o compoñen os deducidos na forma que se establece nos artigos seguintes.

### Artigo 31. *Índice de tecnidade.*

1. O índice de tecnidade dunha empresa é función dependente do número e categoría do seu persoal técnico, tanto o que constitúe o seu cadro de persoal como o representado pola asistencia técnica contratada, e do importe de obra executada.

2. Para os efectos da súa determinación establécese a seguinte escala de puntos:

a) Técnico superior con máis de quince anos de experiencia profesional, 8 puntos.

b) Técnico superior con menos de quince anos e máis de cinco anos de experiencia profesional, 7 puntos.

c) Técnico superior con menos de cinco anos de experiencia profesional, 6 puntos.

d) Técnico medio con máis de dez anos de experiencia profesional, 5 puntos.

e) Técnico medio con menos de dez anos de experiencia profesional, 4 puntos.

f) Técnico non titulado, 3 puntos.

g) Encargado de obras, 2 puntos.

3. As persoas con posto de director xerente, director técnico ou asimilable serán puntuadas como incluídas na categoría inmediata superior á que polo seu propio título e circunstancias lles corresponda ou, noutro caso, á maior profesional que alcance o persoal da súa empresa. Se algún desta alcanzase a categoría máxima de 8 puntos, os cargos directivos puntuaranse como 10 e en ningún caso merecerán menos de 6 puntos.

4. De non existiren técnicos superiores ou medios na empresa, o número de encargados e técnicos non titulados que puntúen non poderá ser superior a cinco. De existiren aqueles, o número destes que puntúen poderá supera-la cifra de cinco na suma do número de técnicos medios multiplicados por dous e do de técnicos superiores multiplicado por tres.

5. A asistencia técnica contratada computarase como unha porcentaxe de incremento sobre a puntuación total obtida polo persoal do cadro e será apreciado estimativamente pola comisión de clasificación considerando a importancia que esta asistencia pode representar en relación co persoal técnico de que dispón a empresa, conforme o seguinte cadro:

Importancia da asistencia técnica contratada .....	Escasa	Media	Elevada
Porcentaxe de incremento na puntuación .....	5	10	15

6. O índice de tecnidade (t) virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $t = (2 \times 60,101 \times S) / V$ , na que S é o total de puntos obtidos pola empresa considerando o seu propio persoal técnico e a asistencia técnica contratada, e V o importe anual medio da obra executada no último quinquenio.

7. O valor do termo correspondente ó índice de tecnidade (T) que debe ser considerado na fórmula do artigo 30 é o dado polo seguinte cadro de correlacións no que se establecen catro escalas diferentes segundo cal sexa a contía do importe anual medio da obra executada no último quinquenio (V).

V = < 900.000	> t	—	1,0	1,9	2,8	3,7	4,6
	=< t	1,0	1,9	2,8	3,7	4,6	—
900.000 < V =< 4.500.000	> t	—	1,0	1,8	2,6	3,4	4,2
	=< t	1,0	1,8	2,6	3,4	4,2	—

r

4.500.000 < V =< 15.000.000	> t	–	1,0	1,6	2,2	2,8	3,4
	=<	1,0	1,6	2,2	2,8	3,4	–
V => 15.000.000	> t	–	1,0	1,4	1,8	2,2	2,6
	=<	1,0	1,4	1,8	2,2	2,6	–
	T=	0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5

### Artigo 32. Índice de mecanización.

1. O índice de mecanización dunha empresa é unha función dependente do valor actual do seu parque de maquinaria, do importe pagado en concepto de aluguer de maquinaria, e do importe de obra executada.

2. O índice de mecanización (m) virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $m = (P+2xA)/V$ ,

sendo P o valor actual do parque de maquinaria propiedade da empresa e da que dispoña en réxime de arrendamento financeiro;

sendo A o importe anual medio pagado por aluguer de maquinaria no último quinquenio, e  
sendo V o importe anual medio de obra executada no último quinquenio.

3. O valor máximo correspondente ó índice de mecanización (M) que debe ser considerado na fórmula do artigo 30 é o dado polo seguinte cadro de correlacións:

> m	–	0,10	0,16	0,22	0,28	0,34	0,40	0,46
=<	0,10	0,16	0,22	0,28	0,34	0,40	0,46	–
M=	0,0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7

### Artigo 33. Índice financeiro.

1. O índice financeiro dunha empresa é a relación existente entre o importe anual medio dos seus fondos propios no último trienio (C) e o importe anual medio da obra executada no último quinquenio (V), polo que virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $f=C/V$ .

2. O valor do termo correspondente ó índice de financiamento (F) que debe ser considerado na fórmula do artigo 30 é o dado polo seguinte cadro de correlacións:

> f	–	0,20	0,24	0,28	0,32	0,36	0,40	0,44	0,48
=<	0,20	0,24	0,28	0,32	0,36	0,40	0,44	0,48	–
F=	0,0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8

### Artigo 34. Experiencia constructiva xeral.

O termo da experiencia constructiva xeral da empresa (E) que debe ser considerado na fórmula do artigo 30 será o maior que corresponda considerando, ben os seus

anos de antigüidade no traballo da construción, ben o importe total de obra executada no último quinquenio, conforme o seguinte cadro:

Anos de experiencia > =<	> 2	–	2 5	5 10	10 15	15 20	20 –					
Importe de obra executada no último quinquenio > =<	–	1.500.000	1.500.000	4.500.000	4.500.000	7.500.000	7.500.000	10.500.000	10.500.000	13.500.000	13.500.000	–
E=	0	0,2	0,4	0,6	0,8	1						

### Artigo 35. Clasificación directa e indirecta en subgrupos.

1. Para a clasificación directa en subgrupos teranse en conta as seguintes regras:

a) Para determina-las posibilidades de execución anual dun contratista en obras específicas dun subgrupo dos establecidos no artigo 25, aplicarase a seguinte fórmula:  $K = O \times I$ .

Na que os signos establecidos representan:

O, máximo importe anual que se considera executado polo contratista nunha obra do subgrupo.

I, Índice propio da empresa.

b) O valor I obtido de acordo cos artigos 30, 31, 32, 33 e 34 transformarase para a súa aplicación na fórmula citada na alínea a) nun valor I' obtido conforme a seguinte táboa de correspondencia.

I	I'
1,2	1,2
1,3	1,4
1,4	1,6
1,5	1,7
1,6	1,9
1,7	2,0
1,8	2,1
1,9	2,3
2,0	2,4
2,1	2,5
2,2	2,6
2,3	2,7
2,4	2,8
2,5	2,9
2,6	3,0
2,7	3,1
2,8	3,1
2,9	3,2
3,0	3,3
3,1	3,4
3,2	3,5
3,3	3,6
3,4	3,7
3,5	3,8
3,6	3,9
3,7	4,0
3,8	4,0
3,9	4,1
4,0	4,2
4,1	4,2
4,2	4,2

c) Considerarase como máximo importe anual executado por un contratista en obras dun subgrupo (O), o maior dos dous valores seguintes:

O máximo importe anual acreditado como executado polo contratista, no último quinquenio, nunha obra correspondente ó subgrupo ou, se for maior, o importe máximo anual acreditado como executado nas obras do subgrupo.

d) O valor obtido na fórmula da alínea a) determinará a categoría que, no subgrupo de que

>	–	60.000	120.000	360.000	840.000	2.400.000
K						
=<	60.000	120.000	360.000	840.000	2.400.000	–
Categoría	a	b	c	d	e	f

Non obstante, na clasificación que resulte da comparación coa escala anterior non poderá ser outorgada, en ningún caso, unha categoría superior en máis dun grao da referida escala á que correspondería pola nova consideración do valor de O multiplicado por 1,2.

e) A aplicación do disposto na alínea a) requirirá que a empresa acredite a súa solvencia económica e financeira mediante a dispoñibilidade de fondos propios, segundo o balance correspondente ó último exercicio das contas anuais aprobadas, respecto da data en que se solicite a clasificación, que, para cada unha das categorías, alcancen os seguintes importes:

- Categoría A, 6.000 euros.
- Categoría B, 12.000 euros.
- Categoría C, 24.000 euros.
- Categoría D, 72.000 euros.
- Categoría E, 168.000 euros.
- Categoría F, 480.000 euros.

Cando o valor dos fondos propios non alcance os importes fixados para cada categoría, asignarase esta en función de tales valores.

f) Cando non se acredite experiencia na execución de obras correspondentes ó subgrupo a clasificación a outorgar en función do establecido no artigo 27, alínea d), estará condicionada pola dispoñibilidade dos fondos propios que se especifican no punto anterior.

2. A clasificación obtida por un contratista conforme as normas establecidas no número 7 dará lugar a que se conceda clasificación, con idéntica categoría, noutros subgrupos do mesmo grupo considerados afíns ou dependentes daquel no que alcanzou clasificación, mesmo que non realizase obras específicas deles.

Establécense como subgrupos afíns ou dependentes os seguintes:

a) Os clasificados no subgrupo A-2, explanacións, ou no A-5, túneles, quedarán tamén clasificados nos subgrupos A-1, A-3 e A-4.

b) Os clasificados no subgrupo B-2, de formigón armado, quedarán clasificados no B-1, de fábrica ou formigón en masa.

c) Os clasificados no subgrupo B-3, de formigón pretensado, quedarán clasificados nos subgrupos B-2 e B-1.

d) O subgrupo D-1, tendido de vías, clasifica o subgrupo D-5, obras de ferrocarrís sen cualificación específica.

e) Os clasificados en calquera dos subgrupos E-1, abastecementos e saneamentos, E-4, levadas e desaugadoiros, e E-5, defensas de marxes e conduccións, quedarán igualmente clasificados en todos eles e ademais

clasificarán o subgrupo E-7, obras hidráulicas sen cualificación específica.

f) Os clasificados nalgúns dos subgrupos E-2, presas, E-3, canles ou E-6, conduccións con tubos de presión de gran diámetro, quedarán automaticamente clasificados nos subgrupos E-1, E-4, E-5 e E-7, especificados no parágrafo anterior.

g) Os clasificados nos subgrupos F-1, dragaxes, F-2, diques e F-4, con caixóns de formigón armado, clasificarán o subgrupo F-7, obras marítimas sen cualificación específica.

h) Os clasificados no subgrupo F-4, con caixóns de formigón armado, quedarán clasificados igualmente no subgrupo F-3, con bloques de formigón.

i) O subgrupo G-1, autoestradas, autovías, clasificará os subgrupos G-2, pistas de aterrxaxe, G-3, con firmes de formigón hidráulico, G-4, con firmes de mesturas bituminosas, G-5, sinalizacións e balizamentos viais, G-6, obras viais sen cualificación específica.

j) O subgrupo G-1, autoestradas, autovías, tamén pode clasificarse se está clasificado en tódolos subgrupos seguintes: A-2, explanacións, A-5, túneles, B-3, de formigón pretensado, G-3, con firmes de formigón hidráulico, G-4, con firmes de mesturas bituminosas e K-2, sondaxes, inxeccións e estacadas. A categoría neste subgrupo corresponderá á menor das categorías do A-2, A-5, B-3, G-3, G-4 e K-2.

k) O subgrupo G-3, con firmes de formigón hidráulico e o subgrupo G-4, con firmes de mesturas bituminosas, clasificarán calquera deles o subgrupo G-6, obras viais sen cualificación específica.

l) O subgrupo H-1, oleoductos, clasificará o subgrupo H-2, gasoductos, e o subgrupo H-2, gasoductos clasificará o subgrupo H-1, oleoductos.

m) A clasificación en calquera subgrupo dos I-1 ó I-8, clasificará automaticamente o subgrupo I-9.

### Artigo 36. *Esixencia de clasificación pola Administración.*

A clasificación que os órganos de contratación esixan ós licitadores dun contrato de obras será determinada con suxeición ás normas que seguen.

1. Naquelas obras dunha natureza que corresponda con algún dos tipos establecidos como subgrupo e que non presenten singularidades diferentes das normais e xerais da súa clase, esixirase soamente a clasificación no subgrupo xenérico correspondente.

2. Cando, no caso anterior, as obras presenten singularidades non normais ou xerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obras correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a esixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

a) O número de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.

b) O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á esixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ó 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais.

3. Cando no conxunto das obras se dea a circunstancia de que unha parte delas teña que ser realizada por casas especializadas, como é o caso de determinadas instalacións, poderá establecerse no prego de cláusulas administrativas particulares a obriga ó contratista, salvo que estivese clasificado na especialidade de que se trate, de subcontratar esta parte da obra con outro ou outros clasificados no subgrupo ou subgrupos correspondentes e non lle será esixible ó principal a clasificación neles. O importe de tódalas obras suxeitas a esta obriga de

s  
subcontratar non poderá exceder do 50 por 100 do prezo do contrato.

4. Cando as obras presenten partes fundamentalmente diferenciadas que cada unha delas corresponda a tipos de obra de distinto subgrupo, será esixida a clasificación en todos eles coa mesma limitación sinalada no punto 2, en canto ó seu número e coa posibilidade de proceder como se indica no punto 3.

5. A clasificación nun grupo soamente poderá ser esixida cando pola natureza da obra resulte necesario que o contratista estea clasificado en tódolos seus subgrupos básicos.

6. Cando soamente se esixa a clasificación nun grupo ou subgrupo, a categoría esixible será a que corresponda á anualidade media do contrato, obtida dividindo o seu prezo total polo número de meses do seu prazo de execución e multiplicando por 12 o cociente resultante.

7. Nos casos en que sexa esixida a clasificación en varios subgrupos fixarase a categoría en cada un deles tendo en conta os importes parciais e os prazos tamén parciais que correspondan a cada unha das partes de obra orixinaria dos diversos subgrupos.

8. Nos casos en que se impoña a obriga de subcontratar a que se refire o número 3, a categoría esixible ó subcontratista será a que corresponda á vista do importe da obra que se vai subcontratar e do seu prazo parcial de execución.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> CLASIFICACIÓN DE EMPRESAS CONTRATISTAS DE SERVICIOS

### Artigo 37. *Grupos e subgrupos de clasificación nos contratos de servizos.*

1. Os grupos e subgrupos de actividades por especialidades, de aplicación para a clasificación de empresas nos contratos de servizos, serán os seguintes:

#### *Grupo L) Servizos administrativos*

Subgrupo 1. Servizos auxiliares para traballos administrativos de arquivo e similares.

Subgrupo 2. Servizos de xestión de cobramentos.

Subgrupo 3. Enquisas, toma de datos e servizos análogos.

Subgrupo 4. Lectura de contadores.

Subgrupo 5. Organización e promoción de congresos, feiras e exposicións.

Subgrupo 6. Servizos de portería, control de accesos e información ó público.

#### *Grupo M) Servizos especializados*

Subgrupo 1. Hixienización, desinfección, desinsectación e desratización.

Subgrupo 2. Servizos de seguridade, custodia e protección.

Subgrupo 3. Atención e manexo de instalacións de seguridade.

Subgrupo 4. Artes gráficas.

Subgrupo 5. Servizos de bibliotecas, arquivos e museos.

Subgrupo 6. Hostalería e servizos de comida.

Subgrupo 7. Prevención de incendios forestais.

Subgrupo 8. Servizos de protección de especies.

#### *Grupo N) Servizos cualificados*

Subgrupo 1. Actividades médicas e sanitarias.

Subgrupo 2. Inspección sanitaria de instalacións.

Subgrupo 3. Servizos veterinarios para a saúde.

Subgrupo 4. Servizos de esterilización de material sanitario.

Subgrupo 5. Restauración de obras de arte.

Subgrupo 6. Mantemento, conservación e restauración de materiais cinematográficos e audiovisuais.

#### *Grupo O) Servizos de conservación e mantemento de bens inmobles*

Subgrupo 1. Conservación e mantemento de edificios.

Subgrupo 2. Conservación e mantemento de estradas, pistas, autoestradas, autovías e calzadas.

Subgrupo 3. Conservación e mantemento de redes de auga e redes de sumidoiros.

Subgrupo 4. Conservación e mantemento integral de estacións depuradoras.

Subgrupo 5. Conservación e mantemento de mobiliario urbano.

Subgrupo 6. Conservación e mantemento de montes e xardíns.

Subgrupo 7. Conservación e mantemento de monumentos e edificios singulares.

#### *Grupo P) Servizos de mantemento e reparación de equipamentos e instalacións.*

Subgrupo 1. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións eléctricas e electrónicas.

Subgrupo 2. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanería, conduccións de auga e gas.

Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de calefacción e aire acondicionado.

Subgrupo 4. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de telecomunicación.

Subgrupo 5. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de electromedicina.

Subgrupo 6. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de seguridade e contra incendios.

Subgrupo 7. Mantemento e reparación de equipamentos e maquinaria de oficina.

Subgrupo 8. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de aparellos elevadores e de translación horizontal.

#### *Grupo Q) Servizos de mantemento e reparación de maquinaria*

Subgrupo 1. Mantemento e reparación de maquinaria.

Subgrupo 2. Mantemento e reparación de vehículos automotores, incluídos buques e aeronaves.

Subgrupo 3. Desmontaxe de armamento e destrución de munición.

Subgrupo 4. Desmantelamentos.

#### *Grupo R) Servizos de transportes*

Subgrupo 1. Transporte en xeral.

Subgrupo 2. Traslado de enfermos por calquera medio de transporte.

Subgrupo 3. Transporte e custodia de fondos.

Subgrupo 4. Transporte de obras de arte.

Subgrupo 5. Recollida e transporte de toda clase de residuos.

Subgrupo 6. Servizos aéreos de fumigación, control, vixilancia aérea e extinción de incendios.

Subgrupo 7. Servizos de guindastre.

Subgrupo 8. Remolques de buques.

Subgrupo 9. Servizos de mensaxería, correspondencia e distribución.

s

*Grupo S) Servicios de tratamientos de residuos e refugallos*

- Subgrupo 1. Tratamento e incineración de residuos e refugallos urbanos.
- Subgrupo 2. Tratamento de lodos.
- Subgrupo 3. Tratamento de residuos radioactivos e ácidos.
- Subgrupo 4. Tratamento de residuos de centros sanitarios e clínicas veterinarias.
- Subgrupo 5. Tratamento de residuos oleosos.

*Grupo T) Servicios de contido*

- Subgrupo 1. Servicios de publicidade.
- Subgrupo 2. Servicios de radio e televisión.
- Subgrupo 3. Axencias de noticias.
- Subgrupo 4. Realización de material audiovisual.
- Subgrupo 5. Servicios de tradutores e intérpretes.

*Grupo U) Servicios xerais*

- Subgrupo 1. Servicios de limpeza en xeral.
- Subgrupo 2. Lavandería e tinguidura.
- Subgrupo 3. Almacenaxe.
- Subgrupo 4. Axencias de viaxes.
- Subgrupo 5. Garderías infantís.
- Subgrupo 6. Recollida de carros portaequipaxe en estacións e aeroportos.
- Subgrupo 7. Outros servicios non determinados.

*Grupo V) Servicios de tecnoloxías da información e as comunicacións*

- Subgrupo 1. Servicios de captura de información por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.
- Subgrupo 2. Servicios de desenvolvemento e mantemento de programas de ordenador.
- Subgrupo 3. Servicios de mantemento e reparación de equipamentos e instalacións informáticos e de telecomunicacións.
- Subgrupo 4. Servicios de telecomunicacións.
- Subgrupo 5. Servicios de explotación e control de sistemas informáticos e infraestructuras telemáticas.
- Subgrupo 6. Servicios de certificación electrónica.
- Subgrupo 7. Servicios de avaliación e certificación tecnolóxica.
- Subgrupo 8. Outros servicios informáticos ou de telecomunicacións.

2. As actividades comprendidas en cada un dos subgrupos sinalados detállanse no anexo II.

*Artigo 38. Categorías de clasificación nos contratos de servicios.*

As categorías dos contratos de servicios, ás que se axustará a clasificación das empresas, serán as que se relacionan a seguir en función da súa anualidade media:

Categoría A, cando a anualidade media sexa inferior a 150.000 euros.

Categoría B, cando a anualidade media sexa igual ou superior a 150.000 euros e inferior a 300.000 euros.

Categoría C, cando a anualidade media sexa igual ou superior a 300.000 euros e inferior a 600.000 euros.

Categoría D, cando a anualidade media sexa igual ou superior a 600.000 euros.

*Artigo 39. Clasificación en subgrupos, grupos e categorías.*

1. Clasificación en subgrupos. Para que un contratista poida ser clasificado nun subgrupo do tipo de actividades será preciso que acredite algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ter executado contratos de servicios específicos do subgrupo durante o transcurso dos últimos tres anos.
- b) Cando sen ter executado contratos de servicio específicos do subgrupo nos últimos tres anos se dispoña de suficientes medios financeiros, de persoal técnico experimentado e maquinaria ou equipamentos de especial aplicación ó tipo de actividade a que se refira o subgrupo.

2. Clasificación en grupos. Para que un contratista poida ser clasificado nun grupo de tipo de actividade será preciso que reúna as condicións establecidas para a súa clasificación en tódolos subgrupos do grupo.

3. Clasificación en categorías. A categoría nun subgrupo será fixada tomando como base o máximo importe anual que fose executado polo contratista nos tres últimos anos nun traballo correspondente ó subgrupo. Tamén haberá que considera-lo importe máximo anual executado na totalidade dos traballos do subgrupo, afectado este importe dun coeficiente reductor dependente do número deles.

A maior cifra das básicas obtidas en calquera das dúas formas establecidas no punto anterior poderá ser mellorada nos tantos por cento que a continuación se sinalan:

a) Un 20 por 100 fixo, de aplicación xeral a tódolos contratistas en concepto de natural expansión das empresas.

b) Ata un 50 por 100, segundo cál sexa o número e categoría profesional do seu persoal técnico na súa relación co importe anual medio do traballo executado nos últimos tres anos. Tamén será tomada en consideración, se é o caso, a asistencia técnica contratada.

c) Ata un 70 por 100, en función do importe actual da súa maquinaria, relacionado tamén co importe anual medio dos contratos de servicios executados nos últimos tres anos. Serán tamén considerados os importes pagados polo concepto de aluguer de maquinaria.

d) Ata un 80 por 100, como consecuencia da relación que exista entre o importe medio anual dos fondos propios nos últimos tres exercicios e o importe, tamén medio anual, dos contratos de servicios executados no mesmo período de tempo.

e) Ata un 100 por 100, dependendo do número de anos de experiencia do contratista ou dos importes dos contratos de servicios executados no último trienio.

Tódolos tantos por cento que corresponda aplicar operarán directamente sobre a base, polo que o mínimo aumento que esta poderá experimentar será dun 20 por 100, e o máximo dun 320 por 100.

4. Nos casos comprendidos no número 1, alínea b), tomarase como base para fixa-la categoría das clasificacións que poidan concederse o importe que estimativamente se considere que poida executar anualmente o contratista en contratos de servicios comprendidos no subgrupo de que se trate, tendo en conta para este fin os seus medios persoais, reais e económicos.

5. A categoría alcanzada nun grupo será a mínima das obtidas nos subgrupos que o compoñen.

**Artigo 40. Índice de empresa.**

O índice propio de cada empresa que solicite a súa clasificación virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $I = 1,2 + T + M + F + E$ ,

na que os símbolos establecidos representan:

T = termo correspondente ó seu índice de tecnicidade.  
M = termo correspondente ó seu índice de mecanización.

F = termo correspondente ó seu índice financeiro.

E = termo correspondente á súa experiencia en prestación de servizos.

Este índice de empresa (I) terá un valor mínimo de 1,2 e máximo de 4,2, sendo o dos distintos termos que os compoñen os deducidos na forma que se establece nos artigos que seguen.

**Artigo 41. Índice de tecnicidade.**

1. O índice de tecnicidade dunha empresa é función dependente do número e categoría do seu persoal técnico, tanto o que constitúe o seu cadro de persoal como o representado pola asistencia técnica contratada, e do importe dos traballos de servizos executados.

2. Para os efectos da súa determinación establécese a seguinte escala de puntos:

- a) Técnico superior con máis de cinco anos de experiencia profesional, oito puntos.
- b) Técnico superior con menos de cinco anos de experiencia profesional: seis puntos.
- c) Técnico medio: catro puntos.

3. A asistencia técnica contratada computarase como unha porcentaxe de incremento sobre a puntuación total obtida polo persoal do cadro e será apreciado estimativamente pola comisión de clasificación, considerando a importancia que esta asistencia pode representar en relación co persoal técnico de que dispón a empresa, conforme o seguinte cadro:

Importancia da asistencia técnica contratada .....	Escasa	Media	Elevada
Porcentaxe de incremento na puntuación .....	5	10	15

4. O índice de tecnicidade (t) virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $t = (2 \times 6010 \times S)/V$ , na que «S» é o total de puntos obtidos pola empresa, considerando o seu propio persoal técnico e a asistencia técnica contratada, e «V» o importe anual medio dos traballos de servizos executados no último trienio.

5. O valor do termo correspondente ó índice de tecnicidade (T), que debe ser considerado na fórmula do artigo 40, é o dado polo seguinte cadro de correlacións, no que se establecen catro escalas diferentes, segundo cál sexa a contía do importe anual medio dos traballos de servizos executados no último trienio (V):

V < 90.000	>	-	1,0	1,9	2,8	3,7	4,6
	t =<	1,0	1,9	2,8	3,7	4,6	-

90.000 < V =< 450.000	>	-	1,0	1,8	2,6	3,4	4,2
	t =<	1,0	1,8	2,6	3,4	4,2	-
450.000 < V =< 1.500.000	>	-	1,0	1,6	2,2	2,8	3,4
	t =<	1,0	1,6	2,2	2,8	3,4	-
V > 1.500.000	>	-	1,0	1,4	1,8	2,2	2,6
	t =<	1,0	1,4	1,8	2,2	2,6	-
	T=	0,0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5

**Artigo 42. Índice de mecanización.**

1. O índice de mecanización dunha empresa é unha función dependente do valor actual do seu parque de maquinaria, do importe pagado en concepto de aluguer de maquinaria e do importe dos traballos de servizos executados.

2. O índice de mecanización (m) virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $m = (P+2 \times A)/V$ .

Sendo:

P, o valor actual do parque de maquinaria propiedade da empresa e da que dispoña en réxime de arrendamento financeiro,

A, o importe anual medio pagado por aluguer de maquinaria no último trienio, e

V, o importe anual medio dos traballos de servizos totais executados no último trienio.

3. O valor máximo correspondente ó índice de mecanización (M), que debe ser considerado na fórmula do artigo 40, é o dado polo seguinte cadro de correlacións:

>	-	0,10	0,16	0,22	0,28	0,34	0,40	0,46
=<	0,10	0,16	0,22	0,28	0,34	0,40	0,46	-
M=	0,0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7

**Artigo 43. Índice financeiro.**

1. O índice financeiro dunha empresa é a relación existente entre o importe anual medio dos seus fondos propios ó peche dos seus tres últimos exercicios financeiros (C) e o importe anual medio dos traballos de servizos totais executados no mesmo período de tempo (V), polo que virá dado polo valor obtido na seguinte fórmula:  $f = C/V$ .

2. O valor do termo correspondente ó índice de financiamento (F), que debe ser considerado na fórmula do artigo 40, é o dado polo seguinte cadro de correlacións:

>	-	0,20	0,24	0,28	0,32	0,36	0,40	0,44	0,48
f =<	0,20	0,24	0,28	0,32	0,36	0,40	0,44	0,48	-
F=	0,0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8

**Artigo 44. Experiencia en contratos de servicios.**

O termo da experiencia en contratos de servicios da empresa (E), que debe ser considerado na fórmula do artigo 40, será o maior que corresponda, considerando, ben os seus anos de antigüidade na actividade, ben o importe total dos traballos de servicios executados no último trienio, conforme o seguinte cadro:

Anos de experiencia > <	-	2	5	10	15	20
	2	5	10	15	20	-
Importe de traballos de servicios executados > < no último trienio	-	150.000	450.000	750.000	1.050.000	1.350.000
	1.500.000	450.000	750.000	1.050.000	1.350.000	-
E =	0,0	0,2	0,4	0,6	0,8	1

**Artigo 45. Clasificación directa en subgrupos e en casos especiais.**

**A) Clasificación directa en subgrupos.**

1. Para determina-las posibilidades de execución anual dunha empresa de servicios dun subgrupo dos establecidos no artigo 37 aplicarase a seguinte fórmula:  $K = O \times I$ , na que os símbolos establecidos representan:

O, máximo importe anual executado pola empresa nun contrato do subgrupo.

I, índice propio da empresa.

2. Considerarase como máximo importe anual executado por unha empresa nun subgrupo (O) o maior dos dous valores seguintes:

a) O importe da anualidade máxima executado nun contrato do subgrupo no último trienio.

b) Máximo valor que resulte no trienio ó multiplica-lo importe executado en cada ano deste na totalidade dos contratos do subgrupo, por un coeficiente dependente do número deles en execución simultánea, dado polo seguinte cadro:

Número de contratos	1	2	3	4 ou máis
Coeficiente	1	0,9	0,8	0,7

3. O valor obtido na fórmula do epígrafe A)1 determinará a categoría que, no subgrupo de que se trate, lle corresponda á empresa de servicios conforme o seguinte cadro:

K > <	-	150.000	300.000	600.000
	150.000	300.000	600.000	-
Categoría	a	b	c	d

Non obstante a clasificación que resulte da comparación coa escala anterior, non poderá ser outorgada unha categoría superior en máis dun grao da referida escala á que lle correspondería pola mera consideración do valor de O multiplicado por 1,2.

**B) Clasificación en casos especiais.**

1. Entenderanse como casos especiais de clasificación todos aqueles nos que non teña aplicación directa a fórmula do epígrafe A)1, por non ter realizado a empresa no último trienio ningún traballo do tipo para o que solicita clasificación.

2. En tódolos casos especiais a procedencia da clasificación será o resultado estimativo das posibilidades que encerra a empresa para a execución do tipo de traballo de que se trate, deducido do exame dos extremos seguintes:

a) Experiencia do persoal directivo e técnico no tipo de traballo que corresponda ó subgrupo solicitado.

b) Maquinaria e equipamentos de que dispoña de especial aplicación ó tipo de traballo de que se trate.

3. Unha vez estimada a procedencia da clasificación no subgrupo solicitado, determinarase a categoría que lle corresponde neste, mediante aplicación da fórmula do epígrafe A) 1, fixando por apreciación o valor que debe adoptarse para o factor O representativo do máximo importe anual que se considera que pode ser actualmente executado pola empresa nos traballos de servicios do subgrupo.

**Artigo 46. Esixencia da clasificación pola Administración.**

A clasificación que os órganos de contratación esixan ós licitadores dun contrato de servicios será determinada con suxeición ó disposto no artigo 36, con excepción do seu número 4, e coa salvidade de que o número de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, a que se refire o seu número 2, alínea a), non poderá ser superior a dous.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DISPOSICIÓNS COMÚNS Á CLASIFICACIÓN DE EMPRESAS CONTRATISTAS DE OBRAS E DE SERVICIOS**

**Artigo 47. Solicitudes de clasificación e documentación que se incorporarán ó expediente.**

O expediente de clasificación das empresas iniciarase a petición destas, que se presentará na forma regulada na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e mediante formulario tipo, aprobado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que estará integrado polos seguintes documentos:

1. Solicitud de clasificación da empresa, na que se acreditará a denominación social correspondente ou o nome da persoa física en supostos de empresarios individuais, o domicilio, o número de identificación fiscal e os subgrupos en que desexa obter clasificación.

2. Documentos de acreditación das características xurídicas da empresa:

a) Acreditación da personalidade xurídica e da capacidade de obrar nas persoas xurídicas de conformidade co artigo 15 da lei e artigos 9 e 10 deste regulamento. O obxecto social das persoas xurídicas deberá comprender-las actividades incluídas nos subgrupos en que se solicite clasificación.

b) Declaración de non concorrer ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 20 da lei e acreditación de estar ó día no cumprimento

s das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos nos artigos 13 a 16 deste regulamento.

c) Nas solicitudes formuladas por persoas xurídicas o capital das cales estea dividido en accións ou participacións de carácter nominativo, declaración do secretario do consello de administración ou administrador sobre distribución do capital social e titularidade deste.

3. Documentos de acreditación da organización da empresa:

a) Cadro de directivos da empresa. Declaración sobre a composición e integrantes dos órganos de dirección e de administración.

b) Xustificación, que faga fe, da representación e do apoderamento.

4. Documentación para acreditar os medios financeiros da empresa:

a) Para as sociedades, as contas anuais dos dous últimos exercicios presentados no Rexistro Mercantil ou no correspondente rexistro oficial. Para os empresarios individuais, contas anuais dos dous últimos exercicios pechados, se existe obriga formal, declaracións do imposto sobre o patrimonio, correspondente ós tres últimos anos, e en defecto dalgunha destas declaracións, as do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Declaración, respecto dos tres últimos exercicios, da cifra global correspondente ó volume de negocios da empresa e da referida exclusivamente á execución dos contratos relacionados coas actividades en que se desexa obter clasificación, expresando as obrigas contraídas que en tal período foron cumpridas e as que se atopan en execución, indicando, neste caso, a data prevista de conclusión.

5. Documentación para acreditar os medios persoais da empresa:

a) Relación de persoal técnico profesional de titulación universitaria vinculado á execución dos contratos.

b) Relación de persoal técnico profesional sen titulación universitaria vinculado á execución dos contratos.

c) Declaración dos efectivos persoais medios da empresa nos tres últimos anos.

6. Documentación para acreditar os medios materiais da empresa: relación de maquinaria, material e equipamentos á disposición da empresa, en propiedade, en arrendamento ou en arrendamento financeiro, para a execución das actividades dos subgrupos de clasificación solicitados, achegando a xustificación documental de tal dispoñibilidade.

7. Documentación para acreditar a experiencia na execución de traballos relacionados coas actividades dos subgrupos de clasificación solicitados:

A) Para os contratos de obras: por cada subgrupo que solicite a empresa presentará relación das obras correspondentes a esa actividade, realizadas durante os últimos cinco anos, indicando se os traballos se levaron a cabo directamente ou mediante subcontratos. A relación irá acompañada dos certificados de boa execución das máis importantes.

Os certificados cumprirán as seguintes condicións:

a) Describirán sucintamente os traballos realizados, coa información relevante sobre as cantidades e valores de aplicación e con expresión das características que os definen e dos materiais empregados.

b) Incluirán confirmación de que a totalidade da obra contratada foi satisfactoriamente terminada.

c) Os certificados de obras realizadas para as administracións públicas serán expedidos polo director da obra e serán referendados coa conformidade da entidade contratante.

d) Os certificados de execución de obras realizadas para entidades privadas serán expedidos polo director da obra e serán referendados coa conformidade da entidade contratante.

e) Os certificados de execución de obras realizadas en xestión propia serán expedidos polo director da obra e serán visados polo correspondente colexio oficial.

f) Os certificados a que se refire este punto serán redactados de maneira que conteñan a totalidade dos datos que se expoñen nos modelos que figuren no expediente formulario tipo de tramitación da clasificación da empresa.

B) Para os contratos de servizos: por cada subgrupo que solicite, a empresa presentará relación dos servizos correspondentes a esa actividade realizados durante os últimos tres anos, indicando se os traballos se levaron a cabo directamente ou mediante subcontratos. Irán acompañados dos certificados de boa execución.

Os certificados cumprirán as condicións seguintes:

a) Describirán sucintamente os traballos realizados, coa información relevante sobre os valores de aplicación e os prazos de execución correspondentes.

b) Os certificados de execución de servizos realizados para as administracións públicas serán expedidos por persoa responsable e serán referendados coa conformidade da entidade contratante.

c) Os certificados de execución de servizos realizados para entidades privadas serán expedidos por persoa responsable da súa execución e serán referendados coa conformidade da entidade contratante.

d) Poderanse ter en conta os certificados de execución de servizos realizados en xestión propia, que sexan expedidos polo director responsable.

Os certificados a que se refire esta alínea serán redactados de maneira que conteñan a totalidade dos datos que se expoñen nos modelos que figuren no expediente formulario da clasificación da empresa.

8. Documentación complementaria: o expediente formulario tipo irá acompañado da documentación seguinte:

a) Copia do documento nacional de identidade das persoas que asinen a solicitude.

b) Copia da declaración anual de operacións con terceiros, compras e vendas dos tres últimos exercicios.

c) Copia da declaración do cuarto trimestre do ano anterior, do resumo anual dos dous últimos anos e das declaracións parciais do ano en curso do imposto sobre o valor engadido ou tributo equivalente nos territorios en que non rexe o devandito imposto.

d) Informe da vida laboral da empresa referido ó último mes, para cada unha das contas de cotización na actividade de construción ou na actividade de servizos, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Nos informes deberán constar os seguintes datos: actividade da empresa, relación nominal dos traballadores, grupo de cotización ó que están adscritos, datas de alta e baixa, tipo de contrato e número de días cotizados.

e) Certificado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se indique o número anual medio de traballadores empregados pola empresa durante os tres últimos anos.

f) A dispoñibilidade da autorización ou documento habilitante para exercer a actividade correspondente a un subgrupo, cando este requisito proceda legalmente.

Artigo 48. *Expedientes de revisión de clasificacións.*

1. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa poderá revisa-las clasificacións acordadas en canto teña coñecemento da existencia de circunstancias que poidan



s  
diminuí-las condicións de solvencia que serviron de base para a clasificación concedida, para o efecto do cal os órganos de contratación deberán informa-la Xunta destas circunstancias se tivesen coñecemento delas.

2. Os empresarios clasificados poden promover un expediente de revisión das clasificacións obtidas tan pronto melloren as súas condicións de solvencia, e están obrigados a promover de estas condicións experimentaren unha diminución determinante da variación das súas clasificacións.

3. Os expedientes de revisión de clasificacións tramitaranse de igual forma e cos mesmos requisitos cós expedientes de clasificación. De seren iniciados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa será preceptivo o trámite de audiencia ó interesado no momento inmediatamente anterior á proposta de resolución.

4. Os expedientes de revisión de clasificación das empresas abrangerán á totalidade dos subgrupos nos que figuren con clasificación en vigor.

#### Artigo 49. *Informes e propostas de resolución.*

Os expedientes de clasificación e revisión de clasificacións poderán remitirse a informe dos departamentos ministeriais, organismos e entidades que se considere conveniente. Unha vez tramitado o expediente, a Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa elaborará unha proposta de resolución que someterá á Comisión de Clasificación.

#### Artigo 50. *Extensión de efectos xerais dos acordos de clasificación adoptados polas comunidades autónomas.*

1. Para os efectos establecidos no parágrafo segundo do artigo 28.3 e no parágrafo primeiro do artigo 34.3 da lei, as empresas solicitarán ó órgano que asigne a clasificación de empresas da súa respectiva comunidade autónoma que o acordo de clasificación adoptado teña efectos xerais ante calquera órgano de contratación das administracións públicas distintos dos da comunidade autónoma que lle outorgou a clasificación. Recibida a petición da empresa, o órgano que concedeu a clasificación acordará, no prazo de quince días, a remisión do expediente tramitado, así como do acordo adoptado sobre este, tanto respecto das clasificacións outorgadas como respecto daquelas que, se é o caso, fosen denegadas, á Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, indicando a comisión de clasificación que corresponda en función do tipo de actividade obxecto de clasificación.

2. Recibido o expediente na Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ordenarase a tramitación do correspondente procedemento, que versará unicamente sobre o exame dos acordos de clasificación adoptados respecto da aplicación dos criterios contidos na lexislación aplicable polas comisións de clasificación de contratistas de obras ou de empresas de servizos en relación coas características da empresa e o cumprimento dos criterios de valoración determinados nos artigos 30 a 35 e 40 a 45 deste regulamento.

3. Cando a comisión de clasificación, examinada a documentación recibida, considere que non procede adopta-lo acordo a que se refire a alínea anterior, comunicarlle ó órgano da comunidade autónoma que adoptou o acordo de clasificación remitido as incidencias que observe respecto da aplicación dos criterios de valoración a que fai referencia o número 2, co fin de que este formule as observacións e achegue os xustificantes relativos ó acordo de clasificación adoptado respecto da valoración de tales criterios, nun prazo de quince días, quedando suspendido o cómputo do prazo de tra-

mitación do expediente desde a data de comunicación cursada ó órgano que adoptou o devandito acordo, ata que se reciba o correspondente informe e xustificantes. O cómputo do prazo citado iniciárase novamente a partir do momento en que se reciba a citada información.

4. A comisión de clasificación correspondente, nun prazo de tempo non superior a corenta e cinco días, deberá determina-lo acordo correspondente, que será notificado á empresa e ó órgano da comunidade autónoma que remitiu o expediente, con devolución deste, logo da súa reprodución, debidamente compulsado, que quedará arquivado na Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

5. Os acordos que adopten as comisións de clasificación limitaranse a pronunciarse sobre a procedencia de inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas dos acordos adoptados polos órganos correspondentes das comunidades autónomas, sen que poidan modificalos.

6. Transcorrido o prazo para a adopción do acordo respecto da extensión con efectos xerais ás restantes administracións públicas das clasificacións acordadas polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma, producirase a inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do acordo de clasificación adoptado por aquel.

#### Artigo 51. *Comprobación polas mesas de contratación das clasificacións.*

As mesas de contratación, na cualificación previa da documentación presentada polos licitadores, comprobaran se estes se atopan clasificados nos subgrupos esixidos e con categorías neles iguais ou superiores ás establecidas para os meses no prego de cláusulas administrativas particulares, procedendo a rexeita-las que non cumpran este requisito. Cando concorran empresas non españolas dun estado membro da Comunidade Europea, haberá que averse ó disposto nos artigos 25.2 e 26.2 da lei e 9.2 deste regulamento.

Cando o licitador sexa unha unión temporal de empresarios clasificados individualmente, comprobaran se entre todos reúnen a totalidade dos subgrupos esixidos. En canto ás categorías nestes subgrupos, a comprobación terá lugar de acordo co establecido no artigo seguinte.

#### Artigo 52. *Réxime da acumulación das clasificacións nas unións temporais de empresas.*

1. Para os efectos establecidos nos artigos 24.2 e 31.2 da lei, será requisito básico para a acumulación das características de cada un dos integrantes nas unións temporais de empresas, e en concreto para a súa clasificación polo órgano de contratación, por medio da mesa de contratación, que tódalas empresas que concorran á licitación do contrato obtiveran previamente clasificación como empresas de obras ou como empresas de servizos en función do tipo de contrato para que sexa esixible a clasificación, salvo cando se trate de empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea, caso no que, para a valoración da súa solvencia concreta respecto da unión temporal, haberá que averse ó disposto nos artigos 15.2, 16, 17 e 19 da lei.

2. Cando para unha licitación se esixa clasificación nun determinado subgrupo e un integrante da unión temporal estea clasificado no devandito subgrupo con categoría igual ou superior á pedida, a unión temporal alcanzará a clasificación esixida.

3. Cando para unha licitación se esixa clasificación en varios subgrupos, e os integrantes da unión temporal de empresarios estean clasificados individualmente en diferentes subgrupos, a unión de empresarios alcanzará

s clasificación na totalidade deles coas máximas categorías posuídas individualmente.

4. Cando varias das empresas estean clasificadas no mesmo grupo ou subgrupo dos esixidos, a categoría da unión temporal, no devandito grupo ou subgrupo, será a que corresponda á suma dos valores medios ( $V_m$ ) dos intervalos das respectivas categorías posuídas, nese grupo ou subgrupo, por cada unha das empresas, sempre que na unión temporal participen cunha porcentaxe mínima do 20 por 100.

Para obte-lo valor medio ( $V_m$ ) das categorías aplicárase a seguinte fórmula:

$$V_m = \frac{\text{Límite inferior} + \text{Límite superior}}{2}$$

Cando algunha das empresas non participe, polo menos, coa mencionada porcentaxe do 20 por 100, ó valor medio do intervalo da categoría aplicaráselle un coeficiente reductor igual á súa porcentaxe de participación, na devandita execución, dividido por 20. Para estes efectos, no caso da máxima categoría aplicable ó subgrupo, para o cálculo do valor medio do seu intervalo, considerarase que o seu valor máximo é o dobre do valor mínimo.

**Artigo 53.** *Expedientes de suspensión de clasificacións e comunicación e publicidade dos acordos de suspensión de clasificacións e de prohibición de contratar.*

1. Os expedientes de suspensión de clasificacións serán tramitados pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que acordará a súa iniciación de oficio, xa sexa por iniciativa propia ou por petición de calquera órgano de contratación.

2. Nestes expedientes daráselle audiencia ó interesado no momento inmediatamente anterior á redacción da proposta de resolución.

3. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa comunicará ós órganos que determinen as comunidades autónomas, para tal efecto, os acordos que sobre suspensión de clasificacións adopte o ministro de Facenda, indicando os datos da empresa que corresponda e o prazo de duración da suspensión de clasificación. Cando a causa que determine a suspensión de clasificación implique a súa duración indefinida, indicárase tal circunstancia na comunicación que se curse. En tal suposto, notificaráselle ó mesmo órgano da comunidade autónoma o cesamento da causa que motiva o acordo de suspensión cando a empresa acredite tal feito á citada Xunta Consultiva.

4. Os órganos competentes para conceder as clasificacións no ámbito das respectivas comunidades autónomas que exerzan tal competencia notificarán á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Administración xeral do Estado os acordos que se adopten sobre suspensión das clasificacións concedidas por eles, indicando, se é o caso, se a causa que o motiva corresponde con algunha das que relacionan nos números 3 e 4 do artigo 33 da lei.

Cando se acordase a extensión da clasificación concedida ó resto das administracións públicas, en función do disposto no artigo 34.3 da lei, o acordo adoptado dará lugar á extensión da suspensión da clasificación ás restantes administracións públicas.

5. Os acordos de suspensión das clasificacións adoptados polas distintas administracións públicas serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» e, se é o caso, nos diarios ou boletíns oficiais da correspondente comunidade autónoma.

A inserción de anuncios no «Boletín Oficial del Estado», tanto respecto das suspensións de clasificación coma sobre as declaracións da prohibición para contratar e de cantos procedan efectuar pola tramitación dos correspondentes expedientes, será gratuíta.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> REXISTRO OFICIAL DE EMPRESAS CLASIFICADAS

**Artigo 54.** *Contido da inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas.*

A inscrición no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas conterá os seguintes datos:

1. Nome ou razón social do empresario.
2. Número de identificación fiscal.
3. Domicilio.
4. Grupos e subgrupos nos que se atopa clasificado o empresario, con expresión da categoría obtida en cada un deles.
5. Data do acordo de clasificación e prazo de vixencia desta.
6. Acordos de prohibición de contratar e de suspensión de clasificacións.

### CAPÍTULO III

#### Das garantías esixibles nos contratos coas administracións públicas

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> CLASES DE GARANTÍAS SEGUNDO O SEU OBXECTO

**Artigo 55.** *Garantía constituída en valores.*

1. Consideraranse aptos para servir de garantía provisional ou definitiva na contratación coa Administración os valores sinalados no artigo 35.1, alínea a), da lei, que cumpran as seguintes condicións:

a) Que teñan a consideración de valores de elevada liquidez, nos termos que estableza o ministro de Facenda. Para estes efectos, considéranse incluídos nestes últimos, ademais da débeda pública, as participacións nos fondos de investimento que, conforme o seu regulamento de xestión, invistan exclusivamente en activos do mercado monetario ou de renda fixa, e

b) Que estean representados en anotacións en conta ou, no caso de participacións en fondos de investimento, en certificados nominativos.

2. A inmovilización rexistral dos valores realizarase de conformidade coa normativa reguladora dos mercados nos que se negocien, debendo inscribirse a garantía no rexistro contable no que figuren anotados os devanditos valores, conforme o disposto no artigo 10 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

O contratista instará da entidade encargada de levalo rexistro contable no que estean anotados os valores a inmovilización destes. Da devandita anotación expedirase a correspondente certificación, que será posta polo interesado á disposición do órgano ante o que se constituía a garantía, de acordo co establecido no artigo 61 deste regulamento.

3. Na data da inmovilización, os valores obxecto de garantía deberán:

a) Ter un valor nominal igual ou superior á garantía esixida, e

b) Ter un valor de realización igual ou superior ó 105 por 100 do valor da garantía esixida.

4. Os valores afectos á garantía deberán estar libres de toda carga ou gravame no momento de constituírse a garantía e, posteriormente, non poderán quedar gra-

s vados por ningún outro acto ou negocio xurídico que prexudique a garantía durante a vixencia desta.

5. Os rendementos xerados polos valores non quedarán afectos á garantía constituída.

6. A constitución da garantía en valores axustarase ós modelos que figuran nos anexos III e IV deste regulamento.

#### Artigo 56. *Garantía constituída mediante aval.*

1. Para a súa admisión como garantía provisional ou definitiva na contratación coa Administración, os avais deberán reuni-las seguintes características:

a) O aval debe ser solidario respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e pagoiro ó primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes, e

b) O aval será de duración indefinida, e permanecerá vixente ata que o órgano á disposición do cal se constituía resolva expresamente declara-la extinción da obriga garantida e a cancelación do aval, sen prexuízo do establecido no artigo 65.1 deste regulamento. A Administración quedará obrigada a efectua-la devandita declaración de concorreren os requisitos legalmente establecidos para considerar extinguida a obriga garantida.

2. As entidades avalistas deberán cumpri-los seguintes requisitos:

a) Non estar en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia do non pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais. Para este efecto, a Administración poderá rexeita-la admisión de avais provenientes de bancos ou entidades que mantivesen impagados os importes de avais xa executados trinta días naturais despois de se recibir na entidade o primeiro requirimento de pagamento.

b) Non estar en situación de suspensión de pagamentos ou quebra.

c) Non estar suspendida ou extinguida a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade.

3. O cumprimento dos requisitos esixidos no número 2 acreditarase por declaración responsable da entidade avalista, segundo o modelo que figura no anexo V deste regulamento.

#### Artigo 57. *Garantía constituída mediante contrato de seguro de caución.*

1. A garantía provisional e definitiva para a contratación coa Administración poderá constituírse mediante contrato de seguro de caución, sempre que este se celebre cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España no ramo do seguro de caución e que a devandita entidade cumpra os seguintes requisitos:

a) Non estar en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia do non pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores seguros de caución. Para este efecto, a Administración poderá rexeita-la admisión de contratos de seguro de caución asinados con entidades que mantivesen impagados os importes correspondentes a contratos de seguro xa executados trinta días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento.

b) Non estar en situación de suspensión de pagamentos ou quebra.

c) Non estar sometida a medida de control especial ou extinguida a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade.

O cumprimento destes requisitos acreditarase por declaración responsable da entidade aseguradora segundo o modelo que figura no anexo VI deste regulamento.

2. A garantía producirá efectos ata que o asegurado, ou quen actúe no seu nome, autorice expresamente a súa cancelación ou devolución.

O prazo de duración do seguro de caución como garantía no ámbito da contratación das administracións públicas será o da obriga ou obrigas garantidas, sen prexuízo do establecido no artigo 65.1 deste regulamento. Se a duración destas superase os dez anos, o contratista ficará obrigado a prestar unha nova garantía durante o último mes do prazo indicado, salvo que se acredite debidamente a prórroga do contrato de seguro.

3. O asegurador asume o compromiso de indemniza-lo asegurado ó primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou das caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes, nos termos establecidos na lei.

4. Para os efectos do establecido no artigo 61 deste regulamento, a garantía deberá constituírse en forma de certificado individual de seguro, coa mesma extensión e garantías cós resultantes da póliza. O devandito certificado individual deberá facer referencia expresa a que a falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ó asegurador a resolve-lo contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspenderá, nin este liberado da súa obriga, no caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía, así como a que o asegurador non poderá opor ó asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

#### Artigo 58. *Poderes en avais e seguro de caución.*

1. Os avais e os certificados de seguro de caución que se constitúen como garantías provisionais ou definitivas, deberán ser autorizados por apoderados da entidade avalista ou aseguradora que teñan poder abondo para obrigala.

2. A suficiencia destes poderes deberá ser verificada previamente e por unha soa vez pola Asesoría Xurídica da Caixa Xeral de Depósitos ou pola Avogacía do Estado da provincia cando se trate de sucursais ou polos órganos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes. Non obstante, se o poder se outorgou para garantir ó interesado nun concreto e singular procedemento e forma de adxudicación ou contrato, a verificación da suficiencia será realizada con carácter previo polo órgano que teña atribuído o asesoramento xurídico do órgano de contratación.

No texto do aval ou do certificado de seguro de caución farase referencia ó cumprimento deste requisito.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> GARANTÍAS COMPLEMENTARIAS E FORMALIZACIÓN DE VARIACIÓNS DE GARANTÍAS

#### Artigo 59. *Garantías complementarias.*

Para os efectos previstos no artigo 36.3 da lei, consideraranse casos especiais aqueles contratos nos que, dado o risco que asume o órgano de contratación pola súa especial natureza, réxime de pagamentos ou condicións do cumprimento do contrato, resulte aconsellable incrementa-la porcentaxe da garantía definitiva, o que deberá acordarse en resolución motivada.

#### Artigo 60. *Formalización das variacións das garantías.*

Tódalas variacións que experimenten as garantías serán formalizadas en documento administrativo, que se incorporará ó expediente, e axustaranse ós modelos que se establecen nos anexos III, IV, V e VI deste regulamento, para cada tipo de garantía.

S

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> CONSTITUCIÓN, EXECUCIÓN E CANCELACIÓN  
DE GARANTÍAS

Artigo 61. *Constitución das garantías.*

1. As garantías provisionais constituiranse:

a) Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, encadradas nas delegacións provinciais de Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais, cando se trate de garantías en metálico ou valores.

b) Cando se trate de aval ou seguro de caución, ante o órgano de contratación, incorporándose a garantía ó expediente de contratación, sen prexuízo de que a súa execución a efectúen os órganos sinalados no parágrafo anterior.

No caso de unións temporais de empresarios, as garantías provisionais poderán ser constituídas por unha ou varias das empresas participantes, sempre que en conxunto se alcance a contía requirida no artigo 35 da lei e garanta solidariamente a tódolos integrantes da unión temporal.

2. As garantías definitivas, especiais e complementarias constituiranse en todo caso na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais ou nas caixas ou nos establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes.

3. Cando as garantías se constituán ante os establecementos sinalados no número 1, alínea a), deste artigo, acreditarase a súa constitución mediante a entrega ó órgano de contratación do xustificante expedido por aqueles.

4. A constitución de garantías axustarase ós modelos que se indican nos anexos III, IV, V e VI deste regulamento e no caso de inmovilización de débeda pública, ó certificado que corresponda conforme a súa normativa específica.

5. Cando, de conformidade co artigo 41.3 da lei, a garantía se constituía mediante retención do prezo levárase a cabo no primeiro aboamento ou, de se-lo caso, no pagamento do importe total do contrato.

6. Nos contratos que se celebren no estranxeiro, as garantías de todo tipo que se constituán para responder do cumprimento do contrato ou dos pagamentos anticipados que se lle fixesen ó contratista depositaranse nas sedes da respectiva misión diplomática permanente ou oficina consular.

Artigo 62. *Efectos da retirada da proposición, da falta de constitución de garantía definitiva ou da falta de formalización do contrato respecto da garantía provisional.*

1. Se algún licitador retira a súa proposición inxustificadamente antes da adxudicación ou se o adxudicatario non constituí a garantía definitiva ou, por causas imputables a este, non puidese formalizarse en prazo o contrato, procederase á execución da garantía provisional e ó seu ingreso no Tesouro Público ou á súa transferencia ós organismos ou entidades no favor das cales quedou constituída. Para tal efecto, solicitarase a incautación da garantía á Caixa Xeral de Depósitos ou ós órganos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais onde quedou constituída.

2. Para os efectos do punto anterior, a falta de contestación á solicitude de información a que se refire o artigo 83.3 da lei, ou o recoñecemento por parte do licitador de que a súa proposición padece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, terán a consideración de retirada inxustificada da proposición.

Artigo 63. *Execución de garantías.*

A Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento público equivalente da comunidade autónoma ou entidade local, executará as garantías por instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Artigo 64. *Cancelación de garantías provisionais.*

1. Unha vez constituída a garantía definitiva, deberá ser cancelada a garantía provisional do adxudicatario, se se prestou mediante aval ou seguro de caución.

2. Se a mesma garantía provisional se constituíu en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplica-lo seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

Artigo 65. *Devolución e embargo de garantías.*

1. A garantía provisional permanecerá vixente ata a proposta de adxudicación na poxa ou ata que o órgano de contratación adxudique o contrato no concurso ou no procedemento negociado. Nestes supostos, a garantía quedará extinguida, acordándose a súa devolución na proposta de adxudicación ou na adxudicación mesma, para tódolos licitadores, agás para o empresario incluído na proposta de adxudicación ou para o adxudicatario, ós que se lles reterá a garantía provisional ata a formalización do contrato. En todo caso, deberá terse en conta a prevención contida no artigo 35.3 da lei.

2. O acordo do órgano de contratación sobre a cancelación e a devolución da garantía definitiva seralle comunicado por este, se é o caso, á Caixa Xeral de Depósitos ou órgano ante o que estea constituída a devandita garantía.

3. A Caixa Xeral de Depósitos ou as súas sucursais ou órgano ante o que estean constituídas absteranse de devolver-las garantías en metálico ou en valores, mesmo que resultase procedente por inexistencia de responsabilidades derivadas do contrato, cando medie providencia de embargo dictada por un órgano xurisdiccional ou administrativo competente. Para estes efectos, as citadas providencias deberán ser dirixidas directamente ó órgano ante o que estean constituídas as devanditas garantías.

TÍTULO III

Das actuacións relativas á contratación

CAPÍTULO I

Dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas

Artigo 66. *Pregos de cláusulas administrativas xerais.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas xerais conterán as declaracións xurídicas, económicas e administrativas, que serán de aplicación, en principio, a tódolos contratos dun obxecto análogo ademais das establecidas na lexislación de contratos das administracións públicas.

2. Os pregos referiranse ós seguintes aspectos dos efectos do contrato:

- Execución do contrato e as súas incidencias.
- Dereitos e obrigas das partes, réxime económico.
- Modificacións do contrato, supostos e límites.
- Resolución do contrato.
- Extinción do contrato, recepción, prazo de garantía e liquidación.

s

**Artigo 67. Contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares.**

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares conterán aquelas declaracións que sexan específicas do contrato de que se trate e do procedemento e forma de adxudicación, as que se considere pertinente incluír e non figuren no prego de cláusulas administrativas xerais que, se é o caso, resulte de aplicación ou estean en contradicción con algunha delas e as que figurando nel non teñan que rexer por causa xustificada no contrato de que se trate.

2. Os pregos de cláusulas administrativas particulares serán redactados polo servizo competente e deberán conter con carácter xeral para tódolos contratos os seguintes datos:

a) Definición do obxecto do contrato, con expresión da codificación correspondente da nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por Actividades 1996 (CNPA-1996), aprobada polo Real decreto 81/1996, do 26 de xaneiro, e, se é o caso, dos lotes. Cando o contrato sexa igual ou superior ós importes que se determinan nos artigos 135.1, 177.2 e 203.2 da lei deberá indicar, ademais, a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, establecida pola Recomendación da Comisión Europea do 30 de xullo de 1996, publicada no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» L 222 e S 169, ámbolos dous do 3 de setembro de 1996.

b) Necesidades administrativas que se satisfarán mediante o contrato e os factores de toda orde que hai que ter en conta.

c) Orzamento base de licitación formulado pola Administración, coa excepción prevista no artigo 85, alínea a), da lei, e a súa distribución en anualidades, se é o caso.

d) Mención expresa da existencia dos créditos precisos para atende-las obrigas que deriven para a Administración do cumprimento do contrato ata a súa conclusión, agás nos supostos a que se refire o artigo 69.4 da lei, nos que se consignará que existe normalmente crédito ou ben que está prevista a súa existencia nos orzamentos xerais do Estado, ou expresión de que o contrato non orixina gastos para a Administración.

e) Prazo de execución ou de duración do contrato, con determinación, de se-lo caso, das prórrogas de duración, que serán acordadas de forma expresa.

f) Procedemento e forma de adxudicación do contrato.

g) Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación do contrato a que se refire o artigo 78.1 da lei, tanto en boletíns oficiais, como, de se-lo caso, noutros medios de difusión, que debe aboa-lo adxudicatario.

h) Documentos que deben presenta-los licitadores, así como a forma e contido das proposicións.

i) Criterios para a adxudicación do concurso, por orde decrecente de importancia, e a súa ponderación.

j) Indicación expresa, se é o caso, da autorización de variantes ou alternativas, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que son admitidas.

k) De se-lo caso, cando o contrato se adxudique mediante forma de concurso, os criterios obxectivos, entre eles o prezo, que serán valorados para determinar que unha proposición non pode ser cumprida por ser considerada temeraria ou desproporcionada.

l) Cando o contrato se adxudique por procedemento negociado, os aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de negociación.

m) Garantías provisionais e definitivas, así como, se é o caso, garantías complementarias.

n) Dereitos e obrigas específicas das partes do contrato e documentación incorporada ó expediente que ten carácter contractual.

ñ) Referencia ó réxime de pagamentos.

o) Fórmula ou índice oficial aplicable á revisión de prezos ou indicación expresa da súa improcedencia conforme o artigo 103.3 da lei.

p) Causas especiais de resolución do contrato.

q) Supostos en que, se é o caso, os incumprimentos de carácter parcial serán causa de resolución do contrato.

r) Especial mención das penalidades administrativas que sexan de aplicación en cumprimento do establecido no artigo 95 da lei.

s) Se é o caso, prazo especial de recepción do contrato a que se refire o artigo 110.2 da lei.

t) Prazo de garantía do contrato ou xustificación do seu non establecemento e especificación do momento en que comeza a transcorre-lo seu cómputo.

u) Se é o caso, parte ou tanto por cento das prestacións susceptibles de seren subcontratadas polo contratista.

v) Se é o caso, obriga do contratista de garda-lo sxiilo sobre o contido do contrato adxudicado.

w) Expresa submisión á lexislación de contratos das administracións públicas e ó prego de cláusulas administrativas xerais que sexa aplicable, con especial referencia, de se-lo caso, ás estipulacións contrarias a este último que se inclúan como consecuencia do previsto no artigo 50 da lei.

x) Os restantes datos e circunstancias que se esixan para cada caso concreto por outros preceptos da lei e deste regulamento ou que o órgano de contratación estime necesario para cada contrato singular.

3. Nos contratos de obras os pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos datos expresados no número anterior, conterán os seguintes:

a) Referencia ó proxecto e mención expresa dos documentos deste que revistan carácter contractual.

b) Criterios de selección baseados nos medios de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica conforme os artigos 16 e 17 da lei ou clasificación da que deben dispo-los candidatos cando o orzamento base de licitación sexa igual ou superior ó importe determinado no artigo 25.1 da lei.

c) Prazo total de execución do contrato e indicación dos prazos parciais correspondentes se a Administración estima oportuno estes últimos ou referencia á súa fixación na aprobación do programa de traballo, sinalando, se é o caso, cáles darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 147.5 da lei.

d) Frecuencias de expedición de certificacións de obras.

e) Condicións e requisitos para o pagamento á conta de actuacións preparatorias, almacenamento de materiais e equipamentos de maquinaria adscritos ás obras.

f) Expresión das condicións da fiscalización e da aprobación de gasto nos supostos previstos no artigo 125.4 da lei.

g) Prazo para determina-la opción de renuncia á execución do contrato por parte do órgano de contratación nos supostos previstos no artigo 125.5 da lei.

h) Especificación da dirección da execución do contrato e forma de cursa-las instrucións para o cumprimento do contrato.

i) Se é o caso, imputación ó órgano de contratación ou ó contratista dos gastos que se orixinen como consecuencia da realización de ensaios e análise de materiais e unidades de obra ou de informes específicos sobre eles.

s

4. Nos contratos de xestión de servizos públicos os pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos datos expresados no número 2, conterán os seguintes:

a) Réxime xurídico básico que determina o carácter de servizo público, con expresión dos regulamentos reguladores do servizo e dos aspectos xurídicos, económicos e administrativos.

b) Criterios de selección baseados nos medios de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica conforme os artigos 16 e 19 da lei.

c) Se é o caso, tarifas que teñen que aboa-los usuarios e procedemento para a súa revisión.

d) Prezo ou contraprestación económica que aboará a Administración cando proceda, especificando a clase, contía, prazos e forma de entrega, se procede.

e) Canon ou participación que o contratista lle deberá satisfacer á Administración ou beneficio mínimo que corresponda a algunha das partes.

f) Especificación das obras e instalacións que tivese que realiza-lo contratista para a explotación do servizo público, expresando as que deberán pasar á Administración á terminación do contrato, se é o caso.

g) Especificación das obras e instalacións, bens e medios auxiliares que a Administración lle achega ó contratista para a xestión do servizo público.

h) Nos contratos baixo a modalidade de concesión, requisitos e condicións que, de se-lo caso, deberá cumprir-la sociedade que se constitúa para a explotación da concesión.

i) Obriga do contratista de manter en bo estado as obras, instalacións, bens e medios auxiliares achegados pola Administración.

5. Nos contratos de subministración os pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos datos expresados no número 2, conterán os seguintes:

a) Posibilidade de licitar, se é o caso, pola totalidade do obxecto do contrato ou polos lotes que se establezan.

b) Criterios de selección baseados nos medios de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica conforme os artigos 16 e 18 da lei.

c) Nos contratos comprendidos no artigo 172.1, alínea a), da lei, límite máximo do gasto que para a Administración poida supo-lo contrato e expresión do modo de exercer-la vixilancia e exame que incumben ó órgano de contratación, respecto á fase de elaboración. Esta última prevención tamén se establecerá nos supostos da alínea c) do propio artigo 172.1.

d) Condicións de pagamento do prezo e, se é o caso, determinación da garantía nos pagamentos que se formalicen con anterioridade á recepción total dos bens contratados.

e) Posibilidade de pagamento do prezo por parte da Administración mediante a entrega de bens da mesma natureza que os que se adquiren.

f) Lugar de entrega dos bens que se adquiren.

g) Comprobacións ó tempo da recepción das calidades dos bens que, de se-lo caso, reserva para si a Administración.

6. Nos contratos de consultoría e asistencia os pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos datos expresados no número 2, conterán os seguintes:

a) Posibilidade de licitar, se é o caso, pola totalidade do obxecto do contrato ou polos lotes que se establezan.

b) Criterios de selección baseados nos medios de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica conforme os artigos 16 e 19 da lei.

c) Sistema de determinación do prezo do contrato.

d) Se é o caso, nos contratos complementarios, expresión do prazo de execución vinculado a outro contrato de carácter principal.

e) Lugar de entrega dos informes, estudos, anteprojectos ou proxectos obxecto do contrato.

f) Comprobacións, no momento da recepción, da calidade do obxecto do contrato que se recibe que, se é o caso, reserva para si a Administración.

g) Se é o caso, excepción da obriga do contratista de presentar un programa de traballo para a execución do contrato.

h) Nos concursos de proxectos con intervención de xurado, criterios obxectivos en virtude dos cales o xurado adoptará as súas decisións ou dictames.

7. Nos contratos de servizos os pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos datos expresados no número 2, conterán os seguintes:

a) Posibilidade de licitar, se é o caso, pola totalidade do obxecto do contrato ou polos lotes que se establezan.

b) Criterios de selección baseados nos medios de acredita-la solvencia económica, financeira e técnica conforme os artigos 16 e 19 da lei ou clasificación da que teñen que dispo-los candidatos cando este requisito sexa esixible conforme o artigo 25.1 da lei.

c) Sistema de determinación do prezo do contrato.

d) Se é o caso, nos contratos complementarios, expresión do prazo de execución vinculado a outro contrato de carácter principal.

e) Lugar de entrega, de se-lo caso, do servizo obxecto do contrato.

f) Comprobacións, no momento da recepción, da calidade do obxecto do contrato que se recibe que, se é o caso, reserva para si a Administración.

g) Se é o caso, excepción da obriga do contratista de presentar un programa de traballo para a execución do contrato.

#### Artigo 68. *Contido do prego de prescricións técnicas particulares.*

1. O prego de prescricións técnicas particulares conterá, polo menos, os seguintes extremos:

a) Características técnicas que deban reuni-los bens ou prestacións do contrato.

b) Prezo de cada unha das unidades en que se descompón o orzamento e número estimado das unidades que se deban subministrar.

c) Se é o caso, requisitos, modalidades e características técnicas das variantes.

2. Nos contratos de obras, para os efectos de regula-la súa execución, o prego de prescricións técnicas particulares deberá consignar, expresamente ou por referencia ós pregos de prescricións técnicas xerais ou outras normas técnicas que resulten de aplicación, as características que teñan que reuni-los materiais que se vaian empregar, especificando a procedencia dos materiais naturais, cando esta defina unha característica deles, e ensaios a que deben someterse para comprobación das condicións que deban cumprir; as normas para elaboración das distintas unidades de obra, as instalacións que teñan que esixirse e as medidas de seguridade e saúde comprendidas no correspondente estudio que se adoptará durante a execución do contrato. Igualmente, detallará as formas de medición e valoración das distintas unidades de obra e os de aboamento das partidas alzadas, e especificará as normas e probas previstas para a recepción.

3. En ningún caso conterán estes pregos declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares.

s

**Artigo 69. Exención de referencias a prescricións técnicas comúns.**

1. Os órganos de contratación poderán excluí-la aplicación do disposto no artigo 52.1 da lei, indicando, sempre que sexa posible, nos pregos de prescricións técnicas particulares as causas que xustifican tal exclusión, nos seguintes supostos:

a) Cando as instrucións ou regulamentos técnicos, normas, documentos de idoneidade técnica europeos ou especificacións técnicas comúns non inclúan disposición ningunha relativa ó establecemento da conformidade dun produto con tales referencias ou cando non se dispoña de medios técnicos que permitan determinar satisfactoriamente a devandita conformidade.

b) Cando a aplicación das referencias técnicas citadas na alínea a) obrigue ó órgano de contratación a adquirir produtos incompatibles co equipamento ou instalación existente ou impliquen que se teñen que soportar custos ou dificultades técnicas desproporcionadas, sen prexuízo da obriga de adecuarse a aquelas, nun prazo que será fixado polo órgano de contratación en relación co obxecto do contrato, debendo xustificar no expediente, neste caso, os motivos apreciados polo órgano de contratación.

c) Cando a acción que dea lugar ó contrato sexa realmente innovadora, de tal maneira que o recurso ás referencias técnicas sinaladas na alínea a) non sexa apropiado.

d) Nos contratos de subministración e nos de consultoría e asistencia e nos de servizos, cando a definición das especificacións técnicas constitúa un obstáculo á aplicación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e as súas disposicións de desenvolvemento, en relación cos equipamentos e aparellos a que se refire o artigo 55 da mesma lei ou doutras disposicións relativas a produtos ou a servizos.

2. As causas que xustifican esta exclusión serán comunicadas, logo de petición, á Comisión das Comunidades Europeas e ós seus estados membros.

3. Así mesmo, quedan excluídos do disposto no artigo 52.1 da lei os contratos que sexan consecuencia do artigo 296 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

**Artigo 70. Excepción á prohibición de indicar orixe, produción, marcas patentes ou tipos de bens.**

De conformidade co artigo 52.2 da lei exceptúanse da prohibición contida neste as subministracións de material para mantemento, repostos ou substitución de equipamentos xa existentes.

## CAPÍTULO II

### Da formalización dos contratos

**Artigo 71. Documento de formalización dos contratos.**

1. O documento de formalización dos contratos será subscrito polo órgano de contratación e o contratista. No suposto de que o órgano da Administración actúe no exercicio de competencias delegadas deberá indicar tal circunstancia, con referencia expresa á disposición en virtude da cal actúa e do boletín ou diario oficial en que figura publicada.

2. Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, requirirase o informe previo do servizo xurídico respectivo, salvo cando se axuste a un modelo tipo

que conte co informado favorable daquel, para ser aplicado con carácter xeral.

3. O documento de formalización conterá, con carácter xeral para tódolos contratos, as seguintes mencións:

a) Órgano de contratación e adxudicatario do contrato, con referencia á súa competencia e capacidade, respectivamente.

b) Os seguintes antecedentes administrativos do contrato:

1.º Data e importe da aprobación e do compromiso do gasto e data da súa fiscalización previa cando esta sexa preceptiva.

2.º Referencia ó acordo polo que se autoriza a celebración do contrato.

3.º Referencia do acordo polo que se adxudica o contrato.

c) Prezo certo que debe aboa-la Administración cando resulte obrigada a iso, con expresión do réxime de pagamentos previsto.

d) Prazos totais ou parciais de execución do contrato e, se é o caso, o seu prazo de garantía.

e) Garantía definitiva e, se é o caso, complementaria constituída polo contratista.

f) As cláusulas que sexan consecuencia das variantes validamente propostas polo adxudicatario na súa oferta e que fosen aceptados pola Administración.

g) Se é o caso, exclusión da revisión de prezos ou fórmula ou índice oficial de revisión aplicable.

h) Réxime de penalidades por demora.

i) Conformidade do contratista ós pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, dos que se fará consta-la oportuna referencia.

j) Expresa submisión á lexislación de contratos das administracións públicas e ó prego de cláusulas administrativas xerais, se o houbese, con especial referencia, se é o caso, ás estipulacións contrarias a este último que se inclúan como consecuencia do previsto no artigo 50 da lei.

k) Calquera outra cláusula que a Administración estime conveniente establecer en cada caso, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares.

4. Nos contratos de obras o documento de formalización do contrato, ademais dos datos que se especifican no punto anterior, conterá os seguintes:

a) Definición da obra que teña que executarse, con referencia ó proxecto correspondente e mención expresa dos documentos deste que obrigarán o contratista na execución daquela.

b) Prazo para a comprobación do replanteo.

c) Conformidade do contratista co proxecto a execución do cal foi obxecto da licitación, sen prexuízo das consecuencias que puidesen derivarse da comprobación do replanteo.

5. Nos contratos de xestión de servizos públicos o documento de formalización do contrato, ademais dos datos que se especifican no número 3, conterá os seguintes:

a) Exposición detallada do servizo público que teña que ser prestado polo contratista e definición, se é o caso, das obras que se teñan que executar, con referencia ós respectivos proxectos.

b) Tarifas que tivesen que percibirse dos usuarios, con descomposición dos seus factores constitutivos e procedemento para a súa revisión.

c) Canon ou participación que se ten que satisfacer á Administración ou beneficio mínimo que corresponda a algunha das partes e, se é o caso, prezo, aboamento

s ou compensación que a Administración deba pagar ó contratista.

d) Cando no contrato de xestión de servizos públicos se inclúan entre as prestacións que hai que realizar para a xestión do servizo público a execución de obras, faranse constar, ademais, os datos que se sinalan no punto anterior.

6. Nos contratos de subministración o documento de formalización do contrato, ademais dos datos que se especifican no número 3, conterá os seguintes:

a) Definición dos bens obxecto da subministración, con especial indicación de número de unidades que hai que subministrar e no caso de subministración de fabricación especial referencia ó proxecto ou prescricións técnicas que teñan que ser observadas na fabricación.

b) Importe máximo limitativo do compromiso económico da Administración, cando se refira á adquisición de produtos por prezos unitarios ou nos supostos establecidos no artigo 172.1, alínea a), da lei.

c) Nos contratos de subministración de fabricación a que se refire o artigo 172.1, alínea c), da lei, conformidade do contratista co proxecto aprobado polo órgano de contratación.

d) De os bens se teren entregado anticipadamente á Administración ou se entregaren no momento da formalización, farase constar así no contrato, indicando data, lugar e órgano recipiendario.

e) Nos contratos de subministración de fabricación, modo de levar a cabo o órgano de contratación a vixilancia do proceso de fabricación.

7. Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos o documento de formalización do contrato, ademais dos datos que se especifican no número 3, conterá os seguintes:

a) Definición das prestacións que deberá executar o contratista que constitúen o obxecto do contrato, con especial indicación das súas características e, se é o caso, referencia concreta ó proxecto ou prescricións técnicas que teñan que constituí-la prestación.

b) Importe máximo limitativo do compromiso económico da Administración, cando se refira á realización de estudos, informes secuenciais ou servizos retribuídos por prezos unitarios.

c) Se é o caso, referencia concreta ó carácter complementario do contrato doutro de distinta clase que condiciona a súa execución.

d) Nos contratos que teñan por obxecto a dirección de obras, a conformidade do contratista co proxecto que se vai executar, aprobado polo órgano de contratación que é obxecto da adjudicación do contrato e define a obra que se vai executar, mediante a súa sinatura polo mesmo.

e) Nos contratos de servizos que se concerten con empresas de traballo temporal nos supostos establecidos nos artigos 196.3, alínea e), da lei, referencia concreta a que non poderá producirse a consolidación como persoal das administracións públicas das persoas que, procedentes das citadas empresas, realicen os traballos que constituían o obxecto do contrato, de conformidade co establecido no citado artigo.

8. Os contratos administrativos especiais formalízanse facendo constar os datos que se expresan no número 3, así como aqueles datos que de acordo co obxecto do contrato e a natureza da prestación requiran a súa determinación no documento correspondente.

9. O documento de formalización será asinado polo adjudicatario e unirase a el, como anexo, un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas. O documento de forma-

lización incorporárase ó expediente e cando sexa notarial unirase unha copia autorizada dos devanditos pregos.

10. Non obstante o disposto no número 6, formalízanse ou acredítanse, de se-lo caso, mediante os documentos ordinarios que o tráfico xurídico teña establecidos aqueles contratos de subministración en que o prezo estea sometido a taxa, tarifas debidamente aprobadas ou fose fixado polos órganos administrativos competentes.

## Artigo 72. *Contratos menores.*

1. Nos contratos menores poderá face-las veces de documento contractual a factura pertinente, que deberá conter os datos e requisitos establecidos no Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e profesionais. En todo caso, a factura deberá conter as seguintes mencións:

a) Número e, se é o caso, serie. A numeración das facturas será correlativa.

b) Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.

c) Órgano que celebra o contrato, con identificación do seu enderezo e do número de identificación fiscal.

d) Descrición do obxecto do contrato, con expresión do servizo ó que vaia destinado.

e) Prezo do contrato.

f) Lugar e data da súa emisión.

g) Sinatura do funcionario que acredite a recepción.

2. Deberase expedir e entregar factura polas certificacións de obra ou os aboamentos á conta que se tramiten con anterioridade ó cumprimento total do contrato. Nestes casos, farase indicación expresa desta circunstancia nas facturas correspondentes.

3. Exceptúanse do establecido nos puntos anteriores aquelas subministracións ou servizos a prestación dos cales se acredite no tráfico comercial polo correspondente comprobante ou recibo, no que ten que constar polo menos a identidade da empresa que o emite, o obxecto da prestación, a data, o importe e a conformidade do servizo competente coa prestación recibida.

4. Poderán asinarse diversos contratos menores que se identifiquen polo mesmo tipo de prestacións cando estean referidos a un gasto de carácter xenérico aprobado, que en ningún caso poderá superar, respecto de cada tipo de contrato, os importes fixados nos artigos 121, 176 e 201 da lei. En tal suposto, o seu importe conxunto non poderá supera-lo gasto autorizado.

## CAPÍTULO III

### Das actuacións administrativas preparatorias dos contratos

#### Artigo 73. *Actuacións administrativas preparatorias do contrato.*

1. Os expedientes de contratación serán iniciados polo órgano de contratación determinando a necesidade da prestación obxecto do contrato, ben por figurar esta en plans previamente aprobados ou autorizados, ben por estimarse singularmente necesaria.

2. Unirse un informe razoado do servizo que promova a contratación, expondo a necesidade, características e importe calculado das prestacións obxecto do contrato.



s

## CAPÍTULO IV

## Da adxudicación dos contratos

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PUBLICIDADE DE LICITACIÓNS E ADXUDICACIÓNS

Artigo 74. *Publicidade potestativa no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».*

Cando o orzamento base de licitación sexa inferior ós límites sinalados na lei para a publicidade preceptiva no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», o órgano de contratación poderá acordar que se leve a cabo esta, observándose neste caso as normas e prazos que a propia lei establece para a publicidade preceptiva no citado diario.

Artigo 75. *Gastos de publicidade en boletíns ou diarios oficiais e aclaración ou rectificación de anuncios.*

Con excepción dos supostos regulados no artigo 15, alínea b), da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, ou nas restantes normas das distintas administracións públicas, nos que a publicidade dos anuncios resulte gratuítas, e salvo que outra cousa se indique no prego de cláusulas administrativas particulares, unicamente será por conta do adxudicatario do contrato a publicación, por unha soa vez, dos anuncios de contratos no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais nos supostos a que se refire o artigo 78 da lei.

Calquera aclaración ou rectificación dos anuncios de contratos será por conta do órgano de contratación e farase pública en igual forma ca estes, debendo computarse, se é o caso, a partir do novo anuncio, o prazo establecido para a presentación de proposicións.

Artigo 76. *Anuncios indicativos e de adxudicación de contratos.*

A publicidade no «Boletín Oficial del Estado» dos anuncios previos indicativos regulada nos artigos 135.1, 177.1 e 203.1 da lei e dos anuncios da adxudicación do contrato prevista no artigo 93 da lei ten a consideración de publicidade oficial e a súa inserción será obrigatoria.

Artigo 77. *Contido dos anuncios dos contratos sometidos a publicidade.*

1. Os anuncios indicativos e os de licitación e adxudicación dos contratos que haxa que publicar no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais a que se refiren os artigos 78 e 93 da lei e no «Diario Oficial das Comunidades Europeas», axustaranse ós modelos e formularios que se inclúen nos anexos VII e VIII deste regulamento.

2. Cando o envío dun anuncio previo indicativo deba produci-lo efecto de redución dos prazos de presentación de proposicións a que se refiren os artigos 137, 138.2, 178, 179.2 e 207, puntos 1 e 2, o anuncio deberá conter toda a información que sexa coñecida no momento do envío do anuncio que se detalla no número 1 do anexo VIII deste regulamento.

Artigo 78. *Informacións sobre os pregos e documentación complementaria e prórroga de prazos para presentar proposicións.*

1. No procedemento aberto, cando os empresarios soliciten coa debida antelación os pregos de cláusulas

administrativas particulares e os documentos complementarios, o órgano de contratación deberá facilitalos no prazo dos seis días seguintes ó da recepción da petición.

2. No procedemento restrinxido e negociado con publicidade comunitaria, o órgano de contratación xuntará á invitación que simultaneamente efectúe ós candidatos seleccionados os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentos complementarios, con indicación do prazo durante o cal deben mante-la súa oferta.

3. Os órganos de contratación deberán prorrogalos prazos previstos para a presentación das proposicións cando as ofertas non poidan ser formuladas sen inspeccionar previamente os lugares en que vaia executarse a obra ou o contrato ou sen consulta-los documentos anexos ó prego de cláusulas administrativas particulares e estes non puideron ser facilitados, polo seu volume, no prazo sinalado no número 1.

4. Nos procedementos restrinxido e negociado, cando se aplique o trámite de urxencia, deberá comunicarse a información complementaria sobre os pregos no prazo de catro días antes da data fixada para a recepción de solicitudes de participación.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> MESA DE CONTRATACIÓN

Artigo 79. *Mesa de contratación.*

1. Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades de dereito público e entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, a mesa de contratación estará constituída por un presidente, un mínimo de catro vocais e un secretario designados polo órgano de contratación, o último entre funcionarios deste ou, no seu defecto, entre o persoal ó seu servicio. Entre os vocais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor.

2. A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para a adxudicación de contratos. Se é permanente ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> PROPOSICIÓNS DOS INTERESADOS

Artigo 80. *Forma de presentación da documentación.*

1. A documentación para as licitacións presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorrán e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente. Un dos sobres conterá os documentos a que se refire o artigo 79.2 da lei e o outro a proposición, axustada ó modelo que figure no prego de cláusulas administrativas particulares, contendo, nos concursos, tódolos elementos que a integran, incluídos os seus aspectos técnicos.

Non obstante, cando se faga uso do disposto no artigo 86.2 da lei, no sentido de concreta-la fase de valoración en que operarán os criterios de adxudicación, o sobre da proposición económica conterá exclusivamente esta, e presentaranse, ademais, tantos sobres como fases de valoración se establecesen.

2. Os sobres ós que se refire o punto anterior deberán ser entregados nas dependencias ou oficinas expre-

c

sadas no anuncio ou enviados por correo dentro do prazo de admisión sinalado naquel, salvo que o prego autorice outro procedemento, respectándose sempre o segredo da oferta.

3. No primeiro caso, as oficinas receptoras daránlle un recibo ó presentador, no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

4. Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificala data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Tamén poderá anunciarse por correo electrónico, se ben neste último caso só se se admite no prego de cláusulas administrativas particulares. O envío do anuncio por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e da recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica fidedignamente o remitente e o destinatario. Neste suposto, procederase á obtención de copia impresa e ó seu rexistro, que se incorporará ó expediente.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días desde a indicada data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

5. Unha vez entregada ou remitida a documentación, non pode ser retirada, salvo que a retirada da proposición sexa xustificada. Rematado o prazo de recepción, os xefes das oficinas receptoras expedirán unha certificación relacionada da documentación recibida ou da ausencia de licitadores, se é o caso, a que xuntamente con aquela remitirán ó secretario da mesa de contratación ou ó órgano de contratación cando nos supostos en que se adxudique o contrato por procedemento negociado non se constituía aquela.

Se se anunciou a remisión por correo, cos requisitos establecidos no punto anterior, tan pronto como sexa recibida e, en todo caso, transcorrido o prazo de dez días indicado nel, os xefes das oficinas receptoras expedirán unha certificación da documentación recibida para remitila, igualmente, ó secretario da mesa de contratación.

6. No procedemento negociado as ofertas presentaranse ante o órgano de contratación nos prazos e na forma que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares, sen prexuízo dos prazos previstos nos artigos 140.2, 181.2 e 209.2 da lei e nas condicións establecidas nos artigos 91, 92 e 93 deste regulamento.

#### Artigo 81. *Cualificación da documentación e defectos ou omisións reparables.*

1. Para os efectos da cualificación da documentación presentada, logo da constitución da mesa de contratación, o presidente ordenará a apertura dos sobres que conteñan a documentación a que se refire o artigo 79.2 da lei, e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

2. Se a mesa observase defectos ou omisións reparables na documentación presentada, comunicarállo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias indicadas deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación ou, se é o caso, do que se fixe no prego, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación.

3. Do actuado conforme a este artigo deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

#### Artigo 82. *Valoración dos criterios de selección das empresas.*

A mesa, unha vez cualificada a documentación a que se refire o artigo 79.2 da lei e emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determina-las empresas que se axustan ós seus criterios de selección, a que fai referencia o artigo 11 deste regulamento, fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

#### Artigo 83. *Apertura das proposicións.*

1. Unha vez realizadas as actuacións previstas nos dous artigos anteriores, o acto público de apertura das proposicións celebrarase no lugar e día que previamente se sinalara.

2. O acto de apertura de proposicións comezará dándolle lectura ó anuncio do contrato e procedéndose seguidamente ó relato das proposicións presentadas e á súa confrontación cos datos que figuren nos certificados estendidos polos xefes das oficinas receptoras destas, feito o cal se dará coñecemento ó público do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, dando ocasión ós interesados para que poidan comprobar que os sobres que conteñen as ofertas se atopan na mesa e en idénticas condicións en que foron entregados.

3. En caso de discrepancias entre as proposicións que estean en poder da mesa e as que como presentadas se deduzan das certificacións de que dispón esta, ou que se presenten dúbidas sobre as condicións de segredo en que deberon ser custodiadas, suspenderase o acto e realizaranse urxentemente as investigacións oportunas sobre o sucedido, volvéndose anunciar, se é o caso, novamente no taboleiro de anuncios do órgano de contratación ou do que se fixe nos pregos a continuación do acto público unha vez que todo quede aclarado na debida forma.

4. O presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas e notificará o resultado da cualificación nos termos previstos no artigo anterior.

5. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

6. Antes da apertura da primeira proposición os licitadores interesados serán invitados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou que pidan as explicacións que estimen necesarias, e a mesa procederá ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento aquela poida facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións a que se refire o artigo 81.2 deste regulamento.

#### Artigo 84. *Rexeitamento de proposicións.*

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que padece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal de que un ou outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para rexeita-la proposición.

c  
SECCIÓN 4.<sup>a</sup> PROCEDEMENTOS ABERTO, RESTRINXIDO E NEGOCIADO

Artigo 85. *Criterios para aprecia-las ofertas desproporcionadas ou temerarias nas poxas.*

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ó orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

5. Excepcionalmente, e atendendo ó obxecto do contrato e ás circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá motivadamente reducir nun tercio no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares as porcentaxes establecidas nos puntos anteriores.

6. Para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considera-la relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

Artigo 86. *Valoración das proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 83.3 da lei, cando empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio, presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación dun contrato, tomarase unicamente, para aplica-lo réxime de apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, a oferta máis baixa, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.

2. Cando presenten distintas proposicións sociedades nas que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de comercio, respecto dos socios que as integran, aplicaranse respecto da valoración da oferta económica as mesmas regras establecidas no número anterior.

3. Para os efectos do disposto nos dous puntos anteriores, as empresas do mesmo grupo que concorran a unha mesma licitación deberán presentar unha declaración sobre os extremos salientados neles.

4. Para os efectos do disposto no artigo 86.4 da lei, os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán establecer-lo criterio ou criterios para a valoración das proposicións formuladas por empresas pertencentes a un mesmo grupo.

Artigo 87. *Observacións, igualdade de proposicións, acta da mesa e devolución de documentación.*

1. Determinada pola mesa de contratación a proposición de prezo máis baixo ou economicamente máis vantaxosa, a favor da cal formulará proposta de adxudicación, invitará os licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de dous días hábiles seguintes ó daquel acto e dirixiranse ó órgano de contratación, o cal, logo do informe da mesa de contratación, resolverá o procedemento, con pronunciamiento expreso sobre as reclamacións presentadas, na adxudicación do contrato.

2. A mesa de contratación concretará expresamente a cal sexa a proposición de prezo máis baixo ou economicamente máis vantaxosa sobre a que formulará proposta de adxudicación do contrato. Nas poxas, se se presentasen dúas ou máis proposicións iguais que resultasen se-las de prezo máis baixo, decidirase a adxudicación destas mediante sorteo.

3. Concluído o acto, redactarase unha acta que reflecta fielmente o sucedido e que será asinada polo presidente e polo secretario da mesa de contratación e mais polos que fixesen presentes as súas reclamacións ou reservas.

4. As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas coma as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña as proposicións quedará á disposición dos interesados.

Artigo 88. *Orzamento non fixado previamente pola Administración en concursos.*

Nos supostos de contratos a que se refire o artigo 85, alínea a), da lei, ata que se coñeza o importe e condicións do contrato, segundo a oferta seleccionada, non se procederá á fiscalización do gasto, á súa aprobación, así como á adquisición do compromiso xerado por este, circunstancias que serán recollidas no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 89. *Admisibilidade de variantes en concursos.*

Os órganos de contratación non poderán rexeitar variantes ou alternativas polo único motivo de que conteñan especificacións técnicas definidas por algunha das referencias consideradas no artigo 52.1 da lei.

Artigo 90. *Non aplicación ó concurso de determinadas normas da poxa.*

Non serán de aplicación ós concursos os preceptos que para a poxa se establecen nos artigos 85 e 87.2, último inciso, deste regulamento.

Artigo 91. *Solicitudes de participación e invitación a presentar ofertas nos procedementos restrinxidos e negociados.*

Nos procedementos restrinxidos e negociados con publicidade, as solicitudes de participación dos empresarios e as invitacións a presentar ofertas polo órgano de contratación poderán ser feitas por carta ou oficio ou por telegrama, télex ou telecopia. Cando as solicitudes de participación sexan efectuadas por algún dos tres últimos medios, deberán ser confirmadas por carta da mesma data. Tamén se poderá solicita-la participación por correo electrónico. O envío da solicitude de parti-

cipación por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica fidedignamente o remitente e o destinatario. Neste suposto procederáse á obtención dunha copia impresa e ó seu rexistro, que se incorporará ó expediente.

**Artigo 92.** *Contido das invitacións por parte do órgano de contratación a presentar ofertas.*

Nos procedementos restrinxidos e nos negociados con publicidade as invitacións a presentar ofertas que o órgano de contratación dirixa ó ou ós seleccionados deberán conter, polo menos, os seguintes extremos:

1. O enderezo do servizo ó que se poida solicitar información complementaria respecto dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e documentación complementaria; a data límite para efectuar esta petición, e o importe e as modalidades de pagamento daquel que deba ser, se é o caso, satisfeito para obter os devanditos documentos.

2. A data límite de recepción das proposicións, o enderezo ó cal deben ser remitidas e a lingua ou linguas nas que deben ser redactadas.

3. Lugar, día e hora da apertura de proposicións.

4. Referencia ó anuncio do contrato previamente publicado.

**Artigo 93.** *Solicitud de ofertas e adxudicación no procedemento negociado.*

1. A solicitude de ofertas a que se refire o artigo 92.1 da lei pode realizarse, se o estima conveniente o órgano de contratación, mediante anuncio público ou da forma que aquel estableza con carácter xeral, sempre que non resulte preceptiva a publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» e no «Boletín Oficial del Estado», de conformidade cos artigos 140, 181 e 209 da lei.

2. No procedemento negociado, a adxudicación non poderá ter lugar, en ningún caso, por importe superior ó orzamento previamente aprobado.

## CAPÍTULO V

### Da execución e modificación dos contratos

**Artigo 94.** *Dirección e inspección da execución.*

1. A execución dos contratos desenvolverase, sen prexuízo das obrigas que corresponden ó contratista, baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación, o cal poderá dictar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convindo.

2. Os pregos de cláusulas administrativas, xerais e particulares, conterán as declaracións precisas sobre o modo de exercer esta potestade administrativa.

**Artigo 95.** *Facultades do órgano de contratación na execución do contrato.*

Cando o contratista, ou persoas dependentes del, incorra en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir restablece-la boa orde na execución do pactado.

**Artigo 96.** *Reaxuste de anualidades.*

1. Cando por atraso no comezo da execución do contrato sobre o previsto ó iniciarse o expediente de

contratación, suspensións autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou do total, modificacións no proxecto ou por calquera outra razón de interese público debidamente xustificada se producise desaxuste entre as anualidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares integrado no contrato e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, o órgano de contratación procederá a readapta-las citadas anualidades sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables, e a fixa-las compensacións económicas que, se é o caso, procedan.

2. Para efectuarlo reaxuste das anualidades será necesaria a conformidade do contratista, salvo que razóns excepcionais de interese público determinen a suficiencia do trámite de audiencia deste e o informe da intervención.

3. Nos contratos que contén con programa de traballo, calquera reaxuste de anualidades esixirá a súa revisión para adaptalo ós novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

**Artigo 97.** *Resolución de incidencias xurdidas na execución dos contratos.*

Con carácter xeral, salvo o establecido na lexislación de contratos das administracións públicas para casos específicos, cantas incidencias xurdan entre a Administración e o contratista na execución dun contrato por diferencias na interpretación do convindo ou pola necesidade de modifica-las condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións seguintes:

1. Proposta da Administración ou petición do contratista.

2. Audiencia do contratista e informe do servizo competente que se realizará en ámbolos dous casos nun prazo de cinco días hábiles.

3. Informe, se é o caso, da asesoría xurídica e da intervención, que se emitirá no mesmo prazo anterior.

4. Resolución motivada do órgano que celebre o contrato e subseguinte notificación ó contratista.

Salvo que motivos de interese público o xustifiquen ou a natureza das incidencias o requira, a tramitación destas últimas non determinará a paralización do contrato.

**Artigo 98.** *Prórroga do prazo nos supostos de imposición de penalidades.*

Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ó contratista e conforme o artigo 95.3 da lei, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo que estime que resulte necesaria para a terminación do contrato.

**Artigo 99.** *Efectividade das penalidades e indemnización de danos e perdas.*

1. Os importes das penalidades por demora faranse efectivos mediante a súa deducción nas certificacións de obras ou nos documentos de pagamento ó contratista. En todo caso, a garantía responderá da efectividade daquelas, de acordo co establecido no artigo 43.2, alínea a), da lei.

2. A aplicación e o pagamento destas penalidades non exclúe a indemnización a que a Administración poida ter dereito por danos e perdas ocasionados con motivo do atraso imputable ó contratista.

c

**Artigo 100. *Petición de prórroga do prazo de execución.***

1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días desde aquel en que se produza a causa orixinaria do atraso, alegando as razóns polas que estime que non lle é impugnable e sinalando o tempo probable da súa duración, para os efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a súa prórroga, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se readapte o prazo prorrogado ó tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á súa terminación. Durante este prazo de quince días, non poderá continuarse a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

2. No caso de o contratista non solicitar prórroga no prazo anteriormente sinalado, entenderase que renuncia ó seu dereito, quedando facultada a Administración para conceder, dentro do mes último do prazo de execución, a prórroga que xulgue conveniente, con imposición, se procede, das penalidades que establece o artigo 95.3 da lei ou, se é o caso, as que se sinalen no prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que considere máis aconsellable esperar á terminación do prazo para proceder á resolución do contrato.

**Artigo 101. *Suposto que non ten carácter de modificación do contrato.***

Non terá carácter de modificación do contrato a alteración do prezo por aplicación de cláusulas de revisión, que se rexerá polo disposto nos artigos 103 a 108 da lei e nos artigos 104 a 106 deste regulamento.

**Artigo 102. *Procedemento para as modificacións.***

Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifiquen, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a audiencia previa do contratista e a fiscalización do gasto correspondente.

**Artigo 103. *Acta de suspensión da execución do contrato.***

1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da lei será asinada por un representante do órgano de contratación e polo contratista e deberá levantarse no prazo máximo de dous días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel no que se acorde a suspensión.

2. No contrato de obras a acta a que se refire o punto anterior será tamén asinada polo director da obra, e deberá unírselle como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición da obra executada e os materiais almacenados a pé de obra utilizables exclusivamente nelas. O devandito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme a regra de cómputo establecida no punto anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe.

**TÍTULO IV****Disposicións sobre revisión de prezos****Artigo 104. *Procedemento para a revisión de prezos.***

1. Nos contratos de obras e subministración de fabricación, cando sexa de aplicación a revisión de pre-

zos, levarase a cabo aplicando ás fórmulas tipo aprobadas polo Consello de Ministros os índices mensuais de prezos aprobados pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, con suxeición ó disposto nos artigos 103 a 107 da lei.

Para os efectos do artigo 103.3 da lei, o autor do proxecto propondrá na memoria, tendo en conta as características da obra, a fórmula polinómica que considere máis axeitada de entre as correspondentes fórmulas tipo.

Cando un proxecto comprenda obras de características moi diferentes, ás que non resulte axeitado aplicar unha soa fórmula tipo xeral, poderá considerarse o orzamento dividido en dous ou máis parciais, con aplicación independente das fórmulas polinómicas axeitadas a cada un dos devanditos orzamentos parciais.

Se ningunha das fórmulas tipo xerais coincide coas características da obra, o facultativo autor do proxecto, tamén para os efectos do artigo 103.3 da lei, propondrá a fórmula especial que estime axeitada.

2. Nos restantes contratos, cando resulte procedente a revisión de prezos, levarase a cabo mediante aplicación dos índices ou fórmulas de carácter oficial que determine o órgano de contratación no prego de cláusulas administrativas particulares, no que, ademais, se consignará o método ou sistema para a aplicación concreta dos referidos índices ou fórmulas de carácter oficial.

**Artigo 105. *Cobertura financeira e tramitación dos expedientes de revisión de prezos.***

1. Co obxecto de prove-la cobertura financeira necesaria para atender as obrigas derivadas dos aboamentos por revisión de prezos dos contratos con dereito a ela, efectuarase ó comezo de cada exercicio económico a oportuna retención dos créditos precisos para atender os maiores gastos que deriven da revisión de prezos dos contratos en curso de execución.

2. Os expedientes adicionais de gasto por revisións de prezos, que se axustarán ó modelo previsto no anexo X, tramitaranse de oficio coa necesaria antelación para que, en todo caso, poidan quedar habilitados os créditos necesarios. Estes, unha vez aprobados, acumularanse ó orzamento vixente de cada contrato e aplicaranse ó mesmo concepto orzamentario polo importe da anualidade do propio exercicio, ou, se é o caso, das anualidades posteriores, en función da prestación pendente de execución en cada unha delas.

3. Nos contratos de obras e subministración de fabricación, para o cálculo do orzamento adicional por revisión de prezos de cada anualidade, deberá terse en conta, en concepto de previsión, o importe líquido por revisión de prezos das obras ou da fabricación pendentes de executar, estimada de acordo coa seguinte fórmula:

$$K'_t = K_t \cdot [1 + (0,75 \cdot n) \cdot \hat{\text{IPC}}/12]$$

Sendo:

$K'_t$  = coeficiente de actualización para a parte da anualidade obxecto da previsión.

$K_t$  = coeficiente de revisión, segundo a fórmula aplicable ó contrato, no mes que se procede a realiza-la previsión, aínda que a revisión non procedese por non estar executado o 20 por 100 do orzamento ou por non ir transcorrido un ano desde a data da adxudicación do contrato.

$n$  = número de meses dentro da anualidade nas que procede a revisión.

$\hat{\text{IPC}}$  = variación en tanto por un do índice xeral de prezos ó consumo previsto para os doce meses seguintes.

A previsión do orzamento de revisión de prezos para cada anualidade obterase aplicando o coeficiente  $K'_t - 1$

c  
á previsión do importe líquido das relacións valoradas con dereito a revisión que se prevexa cursar no devandito exercicio orzamentario.

Non procederá a tramitación do orzamento adicional por revisión de prezos no caso de que o valor obtido de  $K_t - 1$  fose menor que a unidade.

4. Nos restantes contratos, para o cálculo do orzamento adicional por revisión de prezos de cada anualidade, deberá terse en conta en concepto de previsión o importe líquido por revisión de prezos da prestación pendente de executar, estimada de acordo coa previsión dos correspondentes índices oficiais de prezos que resulten de aplicación, segundo se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares.

**Artigo 106.** *Práctica da revisión de prezos en contratos de obras e subministración de fabricación.*

1. A revisión de prezos practicarase periodicamente con ocasión da relación valorada das obras executadas en cada período, recolléndose nunha soa certificación a obra executada e a súa revisión, axustándose ó modelo que figura no anexo XI.

A devandita certificación tramitarase como certificación ordinaria, imputándose á anualidade contraída para o contrato ou tomándose razón para endoso, como certificación anticipada, se a devandita anualidade estivese esgotada.

2. Para o cálculo da revisión de prezos do importe líquido da relación valorada mensual, teranse en conta os últimos índices de prezos publicados, se os correspondentes ó mes a que se refire a relación valorada non foron obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado», procedéndose á regularización da revisión cos índices correspondentes na sucesiva relación valorada mensual inmediata á publicación de tales índices ou, se é o caso, na certificación final de obra.

3. Terá lugar a revisión de prezos do importe que represente o adicional de liquidación, unha vez deducido o 20 por 100 da variación positiva ou negativa experimentada no orzamento vixente como consecuencia da liquidación e que transcorra un ano desde a adxudicación.

4. O coeficiente de revisión de prezos aplicable ó adicional da certificación final e ás obras executadas durante o período de garantía será a media aritmética dos coeficientes de revisión de prezos obtidos para cada un dos meses correspondentes ó período de execución en que procedese a revisión e ó prazo de garantía, respectivamente.

## TÍTULO V

### Da extinción dos contratos

#### CAPÍTULO I

##### Do cumprimento dos contratos

**Artigo 107.** *Incumprimento do prazo para face-la recepción.*

Se a recepción se efectuase pasado o prazo dun mes, contado a partir da data fixada e a demora fose imputable á Administración, o contratista terá dereito a ser indemnizado dos danos e perdas que a demora lle irroque.

**Artigo 108.** *Recepcións parciais.*

Nos casos en que procedan recepcións parciais, o prazo de garantía das partes recibidas comezará a contarse desde as datas das recepcións respectivas.

## CAPÍTULO II

### Da resolución dos contratos

**Artigo 109.** *Procedemento para a resolución dos contratos.*

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, logo da autorización, no caso previsto no último parágrafo do artigo 12.2 da lei, do Consello de Ministros, e cumprimento dos requisitos seguintes:

a) Audiencia do contratista por un prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.

b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.

c) Informe do servizo xurídico, salvo nos casos previstos nos artigos 41 e 96 da lei.

d) Dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista.

2. Tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

**Artigo 110.** *Morte e incapacidade sobrevida do empresario individual.*

1. Nos supostos establecidos no artigo 112.3 da lei o acordo de continuación do contrato será adoptado polo órgano de contratación por petición dos herdeiros ou do representante do incapaz.

2. Nos casos de morte e incapacidade sobrevida do contratista o acordo do órgano de contratación de non continuación do contrato non dará dereito ningún a indemnización polo resto do contrato deixado de executar.

**Artigo 111.** *Perda da garantía en caso de quebra.*

A quebra do contratista, cando sexa culpable ou fraudulenta, levará consigo a perda da garantía definitiva.

**Artigo 112.** *Resolución por causas establecidas no contrato.*

1. A resolución por causas establecidas expresamente no contrato terá as consecuencias que neste se establezan e, no seu defecto, regularanse polas normas da lei e deste regulamento sobre efectos da resolución que sexan aplicables por analogía.

2. Incluírase no prego de cláusulas administrativas particulares, para os efectos do artigo 111, alínea h), da lei, a obriga do contratista de gardar sigilo respecto ós datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión deste, salvo que o órgano de contratación, atendendo á natureza e circunstancias do contrato, non o estime aconsellable.

**Artigo 113.** *Determinación de danos e perdas que deba indemniza-lo contratista.*

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, a determinación dos danos e perdas que deba indemnizar levaraa a cabo o órgano de contratación en decisión motivada logo de audiencia deste, atendendo, entre outros factores, ó atraso que implique para o investimento proxectado e ós maiores gastos que lle ocasione á Administración.

c

## TÍTULO VI

### Do Rexistro Público de Contratos

#### Artigo 114. *Contido do Rexistro Público de Contratos.*

No Rexistro Público de Contratos tomarase nota de tódolos contratos que celebre a Administración, con exclusión dos contratos menores, facéndose constar, respecto deles, os seguintes datos:

1. O contido básico dos datos do contrato adxudicado.
2. O cumprimento dos contratos.
3. Se é o caso, as modificacións, as prórrogas do contrato ou do seu prazo de execución e a resolución dos contratos.
4. Para os efectos derivados do establecido na Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ó ordenamento xurídico español as Directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE, respecto dos contratos adxudicados polas entidades alleas ás administracións públicas suxeitas á citada lei, en canto afecta exclusivamente ó cumprimento das obrigas estatísticas previstas na Directiva 93/38/CEE, anotarase no Rexistro Público de Contratos as comunicacións dos citados contratos respecto dos datos relativos á súa adxudicación.

#### Artigo 115. *Forma de remisión de datos ó Rexistro Público de Contratos.*

1. Para os efectos establecidos nos artigos 58 e 118 da lei e no artigo 40 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, os órganos de contratación das distintas administracións públicas comunicarán ó Rexistro Público de Contratos os datos a que se refire o artigo anterior axustándose ó anexo IX deste regulamento.

2. Os órganos de contratación poderán remiti-los datos a que se refire o punto anterior utilizando medios informáticos conforme as especificacións que se establezan por orde do ministro de Facenda.

3. Sen prexuízo do establecido nos dous puntos anteriores, as comunidades autónomas e as entidades locais nas que se creasen rexistros públicos de contratos para os efectos establecidos no artigo 118 da lei, anotarán polo menos neles, para o seu posterior envío ó Rexistro Público de Contratos da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, os datos contidos no anexo IX. Anualmente, no primeiro semestre do ano seguinte a que corresponda a información de cada exercicio, comunicarán os datos dos contratos adxudicados inscritos nos rexistros citados debendo efectualo en soporte informático de conformidade co formato e as especificacións que se determinen por orde do ministro de Facenda.

4. As entidades a que se refire o número 4 do artigo anterior comunicarán os datos relativos ós contratos que adxudiquen mediante os procedementos e os medios que se establecen neste artigo axustándose ó que, respecto delas, se establece na alínea G do anexo IX.

#### Artigo 116. *Remisión de datos ó Rexistro Público de Contratos en contratos derivados de adquisición de bens ou prestación de servicios de utilización común pola Administración.*

1. Nos contratos que se adxudiquen para a adquisición de bens ou prestación de servicios de utilización común pola Administración comunicaranse, sen prexuízo do establecido no número 2, ó Rexistro Público de Con-

tratos os datos a que fan referencia os artigos 114 e 115 deste regulamento.

2. Os acordos singulares de adquisición de bens ou de servicios referidos ós contratos de adopción de tipo, cando sexan consecuencia da adxudicación por procedemento negociado a que fan referencia os artigos 182, alínea g), e 210, alínea f), da lei, serán comunicados ó Rexistro Público de Contratos pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, de conformidade co establecido nos artigos anteriores, identificando os bens polas súas características referidas a un produto final e non ós elementos que o compoñen, especificando as referencias das que derivan tales adquisicións e o organismo que recibe o produto obxecto do contrato.

#### Artigo 117. *Publicidade do Rexistro Público de Contratos.*

1. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa fará públicos periodicamente os datos do Rexistro Público de Contratos, incluíndoos na súa memoria anual, presentándoos debidamente agrupados, conforme as previsións establecidas no Plan Estatístico Nacional.

2. O acceso público das persoas interesadas ós datos inscritos no Rexistro Público de Contratos estará condicionado a concreta-la consulta referida ós datos dun contrato determinado. En todo caso, se os contratos foron adxudicados polo procedemento establecido nos artigos 141, alínea f), 159.2, alínea c), 182, alínea h), e 210, alínea g), da lei o acceso a tal información deberá ser autorizado polo correspondente órgano de contratación.

3. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa subministrarlle á Administración tributaria os datos do Rexistro Público de Contratos que esta solicite de acordo coa lexislación tributaria mediante disposición de carácter xeral ou a través de requirimento.

## LIBRO II

### Dos distintos tipos de contratos administrativos

## TÍTULO I

### Do contrato de obras

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 118. *Información ás empresas.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 135.1 da lei para unha mellor información ás empresas interesadas os órganos de contratación publicarán a título indicativo, ó comezo do exercicio, a relación dos contratos de obras que se propoñen celebrar durante o ano cunha breve recensión das súas características xerais e o seu orzamento aproximado.

#### Artigo 119. *Achega de medios pola Administración.*

Nos contratos de obras a Administración poderá achegar, total ou parcialmente, os materiais, maquinaria, instalacións ou outros medios destinados á súa execución.

Cando a Administración lle facilite ó contratista materiais precisos para a obra consideraranse estes en depó-

c  
sito desde o momento da entrega, e o contratista será responsable da súa custodia e conservación ata que a obra sexa recibida, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida fixar no prego de cláusulas administrativas particulares as garantías que estime pertinentes.

#### Artigo 120. *Obras por un prezo global.*

1. Excepcionalmente, nos contratos de obras poderá utilizarse o sistema de retribución por un prezo global, logo da xustificación da súa necesidade polo órgano de contratación, cando non poidan establecerse prezos unitarios para partidas que sumen máis do 80 por 100 do importe do orzamento.

2. A retribución destas obras realizarase mediante un único pagamento no momento da súa recepción, e así se fará constar expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares. Non obstante, e xustificándose no expediente, poderá preverse no devandito prego un sistema de aboamentos á conta respecto da obra executada.

3. Nestes contratos o proxecto axustarase ó artigo 124 da lei e se o orzamento for inferior a 120.000 euros, ademais dos documentos a que se refire o artigo 126 deste regulamento, deberá conter como mínimo os seguintes:

a) Memoria técnica e planos, se estes fosen necesarios, que sirvan de base para proceder á licitación por un prezo global.

b) Descrición da obra coas súas referencias e valoración desta.

c) Criterios que se terán en conta para a liquidación no caso de extinción anormal do contrato.

## CAPÍTULO II

### Anteproxectos, proxectos e expedientes de contratación

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DOS ANTEPROXECTOS

#### Artigo 121. *Anteproxectos de obras.*

Cando nunha obra concorran especiais circunstancias determinadas pola súa magnitude, complexidade ou longo prazo de execución o órgano de contratación poderá acorda-la redacción dun estudio informativo ou un anteproxecto dela, co alcance e contido que se establezan no propio acordo, sen prexuízo do establecido no artigo 122 deste regulamento.

#### Artigo 122. *Contido dos anteproxectos.*

Os anteproxectos constarán, polo menos, dos documentos seguintes:

1. Unha memoria na que se exporán as necesidades que se van satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos e administrativos que se teñen en conta para formula-lo problema que se vai resolver e a xustificación da solución que se propón desde os puntos de vista técnico e económico, así como os datos e cálculos básicos correspondentes. Tamén se xustificarán os prezos descompostos adoptados.

Figurará na devandita memoria a manifestación expresa e xustificada de que o anteproxecto comprende unha obra completa no sentido esixido polo artigo 125 deste regulamento.

2. Os planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición da obra nos seus aspectos esenciais e para basear neles as medicións suficientes para a confección do orzamento.

3. Un orzamento formado por un estado de medicións de elementos compostos, especificando claramente o contido de cada un deles; un cadro dos prezos adoptados para os diferentes elementos compostos e o correspondente resumo ou orzamento xeral que comprenda tódolos gastos, mesmo de expropiacións, que deba realiza-la Administración.

4. Un estudio relativo á posible descomposición do anteproxecto en proxectos parciais, con sinalización das fraccións do orzamento que corresponderán a cada un e das etapas e prazos previstos para a elaboración, contratación e execución destes.

5. Cando a obra teña que ser obxecto de explotación retribuída xuntaranse os estudos económicos e administrativos sobre réxime de utilización e tarifas que teñan que aplicarse.

#### Artigo 123. *Aprobación dos anteproxectos.*

1. Os anteproxectos e os estudos informativos deberán ser aprobados polo órgano de contratación.

2. Ó se aprobar un anteproxecto ou un estudio informativo quedará autorizada a redacción do proxecto ou proxectos que nel se indiquen que deberán ser obxecto de contratación e execución independentes.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DOS PROXECTOS

#### Artigo 124. *Instrucións para a elaboración de proxectos.*

1. Os departamentos ministeriais que teñan ó seu cargo a realización de obras procederán á redacción de instrucións para a elaboración de proxectos, nas cales se fixarán debidamente as normas técnicas a que aquelas deban suxeitarse.

2. Os departamentos ministeriais que non teñan establecidas instrucións para a elaboración de proxectos poderán acordar que se apliquen as doutras do departamento ministerial.

3. As instrucións para a elaboración de proxectos, así como as modificacións que se introduzan nelas, deberán ser sometidas previamente a informe dos servicios técnicos do departamento correspondente e, unha vez aprobadas, publicarse no «Boletín Oficial del Estado».

4. A normativa recollida nesta sección non será de aplicación ós proxectos de obras que se realicen e se executen no estranxeiro cando a devandita normativa sexa contraria á lexislación local na materia ou as circunstancias económicas ou sociais do país no que se realice a obra fagan inviable a súa aplicación.

#### Artigo 125. *Proxectos de obras.*

1. Os proxectos deberán referirse necesariamente a obras completas, entendéndose por tales as susceptibles de seren entregadas ó uso xeral ou ó servicio correspondente, sen prexuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

2. Poderán considerarse elementos comprendidos nos proxectos de obras aqueles bens de equipamento que deben ser empregados nestas mediante instalacións fixas sempre que constitúan complemento natural da obra e o seu valor supoña unha reducida porcentaxe en relación co orzamento total do proxecto.

3. Cando se trate de obras que pola súa natureza ou complexidade necesiten da elaboración de dous ou máis proxectos específicos e complementarios, a parte de obra a que se refira cada un deles será susceptible



c) de contratación independente, sempre que o conxunto dos contratos figure un plan de contratación plurianual.

4. Os proxectos relativos a obras de reforma, reparación ou conservación e mantemento deberán comprender tódalas necesarias para logralo fin proposto.

#### Artigo 126. *Contido mínimo dos proxectos.*

Os proxectos a que se refire o artigo 124.2 da lei deberán conter, como requisitos mínimos, un documento que defina con precisión as obras e as súas características técnicas e un orzamento con expresión dos prezos unitarios e descompostos.

#### Artigo 127. *Contido da memoria.*

1. Serán factores que haberá que considerar na memoria os económicos, sociais, administrativos e estéticos, así como as xustificacións da solución adoptada nos seus aspectos técnico funcional e económico e das características de tódalas unidades de obra proxectadas. Indicarase nela os antecedentes e situacións previas das obras, métodos de cálculo e ensaios efectuados, dos que se incluírán en anexos separados os seus detalles e desenvolvemento. Tamén figurarán noutros anexos: o estudio dos materiais que se van empregar e os ensaios realizados con estes, a xustificación do cálculo dos prezos adoptados, as bases fixadas para a valoración das unidades de obra e das partidas por prezo global propostas e o orzamento para coñecemento da Administración obtido pola suma dos gastos correspondentes ó estudio e elaboración do proxecto, cando procedan, do orzamento das obras e do importe previsible das expropiacións necesarias e de restablecemento de servizos, dereitos reais e servidumes afectados, se é o caso.

2. Igualmente, na devandita memoria figurará a manifestación expresa e xustificada de que o proxecto comprende unha obra completa ou fraccionada, segundo o caso, no sentido permitido ou esixido respectivamente polos artigos 68.3 da lei e 125 deste regulamento. De estar comprendido o proxecto nun anteprojecto aprobado, farase constar esta circunstancia.

#### Artigo 128. *Aspectos contractuais da memoria.*

A memoria terá carácter contractual en todo o referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que forman parte das unidades de obra.

#### Artigo 129. *Contido dos planos.*

Os planos deberán ser o suficientemente descritivos para que poidan deducirse deles as medicións que sirvan de base para as valoracións pertinentes e para a exacta realización da obra.

#### Artigo 130. *Cálculo dos prezos das distintas unidades de obra.*

1. O cálculo dos prezos das distintas unidades de obra basearase na determinación dos custos directos e indirectos precisos para a súa execución, sen incorporar, en ningún caso, o importe do imposto sobre o valor engadido que poida gravalas entregas de bens ou prestacións de servizos realizados.

2. Consideraranse custos directos:

a) A man de obra que intervéñ directamente na execución da unidade de obra.

b) Os materiais, ós prezos resultantes a pé de obra, que quedan integrados na unidade de que se trate ou que sexan necesarios para a súa execución.

c) Os gastos de persoal, combustible, enerxía, etc. que teñan lugar polo accionamento ou funcionamento da maquinaria e instalacións utilizadas na execución da unidade de obra.

d) Os gastos de amortización e conservación da maquinaria e instalacións anteriormente citadas.

3. Consideraranse custos indirectos:

Os gastos de instalación de oficinas a pé de obra, comunicacións, edificación de almacéns, talleres, pavillóns temporais para obreiros, laboratorio, etc., os do persoal técnico e administrativo adscrito exclusivamente á obra e os imprevistos. Todos estes gastos, agás aqueles que se reflectan no orzamento valorados en unidades de obra ou en partidas por prezo global, cifraranse nunha porcentaxe dos custos directos, igual para tódalas unidades de obra, que adoptará, en cada caso, o autor do proxecto á vista da natureza da obra proxectada, da importancia do seu orzamento e do seu previsible prazo de execución.

4. Naqueles casos en que oscilacións dos prezos imprevistas e ulteriores á aprobación dos proxectos resten actualidade ós cálculos de prezos que figuran nos seus orzamentos poderán os órganos de contratación, se a obra merece o cualificativo de urxente, proceder á súa actualización aplicando unha porcentaxe lineal de aumento, co obxecto de axustalos expresados prezos ós vixentes no mercado no tempo da licitación.

5. Os órganos de contratación ditarán as instrucións complementarias de aplicación ó cálculo dos prezos unitarios nos distintos proxectos elaborados polos seus servizos.

#### Artigo 131. *Orzamento de execución material e orzamento base de licitación.*

Denominarase orzamento de execución material o resultado obtido pola suma dos produtos do número de cada unidade de obra polo seu prezo unitario e das partidas por prezo global.

O orzamento base de licitación obterase incrementando o de execución material nos seguintes conceptos:

1. Gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, cifrados nas seguintes porcentaxes aplicadas sobre o orzamento de execución material:

a) Do 13 ó 17 por 100, que fixará cada departamento ministerial, á vista das circunstancias concorrentes, en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais, imposto sobre o valor engadido excluído, taxas da Administración legalmente establecidas, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato. Excluiranse así mesmo os impostos que graven a renda das persoas físicas ou xurídicas.

b) O 6 por 100 en concepto de beneficio industrial do contratista.

Estas porcentaxes poderán ser modificadas con carácter xeral por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos cando por variación dos supostos actuais se considere necesario.

2. O imposto sobre o valor engadido que grave a execución da obra, o tipo do cal se aplicará sobre a suma do orzamento de execución material e os gastos xerais de estrutura indicados no número 1.

c

Artigo 132. *Contido do programa de traballo dos proxectos.*

O programa de traballo a que fai referencia o artigo 124.1, alínea e), da lei, entre outras especificacións, conterá, debidamente xustificadas, o previsible financiamento da obra durante o período de execución e os prazos nos que deberán ser executadas as distintas partes fundamentais en que poida descomparse a obra, determinándose os importes que corresponderá aboar durante cada un deles.

Artigo 133. *Indicación da clasificación das empresas nos contratos de obras en relación cos proxectos.*

Se, conforme o artigo 25 da lei, resultase esixible a clasificación, o órgano de contratación, ó aproba-los proxectos de obras, fixará os grupos e subgrupos en que deben estar clasificados os contratistas para optar á adxudicación do contrato, para o cal o autor do proxecto achegará unha proposta de clasificación.

Teranse en conta, ademais, as seguintes normas:

a) O órgano de contratación fará constar no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio da licitación a clasificación esixible ós licitadores.

b) Non poderá utilizarse o requisito da clasificación como un dos criterios para a adxudicación do contrato a que se refire o artigo 86 da lei.

Artigo 134. *Aprobación do proxecto.*

Realizada, se é o caso, a correspondente información pública, supervisado o proxecto, cumpridos os trámites establecidos e solicitados os informes que sexan preceptivos ou que se estime conveniente solicitar para un maior coñecemento de cantos factores poidan incidir na execución ou explotación das obras, o órgano de contratación resolverá sobre a aprobación do proxecto.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA SUPERVISIÓN DE PROXECTOS

Artigo 135. *Oficinas ou unidades de supervisión de proxectos.*

1. Os departamentos ministeriais que teñan ó seu cargo a realización de obras deberán establecer oficinas ou unidades de supervisión de proxectos para os efectos previstos no artigo 128 da lei e nos artigos 136 e 137 deste regulamento.

2. Cando polo escaso volume e importancia das obras que se van realizar non se xulgue necesario o establecemento de oficinas ou unidades de supervisión de proxectos o titular do departamento poderá acordar que as funcións de supervisión sexan exercidas pola oficina ou unidade do departamento que, por razón da especialidade do seu labor, resulte máis idónea á natureza das obras.

3. Os proxectos de obras que elaboren os organismos autónomos, entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais deberán ser supervisados pola oficina ou unidade do departamento ministerial de que dependan, salvo que tivesen establecida unha oficina ou unidade propia de supervisión.

Artigo 136. *Funcións das oficinas ou unidades de supervisión de proxectos.*

1. As oficinas ou unidades de supervisión de proxectos terán as seguintes funcións:

a) Verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, así como a

normativa técnica, que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto.

b) Proporlle ó órgano de contratación criterios e orientacións de carácter técnico para a súa inclusión, se é o caso, na norma ou instrucción correspondente.

c) Examinar que os prezos dos materiais e das unidades de obra son os axeitados para a execución do contrato na previsión establecida no artigo 14.1 da lei.

d) Verificar que o proxecto contén o estudio de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudio básico de seguridade e saúde.

e) As demais funcións que lles encomenden os titulares dos departamentos ministeriais.

2. Cando non estean encomendadas a outros órganos administrativos polos titulares dos departamentos ministeriais, as oficinas de supervisión de proxectos examinarán os estudos informativos, anteprojectos e proxectos de obra da súa competencia, así como as súas modificacións, solicitando as aclaracións, ampliacións de datos ou estudos, ou rectificacións que crean oportunas e esixindo a emenda ou emendando por si mesmas os defectos observados.

3. As oficinas ou unidades de supervisión farán declaración expresa nos seus informes de que o estudio informativo, anteprojecto ou proxecto para o que se propón a aprobación ou modificación reúne cantos requisitos son esixidos pola lei e por este regulamento, declaración que será recollida na resolución de aprobación.

4. O informe que deben emitir as oficinas ou unidades de supervisión de proxectos deberá selo no prazo máximo dun mes, salvo que polas características do proxecto se requira outro maior, contado a partir da recepción do proxecto, unha vez emendados, se é o caso, os defectos advertidos, e deberá incorporarse ó expediente respectivo como documento integrante deste.

Artigo 137. *Supervisión das variantes.*

Será preceptivo, antes da adxudicación do contrato, o informe da oficina de supervisión de proxectos cando se admitan variantes propostas polo posible adxudicatario en relación cos proxectos aprobados pola Administración, calquera que sexa a contía do contrato.

### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Artigo 138. *Expediente de contratación nos contratos de obras.*

O órgano de contratación, realizado o replanteo previo, tramitará o expediente de contratación, ó que deberán incorporarse antes da súa aprobación, como mínimo, os seguintes documentos:

1. Resolución aprobatoria do proxecto e informe da oficina ou unidade de supervisión.

2. Acta de replanteo.

3. Prego de cláusulas administrativas particulares, co informe do servicio xurídico respectivo, nos termos previstos no artigo 49.4 da lei.

4. Certificado de existencia de crédito orzamentario, ou documento que legalmente o substitúa, expedido pola oficina de contabilidade competente, agás nos supostos a que fai referencia o artigo 125.5 da lei.

5. Fiscalización previa nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria ou nas correspondentes normas orzamentarias das distintas administracións públicas.

c

## CAPÍTULO III

## Da execución e modificación do contrato de obras

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRASArtigo 139. *Comprobación do replanteo.*

A comprobación do replanteo a que se refire o artigo 142 da lei suxeitarase ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Se o contratista non acudise, sen causa xustificada, ó acto de comprobación do replanteo a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos na lei.

2.<sup>a</sup> Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre, a xuízo do director da obra e sen reserva por parte do contratista, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, aquel dará a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta que se redacte; de tal autorización quedará notificado o contratista polo feito de a subscribir, e o prazo de execución das obras empezará a contar desde o día seguinte ó da sinatura da acta.

3.<sup>a</sup> Cando se trate da realización dalgunha das obras a que se refire o artigo 129.2 da lei haberá que aterse ó disposto neste en canto á dispoñibilidade de terreos podendo comezarse as obras se estivesen dispoñibles os terreos imprescindibles para iso e completarse a dispoñibilidade dos restantes segundo o esixa a súa execución.

4.<sup>a</sup> Cando non resulten acreditadas as circunstancias a que se refire o número anterior ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas quedará suspendida a súa iniciación, facéndose constar na acta, ata que o órgano de contratación adopte a resolución procedente dentro das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das administracións públicas. En tanto sexa dictada esta resolución quedará suspendida a iniciación das obras desde o día seguinte á sinatura da acta, computándose a partir da devandita data o prazo de seis meses a que se refire o artigo 149, alínea b), da lei, sen prexuízo de que, se fosen superadas as causas que impediron a iniciación das obras, se dicte acordo autorizando o seu comezo, notificándollo ó contratista e computándose o prazo de execución desde o día seguinte ó da notificación.

5.<sup>a</sup> O disposto no punto anterior aplicarase igualmente cando o contratista formulase reservas no acto de comprobación do replanteo. Non obstante, se tales reservas resultasen infundadas, a xuízo do órgano de contratación, non quedará suspendida a iniciación das obras nin, en consecuencia, será necesario dictar un novo acordo para que se produza a súa iniciación e se modifique o cómputo do prazo para a súa execución.

Artigo 140. *Acta de comprobación do replanteo e os seus efectos.*

1. A acta de comprobación do replanteo reflectirá a conformidade ou desconformidade deste respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poida afecta-lo cumprimento do contrato.

2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fíxese outras observacións que poidan afecta-la execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspende-lo comezo da obra, xustificándoo na propia acta.

3. Un exemplar da acta remitiráselle ó órgano de contratación, outro entregaráselle ó contratista e un terceiro á dirección.

4. A acta de comprobación do replanteo formará parte integrante do contrato para os efectos da súa esixibilidade.

Artigo 141. *Modificacións acordadas como consecuencia da comprobación do replanteo.*

1. Se como consecuencia da comprobación do replanteo se deduce a necesidade de introducir modificacións no proxecto a dirección redactará no prazo de quince días, sen prexuízo da remisión inmediata da acta, unha estimación razoada do importe das devanditas modificacións.

2. Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto esta tramitarase conforme as normas xerais da lei e deste regulamento, acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso a iniciación dos traballos naquelas partes non afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

Artigo 142. *Incidencias na execución e autorizacións e licencias.*

1. Unha vez iniciados os traballos, cantas incidencias poidan xurdir entre a Administración e o contratista serán tramitadas e resoltas pola primeira coa maior brevidade, adoptando as medidas convenientes para non altera-lo ritmo das obras.

2. Para os efectos do número anterior, o órgano de contratación facilitará as autorizacións e licencias da súa competencia que sexan precisas ó contratista para a execución da obra e prestaralle o seu apoio nos demais casos.

Artigo 143. *Ocupación temporal de terreos a favor do contratista.*

Cando o contratista solicite incoación de expediente de ocupación temporal de terreos ó seu favor nos supostos previstos no artigo 108 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, serán por conta do contratista por tal concepto cantos gastos e indemnizacións se produzan.

Artigo 144. *Programa de traballo que deberá presentalo contratista.*

1. Cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato.

2. O órgano de contratación resolverá sobre o programa de traballo dentro dos quince días seguintes á súa presentación, podendo impo-la introducción de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

3. No programa de traballo que deberá presentar, se é o caso, o contratista deberá incluí-los seguintes datos:

a) Ordenación en partes ou clases de obra das unidades que integran o proxecto, con expresión das súas medicións.

b) Determinación dos medios necesarios, tales como persoal, instalacións, equipamento e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

c

c) Estimación en días dos prazos de execución das diversas obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e dos de execución das diversas partes ou unidades de obra.

d) Valoración mensual e acumulada da obra programada, sobre a base das obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e partes ou unidades de obra a prezos unitarios.

e) Diagrama das diversas actividades ou traballos.

4. O director da obra poderá acordar non dar curso ás certificacións ata que o contratista presente en debida forma o programa de traballo cando este sexa obrigatorio, sen dereito a xuros de mora, se é o caso, por atraso no pagamento destas certificacións.

#### Artigo 145. *Ensaio e análises dos materiais e unidades de obra.*

Sen prexuízo dos ensaios e análises previstos no prego de prescricións técnicas, nos que se observará o seu contido, o director da obra pode ordenar que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, sendo por conta da Administración ou do contratista, segundo determine o prego de cláusulas administrativas particulares, os gastos que se orixinen.

#### Artigo 146. *Procedemento en casos de forza maior.*

1. O contratista que estimase que concorre a aplicación dalgún dos casos de forza maior enumerados no artigo 144.2 da lei presentará a oportuna comunicación ó director da obra no prazo de vinte días, contados desde a data final do acontecemento, manifestando os fundamentos en que se apoia, os medios que empregou para contrarrestar os seus efectos e a natureza, entidade e importe estimado dos danos sufridos.

2. O director da obra comprobará seguidamente sobre o terreo a realidade dos feitos, e logo de toma-los datos necesarios e as informacións pertinentes, procederá á valoración dos danos causados, efectuando unha proposta sobre a existencia da causa alegada, da súa relación cos prexuízos ocasionados e, en definitiva, sobre a procedencia ou non de indemnización.

3. A resolución do expediente corresponderá ó órgano de contratación, logo de audiencia do contratista e informe da asesoría xurídica.

#### Artigo 147. *Medicións.*

1. A dirección da obra realizará mensualmente e na forma e condicións que estableza o prego de prescricións técnicas particulares, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

2. O contratista poderá presencia-la realización de tales medicións.

3. Para as obras ou partes de obra en que as que as dimensións e características deban quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar-la dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realiza-las correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, a conformidade das cales subscribirá o contratista.

4. Na falta de aviso anticipado, a existencia do cal lle corresponde probar ó contratista, este queda obrigado a acepta-las decisións da Administración sobre o particular.

#### Artigo 148. *Relacións valoradas.*

1. O director da obra, tomando como base as medicións das unidades de obra executadas a que se refire o artigo anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

2. Non poderá omitirse a redacción da devandita relación valorada mensual polo feito de que, nalgún mes, a obra realizada fose de pequeno volume ou mesmo nula, a menos que a Administración acordase a suspensión da obra.

3. A obra executada valorarase ós prezos de execución material que figuren no cadro de prezos unitarios do proxecto para cada unidade de obra e ós prezos das novas unidades de obra non previstas no contrato que fosen debidamente autorizados e tendo en conta o previsto nos correspondentes pregos para aboamentos de obras defectuosas, materiais almacenados, partidas por prezo global e aboamentos á conta do equipamento posto en obra.

O resultado da valoración, obtido na forma expresada no parágrafo anterior, aumentaráselle as porcentaxes adoptadas para forma-lo orzamento base de licitación e a cifra que resulte da operación anterior multiplicarase polo coeficiente de adxudicación, obtendo así a relación valorada que se aplicará á certificación de obra correspondente ó período de pagamento de acordo co contido no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

#### Artigo 149. *Audiencia do contratista.*

Simultaneamente á tramitación da relación valorada a dirección da obra enviará un exemplar ó contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos, podendo este formula-las alegacións que estime oportunas nun prazo máximo de dez días hábiles a partir da recepción do expresado documento.

Transcorrido este prazo sen formular alegacións por parte do contratista considerarase outorgada a conformidade á relación valorada. No caso contrario e de aceptarse en todo ou en parte as alegacións do contratista, estas teranse en conta á hora de redactar-la próxima relación valorada ou, se é o caso, na certificación final ou na liquidación do contrato.

#### Artigo 150. *Certificacións de obra.*

Para os efectos do artigo 99.4 da lei, o director, sobre a base da relación valorada, expedirá a correspondente certificación de obra no prazo máximo de dez días seguintes ó período a que corresponda.

#### Artigo 151. *Modelos e numeración de certificacións.*

1. As certificacións axustaranse ó modelo do anexo XI, que será de uso obrigatorio para a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e restantes entidades públicas estatais suxeitas á lei.

2. As certificacións, aínda que concorran varias entidades ó financiamento, numeraranse correlativamente para cada contrato.

#### Artigo 152. *Cómputo do prazo das certificacións que excedan das anualidades previstas.*

Nas certificacións que se redacten excedendo do importe das anualidades que rexan no contrato non se contará o prazo previsto no artigo 99.4 da lei desde a data da súa expedición, senón desde aquela outra posterior na que conforme as condicións convidas e programas de traballo aprobados deberían producirse.

c

**Artigo 153. Prezos e gastos.**

1. Tódolos traballos, medios auxiliares e materiais que sexan necesarios para a correcta execución e rematado de calquera unidade de obra, consideraranse incluídos no seu prezo, aínda que non figuren todos eles especificados na descomposición ou descrición dos prezos.

2. Tódolos gastos que polo seu concepto sexan asimilables a calquera dos que, baixo o título xenérico de custos indirectos, se mencionan no artigo 130.3 deste regulamento, consideraranse sempre incluídos nos prezos das unidades de obra do proxecto cando non figuren no orzamento valorados en unidades de obra ou en partidas por prezo global.

**Artigo 154. Partidas por prezo global.**

1. As partidas por prezo global valoraranse conforme se indique no prego de prescricións técnicas particulares. No seu defecto consideraranse:

a) Como partidas por prezo global a xustificar, as susceptibles de seren medidas en tódalas súas partes en unidades de obra, con prezos unitarios, e

b) Como partidas por prezo global de aboamento íntegro, aquelas que se refiren a traballos dos que a especificación figure nos documentos contractuais do proxecto e non sexan susceptibles de medición segundo o prego.

2. As partidas por prezo global a xustificar valoraranse ós prezos da adxudicación conforme as condicións do contrato e o resultado das medicións correspondentes. Cando os prezos dunha ou varias unidades de obra non figuren incluídos nos cadros de prezos, procederáse conforme o disposto no artigo 146.2 da lei, e neste caso, para a introducción dos novos prezos así determinados deberán cumprirse conxuntamente as dúas condicións seguintes:

a) Que o órgano de contratación aprobese, ademais dos novos prezos, a xustificación e descomposición do orzamento da partida por prezo global, e

b) Que o importe total da devandita partida por prezo global, tendo en conta na súa valoración tanto os prezos incluídos nos cadros de prezos como os novos prezos de aplicación, non exceda do importe da mesma figurado no proxecto.

3. As partidas por prezo global de aboamento íntegro serán aboadas ó contratista na súa totalidade unha vez determinados os traballos ou obras a que se refiran, de acordo coas condicións do contrato e sen prexuízo do que o prego de cláusulas administrativas particulares poida establecer respecto do seu aboamento fraccionado en casos xustificadas.

Cando a especificación dos traballos ou obras substitutivos dunha partida por prezo global de aboamento íntegro non figure nos documentos contractuais do proxecto ou figure de modo incompleto, impreciso ou insuficiente para os fins da súa execución, observaranse as instrucións que para tales efectos dicte por escrito a dirección, ás que poderá oporse o contratista en caso de desconformidade.

**Artigo 155. Aboamentos á conta por materiais almacenados.**

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos á conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais almacenados necesarios para a obra logo da autorización do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata dos devanditos materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que exista petición expresa do contratista, xuntando documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.

b) Que fosen recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.

c) Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.

d) Que o contratista preste a súa conformidade ó plan de devolución a que se refire o número 4 deste artigo.

2. As partidas correspondentes a materiais almacenados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.

3. Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplica-lo coeficiente de adxudicación ó valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, se é o caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial será fixado pola dirección da obra, non podendo supera-lo 50 por 100 do prezo da devandita unidade de obra.

4. A dirección da obra xuntará á relación valorada un plan de devolución das cantidades anticipadas para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais.

Cando circunstancias especiais o aconsellen o órgano de contratación, por proposta da dirección da obra, poderá acordar que estes reintegros se cancelen anticipadamente en relación cos prazos previstos no plan de devolución.

5. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante do número 3 cando exista crédito abondo con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de non se poder cubri-la totalidade do aboamento á conta reflectido na relación valorada, procederáse ó aboamento que corresponda ó crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

**Artigo 156. Aboamentos á conta por instalacións e equipamentos.**

1. Tamén terá dereito o contratista a percibir aboamentos á conta por razón das instalacións e equipamentos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

a) O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.

b) No caso de instalacións, o aboamento non poderá supera-lo 50 por 100 da partida de gastos xerais que queden por certificar ata a finalización da obra e no de equipamentos o 20 por 100 das unidades de obra ós prezos contratados que queden por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.

c) O cálculo da cantidade que hai que aboar deberá ir acompañado dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.

2. En canto ós requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución haberá que averse ó disposto no artigo anterior.

**Artigo 157. Garantías por aboamentos á conta por materiais almacenados e por instalacións e equipamentos.**

1. As garantías que, conforme o disposto no artigo 145.2 da lei, deben constituírse para aseguralo

c

importe total dos pagamentos á conta polas operacións preparatorias realizadas como instalacións e almacenamento de materiais ou equipamentos de maquinaria pesada adscritos á obra, rexeranse polo disposto para as garantías, con carácter xeral, na lei e neste regulamento.

2. O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos á conta percibidos.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> MODIFICACIÓNS NO CONTRATO DE OBRAS

##### Artigo 158. *Prezo das unidades de obra non previstas no contrato.*

1. Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos que a fixar basearase, en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato e, en calquera caso, nos custos que correspondesen á data en que tivo lugar a adxudicación.

2. Os novos prezos, unha vez aprobados polo órgano de contratación, consideraranse incorporados para tódolos efectos ós cadros de prezos do proxecto, sen prexuízo do establecido no artigo 146.2 da lei.

##### Artigo 159. *Variacións nos prazos de execución por modificacións do proxecto.*

1. Acordada polo órgano de contratación a redacción de modificacións do proxecto que impliquen a imposibilidade de continuar executando determinadas partes da obra contratada, deberá acordarse igualmente a suspensión temporal, parcial ou total da obra sen prexuízo do disposto no artigo 146.4 da lei.

2. En canto á variación en máis ou en menos dos prazos que deriven da execución das modificacións do proxecto aprobadas, aplicarase o establecido no artigo 96 deste regulamento, sen prexuízo do que proceda de ter habido lugar á suspensión temporal, parcial ou total.

##### Artigo 160. *Variacións sobre as unidades de obras executadas.*

1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.

2. As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ó crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final a que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 deste regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houber necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.

##### Artigo 161. *Modificación da procedencia de materiais naturais.*

Tramitaranse como modificación do contrato os cambios da orixe ou procedencia dos materiais naturais previstos e esixidos na memoria ou, se é o caso, no prego de prescricións técnicas.

##### Artigo 162. *Reaxuste do prazo de execución por modificacións.*

1. Cando, sen introducir novas unidades de obra, as modificacións do proxecto provoquen variación no importe do contrato e impliquen a necesidade de readapta-lo prazo de execución da obra, este non poderá ser aumentado ou diminuído en maior proporción que na que resulte afectado o citado importe. O prazo concretarase en meses redondeándose á alza o número de días sobrantes que resulte.

2. Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o director das obras elevará ó órgano de contratación as propostas dos prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista ós novos prezos e á variación do prazo total da obra será condición necesaria para poder comeza-los traballos correspondentes ás unidades novas.

## CAPÍTULO IV

### Da extinción dos contratos de obras

##### Artigo 163. *Aviso de terminación da execución do contrato.*

1. O contratista, cunha antelación de corenta e cinco días hábiles, comunicará por escrito á dirección da obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, para os efectos de que se poida realiza-la súa recepción.

2. O director da obra, en caso de conformidade coa devandita comunicación, elevaraa co seu informe ó órgano de contratación cun mes de antelación, polo menos, respecto da data prevista para a terminación.

A vista do informe o órgano de contratación adoptará a resolución pertinente procedendo a designar un representante para a recepción e a comunica-lo devandito acto á Intervención da Administración correspondente, cando a devandita comunicación sexa preceptiva, para a súa asistencia potestativa a aquel nas súas funcións de comprobación do investimento.

A comunicación á Intervención á que se refire o parágrafo anterior deberá realizarse cunha antelación mínima de vinte días á data fixada para realiza-la recepción.

3. Nos casos en que a duración do contrato non permita cumpri-los prazos marcados nos puntos anteriores fixaranse no prego de cláusulas administrativas particulares os prazos de comunicación que deben ser cumpridos.

##### Artigo 164. *Acta de recepción.*

1. O representante do órgano de contratación fixará a data da recepción e, con tal obxecto, citará por escrito á dirección da obra, ó contratista e, se é o caso, ó representante da Intervención correspondente.

O contratista ten obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da Administración remitiralle un exemplar da acta para que no prazo de dez días

c

formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

2. Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán tódolos asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

#### Artigo 165. *Recepcións parciais.*

Cando teñan lugar nun contrato recepcións parciais de partes de obra susceptibles de seren entregadas ó uso público de conformidade co artigo 147.5 da lei, deberá expedirse a correspondente certificación á conta.

#### Artigo 166. *Medición xeral e certificación final das obras.*

1. Recibidas as obras procederase seguidamente á súa medición xeral con asistencia do contratista, e o director da obra formulará, no prazo dun mes desde a recepción, a medición das realmente executadas de acordo co proxecto. Para tal efecto, na acta de recepción o director da obra fixará a data para o inicio da devandita medición, quedando notificado o contratista para o devandito acto. Excepcionalmente, en función das características das obras, poderá establecerse un prazo maior no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. O contratista ten a obriga de asistir á toma de datos e realización da medición xeral que efectuará o director da obra.

3. Para realiza-la medición xeral utilizaranse como datos complementarios a comprobación do replanteo, os replanteos parciais e as medicións efectuadas desde o inicio da execución da obra, o libro de incidencias, se o houberse, o de ordes e cantos outros estimen necesarios o director da obra e o contratista.

4. Do devandito acto levantarase acta en exemplar triplicado que asinarán o director da obra e o contratista; cada un dos asinantes retirará un exemplar e o terceiro remitírallo o director da obra ó órgano de contratación. Se o contratista non asistiu á medición o exemplar da acta seralle remitido polo director da obra.

5. O resultado da medición notificaráselle ó contratista para que no prazo de cinco días hábiles preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que estime oportunos.

6. As reclamacións que estime oportuno face-lo contratista contra o resultado da medición xeral dirixiraas por escrito no prazo de cinco días hábiles ó órgano de contratación por conducto do director da obra, o cal as elevará a aquel co seu informe no prazo de dez días hábiles.

7. Sobre a base do resultado da medición xeral e dentro do prazo que establece o número 1, o director da obra redactará a correspondente relación valorada.

8. Dentro dos dez días seguintes ó termo do prazo que establece o número 1, o director da obra expedirá e tramitará a correspondente certificación final.

9. Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da recepción da obra, o órgano de contratación deberá aproba-la certificación final das obras executadas, que será aboada, se é o caso, ó contratista dentro do prazo de dous meses a partir da súa expedición á conta da liquidación do contrato. No suposto de que, de conformidade coa excepción prevista no número 1, se fixase un prazo superior a un mes para a medición das obras, a aprobación da certificación final non poderá supera-lo prazo dun mes desde a recepción da contestación do contratista ó trámite de audiencia a que fai referencia o número 5.

#### Artigo 167. *Obrigas do contratista durante o prazo de garantía.*

1. Durante o prazo de garantía o contratista coidará en todo caso da conservación e policía das obras conforme o previsto nos pregos e ás instrucións dadas polo director da obra.

2. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra, a Administración, á custa do contratista, executará os traballos necesarios para evita-lo dano.

#### Artigo 168. *Ocupación ou posta en servizo das obras sen recepción formal.*

1. O acordo da ocupación efectiva das obras ou da súa posta en servizo para uso público previstas no artigo 147.6 da lei requirirá do levantamento da correspondente acta de comprobación das obras, que será subscrita polo representante designado polo órgano de contratación, o seu director e o contratista, debéndoselle comunicar á Intervención da Administración correspondente para a súa asistencia potestativa ó mesmo. Nos supostos en que a obra vaia ser xestionada por unha Administración ou entidade distinta á Administración contratante a acta tamén deberá ser subscrita por un representante daquela.

2. Para os efectos do punto anterior a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para uso público producirá os efectos da recepción se, de acordo coa acta de comprobación, as obras estivesen finalizadas e fosen conformes coas prescricións previstas no contrato. Se pola contra se observasen defectos, deberán detallarse na acta de comprobación xunto coas instrucións precisas e o prazo fixado para emendalos. O órgano de contratación, á vista dos defectos advertidos, decidirá sobre a devandita ocupación efectiva ou posta en servizo para uso público das obras.

#### Artigo 169. *Liquidación no contrato de obras.*

1. Transcorrido o prazo de garantía, se o informe do director da obra sobre o estado das obras fose favorable ou, no caso contrario, unha vez reparado o construído, o director formulará no prazo dun mes a proposta de liquidación das realmente executadas, tomando como base para a súa valoración as condicións económicas establecidas no contrato.

2. A proposta de liquidación notificaráselle ó contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que estime oportunos.

3. Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aproba-la liquidación e aboar, se é o caso, o saldo resultante desta.

#### Artigo 170. *Suspensión definitiva das obras.*

A suspensión definitiva das obras só poderá ter lugar por motivo grave e mediante acordo do órgano de contratación, por proposta do funcionario competente da Administración.

#### Artigo 171. *Desistencia e suspensión das obras.*

1. A suspensión definitiva ou por un prazo superior a oito meses das obras iniciadas, acordada pola Administración e imputable a esta, daralle dereito ó contratista ó valor das efectivamente realizadas e ó 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial.

c

Considerarase obra efectivamente realizada para tales efectos non só a que poida ser obxecto de certificación por unidades de obra rematadas, senón tamén as accesorias levadas a cabo polo contratista e o importe das cales forma parte do custo indirecto a que se refire o artigo 130.3 deste regulamento, así como tamén os materiais almacenados a pé de obra.

Para os efectos da aplicación do 6 por 100 do prezo das obras deixadas de realizar en concepto de beneficio industrial tomarase como prezo do contrato o orzamento de execución material con deducción da baixa de licitación, se é o caso.

2. A desistencia das obras por parte da Administración terá os mesmos efectos que a súa suspensión definitiva.

**Artigo 172. *Resolución do contrato, cando as obras teñan que ser continuadas.***

1. Iniciado o expediente de resolución dun contrato as obras do cal teñan que ser continuadas por outro contratista ou pola propia Administración, prepararase seguidamente a proposta de liquidación daquelas.

2. A liquidación comprenderá a constatación e medición das obras xa realizadas, especificando as que sexan de recibo e fixando os saldos pertinentes en favor ou en contra do contratista.

3. A liquidación notificaráselle ó contratista ó mesmo tempo que o acordo de resolución.

**Artigo 173. *Incorporación de obras ó inventario xeral de bens e dereitos.***

A recepción de obras de carácter inventariable e, se é o caso, das de mellora irá seguida da súa incorporación ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos.

Para estes efectos, a dirección da obra xuntará á acta de recepción un estado de dimensións e características da obra executada que defina con detalle as obras realizadas tal como se atopan no momento da recepción.

## CAPÍTULO V

### Da execución de obras pola propia Administración

**Artigo 174. *Obras de emerxencia executadas pola Administración.***

No suposto do número 1, alínea d), do artigo 152 da lei deberá redactarse a documentación técnica descritiva das obras realizadas tan pronto como as circunstancias o permitan e, en todo caso, con carácter previo ó cumprimento dos trámites a que se refire o artigo 72.1, alínea c), da lei.

**Artigo 175. *Contratos necesarios para a execución de obras pola Administración.***

Os contratos de subministración, de consultoría e asistencia e de servizos que sexan precisos para a execución de obras directamente pola Administración adxudicaránse con suxeición ás regras xerais establecidas na lei para a adxudicación do respectivo tipo de contrato.

**Artigo 176. *Contratos de colaboración con empresarios particulares.***

1. Os contratos de colaboración con empresarios particulares, que de conformidade e cos límites establecidos nos números 3 e 4 do artigo 152 da lei se adxudican polos procedementos e formas establecidas

nesta, poderán realizarse conforme as seguintes modalidades:

a) Mediante o sistema de custo e custas fixado conforme o artigo 130 deste regulamento e con dereito do colaborador a unha percepción económica determinada que en ningún caso será superior ó 5 por 100 do total daqueles.

b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo global, non superior ó previsto no proxecto.

2. O procedemento negociado para a adxudicación dos contratos a que se refire o punto anterior só procederá nos casos dos artigos 140, 141, 181, 182, 209 e 210 da lei, segundo a natureza da prestación contratada.

**Artigo 177. *Traballos de conservación.***

Os traballos ordinarios e permanentes de conservación que sexan realizados exclusivamente polos propios servizos da Administración organizados para estas atencións, non estarán suxeitos ós trámites e requisitos establecidos nos artigos precedentes.

**Artigo 178. *Orzamento de execución e contido dos proxectos en execución de obras pola Administración.***

1. O orzamento da obra que directamente vaia ser executada pola Administración, cando se prevexa a adopción deste sistema, será o obtido como de execución material, incrementado na porcentaxe necesaria para atender as percepcións que poidan ter lugar polo traballo ou xestión de empresarios colaboradores a que se refire o artigo 176 deste regulamento, incluíndo, como partida independente, o imposto sobre o valor engadido que corresponda.

2. Os proxectos de obras que vaian ser executados pola Administración, fóra dos supostos das alíneas d), g) e h) do número 1 do artigo 152 da lei, deberán contelas determinacións que se recollen no artigo 124 da propia lei. En todo caso, o orzamento estará descomposto en tres parciais, de materiais, maquinaria e man de obra, nos que se detalle de forma unitaria a repercusión dos tres conceptos sinalados en cada unha das unidades de obra, todo iso de acordo co cadro de prezos descompostos das mesmas que, en calquera caso, deberá contelo proxecto.

3. Os orzamentos descompostos tomaranse como base cando se trate de contratar materiais, maquinaria ou man de obra de forma separada. Se esta contratación fose por unidades de obra, tomarase como base o cadro de prezos que necesariamente deberá figurar no proxecto sen descomposición destes.

4. No suposto da alínea e) do artigo 152.1 da lei, o orzamento do proxecto será fixado de forma estimativa e no da alínea f), tomando como base os prezos fixados pola Administración de conformidade co artigo 146.2 da lei.

5. En todo caso, nos proxectos que vaian servir como base para a modalidade de execución de obras pola Administración non se poderá simplificar, refundir nin suprimir ningún dos documentos que o integran.

**Artigo 179. *Comprobación, recepción e liquidación das obras executadas pola Administración.***

1. As obras executadas pola Administración serán obxecto de recoñecemento e comprobación por un facultativo designado para o efecto e distinto do director delas, coa concorrencia dun representante da Interven-



ción Xeral, debidamente asistido, en forma obrigatoria para as de custo superior a 30.100 euros e potestativa nos restantes casos.

2. A liquidación das obras executadas pola Administración e as executadas por colaboradores de acordo coa alínea a) do artigo 176 deste regulamento, realizarase mediante os oportunos xustificantes dos gastos realizados por tódolos conceptos.

3. A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo coa alínea b) do artigo 176 deste regulamento, realizarase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado.

## TÍTULO II

### Do contrato de xestión de servizos públicos

#### CAPÍTULO I

##### Das modalidades do contrato

#### Artigo 180. *Xestión interesada.*

Cando o contrato se verifique baixo a modalidade de xestión interesada, poderase establecer un ingreso mínimo en favor de calquera das partes asociadas, que será aboado pola outra parte, cando o resultado da explotación non alcance a cubrir un determinado importe de beneficios.

#### Artigo 181. *Concerto.*

A modalidade de concerto utilizarase naqueles supostos nos que para o desempeño ou maior eficacia dun servizo público lle conveña á Administración contrata-la actividade privada de particulares que teña análogo contido ó do respectivo servizo.

#### Artigo 182. *Sociedade de economía mixta.*

Nos contratos de xestión de servizos públicos a sociedade de economía mixta figurará como contratante coa Administración, correspondéndolle os dereitos e obrigas propios do concesionario de servizos públicos.

#### CAPÍTULO II

##### Dos proxectos de explotación, da execución e extinción do contrato

#### Artigo 183. *Proxectos de explotación do servizo público e proxectos de obras.*

1. Con excepción dos expostos a que fai referencia o artigo 158.2 da lei os proxectos de explotación deberán referirse a servizos públicos susceptibles de seren organizados con unidade e independencia funcional. Comprenderán un estudo económico-administrativo do servizo, do seu réxime de utilización e das particularidades técnicas que resulten precisas para a súa definición, que deberá ser incorporado polo órgano de contratación ó expediente de contratación antes da aprobación deste último.

2. Os proxectos de obras necesarias para o establecemento do servizo público seranlles de aplicación os artigos 122, 124, 125, 127, 128 e 129 da lei e 124 a 132 e 134 deste regulamento.

3. Cando o contratista deba redactalo proxecto das obras necesarias para o establecemento ou explotación do servizo o devandito proxecto deberá ser aprobado polo órgano de contratación.

#### Artigo 184. *Facultades de policía na concesión.*

1. Na concesión administrativa de servizos públicos o órgano de contratación poderá atribuírle ó concesionario determinadas facultades de policía, sen prexuízo das xerais de inspección e vixilancia que incumban a aquel.

2. Contra os actos do concesionario no exercicio de tales facultades poderá reclamarse ante a Administración concedente.

#### Artigo 185. *Recepción das obras realizadas sen suspensión do servizo.*

Nos contratos de xestión de servizos públicos a recepción das obras de conservación, reparación ou acondicionamento que se realicen con interrupcións do servizo público ou adopción de medidas temporais de adecuación do seu funcionamento, pero sen suspensión daquel, efectuarase unha vez que se restableza a prestación normal do servizo.

#### Artigo 186. *Actuacións na intervención do servizo.*

Cando se acorde a intervención do servizo, de conformidade co artigo 166 da lei, corresponderalle ó órgano de contratación que adxudicase o contrato o nomeamento do funcionario ou funcionarios que teñan que desempeña-las funcións interventoras e ás decisións da cal deberá someterse o contratista durante o período de intervención.

## TÍTULO III

### Do contrato de subministración

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 187. *Subministración de fabricación con entrega de materiais.*

1. Nos contratos de subministración de fabricación ós que se refire o artigo 172.1, alínea c), da lei, cando a Administración achegue total ou parcialmente os materiais precisos consideraranse estes depositados baixo a custodia do adxudicatario, que deberá prestar, ademais, as garantías especiais que para o efecto fixará o prego de cláusulas administrativas particulares.

2. A responsabilidade do adxudicatario respecto ós materiais a que se refire o punto anterior quedará extinguida cando se reciban de conformidade os bens obxecto da subministración.

#### Artigo 188. *Bens semoventes.*

Rexeranse polas disposicións da lei e deste regulamento as adquisicións de semoventes, sen prexuízo das que, sen contradicir aquelas, se conteñan en normas especiais.

#### Artigo 189. *Contía dos contratos de subministración.*

A contía dos contratos de subministración determinarase conforme as seguintes regras:

a) Nos contratos de arrendamento de duración determinada, polo valor total estimado para a duración do contrato, e nos de duración indeterminada ou nos que non poida determinarse, polo valor correspondente a corenta e oito mensualidades.

c

b) Nos contratos de subministración que teñan carácter de regularidade ou que se previra a súa prórroga por un período de tempo determinado, ou ben polo valor real total dos contratos similares celebrados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, axustado, cando sexa posible, en función dos cambios de cantidade ou valor previstos para os doce meses posteriores ó contrato inicial, ou ben polo valor total estimado dos bens que se entregarán durante os doce meses seguintes á primeira entrega ou no transcurso do contrato se a súa duración fose superior a doce meses.

c) Nos contratos de subministración que poidan adxudicarse por lotes, deberase toma-lo valor estimado do conxunto dos lotes, para os efectos de aplicación das regras anteriores.

d) Nos casos en que o contrato de subministración prevea expresamente a existencia de opcións, a base para calcula-lo valor estimado do contrato será a do importe total máximo autorizado da compra ou o arrendamento, incluíndo o exercicio da opción.

## CAPÍTULO II

### Da adquisición de equipamentos e sistemas para o tratamento da información e da adquisición centralizada

#### Artigo 190. *Determinados supostos de contratación.*

1. Nos contratos de subministracións que teñan por obxecto a adquisición de equipamentos ou sistemas para o tratamento da información e que inclúan a prestación dos servizos de conservación, reparacións, mantemento e de formación especializada do persoal, tales prestacións serán obxecto de cláusulas diferenciadas.

2. O adxudicatario dun contrato de subministración para a compra de equipamentos ou sistemas para o tratamento da información que inclúa a prestación do mantemento asumirá fronte á Administración o compromiso de mantemento de tódolos dispositivos ou elementos ofrecidos, aínda que non sexan da súa fabricación ou da empresa por el representada.

Para o devandito fin, o prego de cláusulas administrativas establecerá o compromiso do adxudicatario de realiza-lo mantemento dos bens obxecto da subministración, incluídas revisións preventivas, e reparacións de avarías das máquinas ou dispositivos destas, reposición de pezas, suplencia do equipamento avariado mediante outro de reserva e actualización ou adaptación de programas.

3. As prestacións derivadas do mantemento axustaranse ás especificacións que, para tal efecto, establecese o adxudicatario na súa oferta referente ó contrato de subministración de que se trate.

#### Artigo 191. *Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares para a adquisición de equipamentos e sistemas para o tratamento da información.*

Os pregos de cláusulas administrativas particulares para a adquisición de equipamentos e sistemas para o tratamento da información, os seus elementos complementarios e auxiliares serán aprobados pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, cando esta sexa o órgano de contratación, por proposta do departamento ministerial, organismo autónomo ou entidade pública interesada e logo do informe da Comisión Interministerial para a Adquisición de Bens e Servizos Informáticos.

#### Artigo 192. *Contido das proposicións.*

Cuando a subministración de equipamentos e sistemas para o tratamento da información inclúa o man-

temento, no prego de cláusulas administrativas particulares farase constar que os oferentes terán que detalla-las súas prestacións no referente a revisións preventivas, reparación e substitución de pezas, suplencia de equipamento en caso de avarías, melloras de programación e outras asimilables, expresando o prazo e o prezo polo que se comprometan ó mantemento do equipamento.

Igualmente, cando resulte procedente, farase constar no prego que os oferentes detallarán os plans de formación do persoal necesario a calquera nivel, indicando se ten que ser gratuíta ou mediante retribución, sinalando neste último caso o seu importe. Así mesmo, o prego prescribirá que os oferentes deben precisa-lo número de persoas e horas que se comprometen a prestar como asistencia técnica sen cargo específico e as tarifas que teñan que aplicarse ó supera-lo mínimo ofrecido ou ó utilizala en prazo superior ó previsto.

#### Artigo 193. *Procedemento para a adquisición centralizada de bens declarados de utilización común.*

1. A orde do ministro de Facenda que determine os bens que teñen que ser adquiridos de forma centralizada producirá efectos desde a súa entrada en vigor salvo que expresamente dispoña que a centralización se produza a partir da adxudicación dos respectivos contratos de adopción do tipo.

2. Así mesmo, na dita orde o ministro de Facenda poderá dispor que a declaración de adquisición centralizada dos bens de todos ou algún dos tipos que non cheguen a ser adxudicados polos procedementos previstos no número 3 seguinte, ou que, séndoo, non reúnan as características esenciais para satisfacer a concreta necesidade do organismo petionario, quede sen efecto provisionalmente ata que sexan adxudicados os correspondentes tipos pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado conforme a este artigo; para este fin seguirá producindo efectos a orde de centralización. Nestes dous casos a adquisición dos respectivos bens efectuarase con suxeición ás regras xerais de competencia e procedemento previstas para o contrato de subministración, pero será necesario o previo informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que versará sobre que o tipo ou subtipo correspondente non foi adxudicado ou que, séndoo, non é efectivamente adecuado para satisfacer a concreta necesidade do organismo petionario.

3. A subministración de bens de utilización común realizarase a través de dous contratos: un, que terá por obxecto a determinación do tipo de cada clase de bens e, outro, que terá por obxecto as concretas adquisicións de bens do tipo determinado.

Non obstante e salvo que na orde de centralización se fixera uso do previsto no punto anterior, a contratación da subministración dos bens de adquisición centralizada que se atopen nalgún dos dous supostos a que se refire o número 2 anterior, corresponderalle á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado con suxeición ás normas xerais previstas para o contrato de subministración. Nesos dous casos, o ministro de Facenda, por proposta do citado centro directivo, poderá deixar sen efecto provisionalmente a declaración de centralización da contratación da subministración de calquera ou dalgúns dos devanditos bens ata que se adxudique o tipo destes conforme o disposto neste artigo. Nos procedementos que se tratan para a adquisición dos bens obxecto da devandita descentralización provisional rexerá o disposto no último inciso do punto anterior.

4. A adxudicación dos contratos de adopción do tipo de bens a que se refire o artigo 183.1 da lei realizarase a través dos procedementos de adxudicación previstos no artigo 73 desta, mediante concurso.

c

Excepcionalmente, poderá utilizarse o procedemento negociado nos supostos previstos no artigo 181.1 e 182, alíneas a) e c), da lei.

5. O órgano de contratación determinará no prego de cláusulas administrativas particulares, ademais dos que fixa o artigo 67.5 deste regulamento, os aspectos específicos do contrato de adopción do tipo que constitúa o seu obxecto e do procedemento e forma de adxudicación e, en particular, os seguintes:

a) Determinación do importe da garantía provisional, que se fixará estimativamente nun prezo global.

O importe da garantía definitiva será o duplo da provisional. Non obstante, cando a suma dos importes dos contratos derivados da execución do de adopción do tipo exceda do dobre da cantidade resultante de capitalizar ó 4 por 100 o importe da garantía definitiva, esta deberá ser incrementada nunha contía equivalente. Da mesma forma se procederá nas sucesivas ampliacións.

b) Prazo de vixencia do contrato de adopción do tipo e a duración e réxime da súa posible prórroga, que deberá ser expresa e terá efecto ata a formalización do seguinte contrato de adopción do tipo dos mesmos bens sempre que o correspondente concurso se convoque dentro do prazo de seis meses contados desde o inicio da prórroga.

c) Especificación de que os produtos adxudicados de cada tipo, así como que os adxudicatarios poderán ser varios.

d) Mención expresa de que o contrato de adopción do tipo adxudicado non obrigará a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a adquirir un número determinado de unidades.

e) Obriga dos adxudicatarios de aplicaren ós bens, durante a vixencia do contrato de adopción do tipo, os prezos e condicións con que concorran no mercado se melloran os da adxudicación, sempre que as circunstancias da oferta sexan similares. Os adxudicatarios ficarán obrigados a lle comunicar ó citado centro directivo os novos prezos e condicións para a súa aplicación xeneralizada ás sucesivas subministracións do tipo.

f) Obriga dos adxudicatarios de lle propor á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado a substitución dos bens adxudicados por outros que incorporen avances ou innovacións tecnolóxicas que melloren as prestacións ou características dos adxudicados, sempre que o seu prezo non incremente en máis do 20 por 100 o inicial de adxudicación, salvo que o prego de cláusulas administrativas particulares establecese outro límite.

g) Facultade da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por propia iniciativa e coa conformidade do subministrador, ou por instancia deste, de incluír novos bens do tipo adxudicado ou similares a este cando concorran motivos de interese público ou de nova tecnoloxía ou configuración respecto dos adxudicados, a comercialización dos cales se iniciase con posterioridade á data límite de presentación de ofertas, sempre que o seu prezo non exceda do límite que se establece na letra anterior.

6. Unha vez adxudicado e formalizado o contrato de adopción do tipo, as subministracións sucesivas derivadas del que soliciten os órganos ou organismos suxeitos ó sistema de adquisición centralizada, serán contratadas pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado por procedemento negociado sen publicidade conforme o disposto no artigo 182, alínea g), da lei mediante a aplicación das previsións contidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen aquel contrato e nas normas procedementais dicitadas polo ministro de Facenda.

Nestes procedementos negociados, poderase solicitar ós adxudicatarios das ofertas de tipo consideradas máis idóneas respecto á singular contratación que se

prevé realizar, que indiquen se en relación con esta man-teñen nos seus mesmos termos as condicións daquelas ofertas ou se as melloran mediante a oportuna proposta en tal sentido dirixida á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado conforme establece o número 5, alínea e), deste artigo.

### CAPÍTULO III

#### Da fabricación de bens mobles pola Administración

Artigo 194. *Fabricación de bens mobles pola Administración.*

Nos supostos de fabricación de bens mobles por parte da Administración aplicaranse, coas necesarias adaptacións derivadas da natureza dos bens, as normas contidas nos artigos 173 a 178 deste regulamento e, en particular, a prevención do artigo 176.2 en canto á utilización do procedemento negociado nos contratos con colaboradores.

### TÍTULO IV

#### Dos contratos de consultoría e asistencia e dos de servizos

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 195. *Contía dos contratos de consultoría e asistencia e de servizos.*

A contía dos contratos de consultoría e asistencia e de servizos determinarase conforme as seguintes regras:

a) Para determina-lo valor do contrato incluírase en todo caso o valor total da remuneración que percibirá o contratista.

b) Nos contratos que supoñan algún tipo de planificación o importe determinarao o dos honorarios ou comisións que se van aboar.

c) Nos contratos en que non se especifique o seu orzamento base de licitación o seu valor estimado calcularase de acordo cos seguintes criterios:

1.º Cando os contratos sexan de duración determinada, o valor do contrato será o importe total das prestacións durante ese período, incluídas as súas posibles prórrogas.

2.º Cando se trate de contratos de duración indeterminada ou superior a corenta e oito meses, de conformidade co establecido no artigo 198.2 da lei, o valor do contrato será o equivalente a corenta e oito veces o valor mensual das prestacións.

d) Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos que teñan carácter de regularidade ou que se deban prorrogar nun período de tempo determinado, o valor do contrato determinarase aplicando un dos seguintes criterios:

1.º Polo valor real total dos contratos similares celebrados durante o exercicio precedente ou durante os doce meses previos, axustado, cando sexa posible, en función dos cambios de cantidade ou valor previstos para os doce meses posteriores ó contrato inicial.

2.º Polo valor real total estimado dos contratos sobre tales servizos durante os doce meses seguintes

c  
á primeira execución do servizo ou durante a duración do contrato se este fose superior a doce meses.

e) Cando se trate de contratos que conteñan cláusulas sobre opcións tomarase como base para calculalo valor do contrato o importe total máximo previsible e que se autoriza, incluído o exercicio das opcións.

**Artigo 196. Procedemento para a contratación de servizos declarados de contratación centralizada.**

1. Nos contratos de servizos declarados de contratación centralizada de conformidade co artigo 199 da lei serán de aplicación as normas contidas no artigo 193 deste regulamento.

2. Nos supostos de que a Administración leve a cabo o servizo mediante contratos con colaboradores, para a utilización do procedemento negociado terase en conta a prevención do artigo 176.2 deste regulamento.

**Artigo 197. Sistemas de determinación do prezo.**

Para os efectos da aplicación do artigo 202.2 da lei entenderase:

a) Por prezo global, o prezo referido á totalidade do traballo ou a aquelas partes deste que sexan susceptibles de entrega parcial por estar así previsto no prego de cláusulas administrativas particulares. Nestes casos ó fixarse o prezo da prestación de forma global, sen utilizarse prezos unitarios ou descompostos, as entregas parciais valoraranse en función da porcentaxe que representen sobre o prezo total.

b) Por prezos unitarios, os correspondentes ás unidades en que se descompoña a prestación, de maneira que a valoración total se efectúe aplicando os prezos destas unidades ó número das executadas.

c) Por administración, o prezo calculado en relación co custo directo ou indirecto das unidades empregadas, incrementado nunha porcentaxe ou cantidade global para atender os gastos xerais e o beneficio industrial do contratista.

d) Por tarifas, a táboa ou escala de prezos para a valoración dos traballos.

## CAPÍTULO II

### Da execución, modificación e extinción destes contratos

**Artigo 198. Programa de traballo.**

Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos que sexan de tracto sucesivo o contratista está obrigado a presentar un programa de traballo que será aprobado polo órgano de contratación, sempre que no prego de cláusulas administrativas particulares se faga constar expresamente esta obriga.

**Artigo 199. Valoración dos traballos e certificacións.**

1. Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos que sexan de tracto sucesivo o representante do órgano de contratación, á vista dos traballos realmente executados e dos prezos contratados, redactará as correspondentes valoracións nos períodos que fixe o prego de cláusulas administrativas particulares ou, no seu defecto, mensualmente.

As valoracións efectuaranse sempre á orixe, concretándose os traballos realizados no período de tempo de que se trate.

En canto á audiencia ó contratista observarase o disposto no artigo 149 deste regulamento.

2. Non poderá omitirse a redacción da valoración polo feito de que, nalgún período, a prestación realizada fose de escaso volume e mesmo nula, a menos que se acordase a suspensión do contrato.

3. As certificacións para o aboamento dos traballos efectuados expediranse tomando como base a valoración correspondente e serán tramitadas polo representante do órgano de contratación dentro dos dez días seguintes ó período de tempo a que correspondan.

**Artigo 200. Valoracións e certificacións parciais.**

Os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán autorizar valoracións parciais por traballos efectuados antes de que se produza a súa entrega parcial. Prevista esta posibilidade, para que as certificacións consecuencia das devanditas valoracións poidan ser aboadas deberán ser solicitadas polo contratista e ser autorizadas polo órgano de contratación.

As certificacións consecuencia das valoracións parciais por traballos efectuados a que se refire o parágrafo anterior só poderán tramitarse cando o contratista garanta o seu importe, mediante a prestación da garantía correspondente nos termos dos artigos 35 a 47 da lei e 55 a 65 deste regulamento.

**Artigo 201. Aboamentos á conta por operacións preparatorias.**

1. O adxudicatario terá dereito a percibir á iniciación da execución do contrato ata un 20 por 100 do seu importe total, como aboamento á conta para o financiamento das operacións preparatorias, debéndose aseguralo referido pagamento mediante a prestación de garantía.

2. Para os efectos previstos no punto anterior o prego de cláusulas administrativas particulares, ademais do establecido no artigo 67, números 1, 2, 6 e 7 deste regulamento, especificará:

a) As operacións preparatorias, como instalacións e adquisición de equipamento e medios auxiliares, susceptibles de aboamentos á conta.

b) A esixencia, se é o caso, dun programa de traballo.

c) Os criterios e a forma de valoración das operacións preparatorias.

d) O plan de amortización dos aboamentos á conta.

3. O representante do órgano de contratación, oído o contratista, proporalle ó órgano de contratación o concreto aboamento que proceda.

**Artigo 202. Valoración das modificacións.**

Cando as modificacións supoñan a execución de traballos non valorables por aplicación do sistema establecido no contrato, observarase o disposto no artigo 146.2 da lei.

**Artigo 203. Entrega dos traballos e realización dos servizos.**

1. O contratista deberá entrega-los traballos realizados dentro do prazo estipulado; o representante do órgano de contratación efectuará, se é o caso, un exame da documentación presentada e se considera cumpridas as prescricións técnicas proporá que se leve a cabo a recepción.

No caso de non considerar cumpridas as prescricións técnicas do contrato, daralle por escrito ó contratista

c

as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar no devandito escrito o prazo que para iso fixe e as observacións que estime oportunas.

Se existise reclamación por parte do contratista respecto das observacións formuladas polo representante do órgano de contratación, este elevaraa, co seu informe, ó órgano de contratación que celebrou o contrato, que resolverá sobre o particular.

Se o contratista non reclamase por escrito respecto das observacións do representante do órgano de contratación entenderase que está conforme con elas e obrígado a corrixir ou remediar os defectos observados.

2. Nos contratos de servizos determinarase no prego de cláusulas administrativas particulares a forma de constatación da correcta execución da prestación.

#### Artigo 204. *Recepción dos traballos e servizos.*

1. Unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo anterior se se considera que a prestación obxecto do contrato reúne as condicións debidas procederase á súa recepción, redactándose para o efecto a acta correspondente.

2. Se a prestación do contratista non reunise as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictarase por escrito as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, e non procederá a recepción ata que as devanditas instrucións sexan cumpridas, redactándose entón a acta correspondente.

3. Nos contratos de servizos determinarase no prego de cláusulas administrativas particulares a forma de recepción dos servizos.

#### Disposición adicional primeira. *Informe preceptivo de proxectos de disposicións en materia de contratos.*

Os proxectos de disposicións que tramiten os departamentos ministeriais que teñan por obxecto a regulación de materia de contratación administrativa deberán ser sometidos previamente á súa aprobación a informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

#### Disposición adicional segunda. *Cómputo de prazos e determinación de contías.*

O disposto nos artigos 76 e 77 da lei en canto a cómputo de prazos e inclusión e exclusión de impostos para os efectos de determinación de contías será igualmente aplicable ás normas deste regulamento.

#### Disposición adicional terceira. *Duración dos procedementos e efectos do silencio.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 42.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común fíxase en seis meses a duración máxima dos procedementos para a clasificación e revisión de clasificacións, declaración de prohibicións de contratar e suspensión de clasificacións.

2. As solicitudes de clasificación e de revisión de clasificacións poderán entenderse aceptadas se transcorrido o prazo sinalado no punto anterior non foi dictada e notificada ós interesados a resolución expresa sobre elas.

#### Disposición adicional cuarta. *Modificación das categorías de clasificación de empresas.*

Os valores das categorías correspondentes á clasificación de empresas para os contratos de obras e para os contratos de servizos poderán ser modificados polo ministro de Facenda, por proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en función da conxuntura económica.

#### Disposición adicional quinta. *Composición dos órganos que integran a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.*

1. O Pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa estará composto polos seguintes membros:

- O presidente, que será o subsecretario de Facenda.
- O vicepresidente primeiro, que será o director xeral do Patrimonio do Estado, e o vicepresidente segundo, que será un director xeral do Ministerio de Administracións Públicas designado polo ministro.
- Tres vocais designados polo presidente do modo que a continuación se expresa:

1.º Un representante da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, por proposta desta.

2.º Un representante da Intervención Xeral da Administración do Estado, por proposta desta.

3.º Un representante da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por proposta desta.

d) Dous vocais en representación de cada un dos departamentos ministeriais, a excepción do Ministerio de Facenda, entre os que teñan rango de subdirector xeral.

e) Catro vocais designados polo ministro de Facenda, por proposta das organizacións empresariais representativas dos sectores afectados pola contratación administrativa.

f) O secretario da Xunta Consultiva, que pertencerá ó corpo de avogados do Estado e será nomeado polo ministro de Facenda.

2. A Comisión Permanente da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa estará formada polos seguintes membros:

a) O presidente, que será o director xeral do Patrimonio do Estado, na súa calidade de vicepresidente primeiro do Pleno da Xunta.

b) O vicepresidente, que será o vicepresidente segundo do Pleno da Xunta.

c) Os tres vocais que forman parte do Pleno designados polo presidente do Pleno en representación da Intervención Xeral da Administración do Estado, da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

d) Un vocal, dos que formen parte do Pleno, en representación, respectivamente, de cada un dos Ministerios de Xustiza, Defensa, Fomento, Educación, Cultura e Deporte, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Presidencia, Administracións Públicas, Sanidade e Consumo, Medio Ambiente, Economía e Ciencia e Tecnoloxía, designados polo presidente do Pleno por proposta dos distintos ministerios.

e) Dous vocais dos representantes das organizacións empresariais designados polo presidente da Comisión entre os que formen parte do Pleno.

f) O secretario da xunta.

3. As seccións estarán formadas da seguinte forma:

a) O presidente da Comisión Permanente.

b) Os tres vocais a que se refire o número 1, alínea c).

c) Os dous vocais representantes do departamento do que proceda ou ó que afecte o asunto ou expediente de que se trate.

d) Os dous vocais representantes das organizacións empresariais na Comisión Permanente.

4. A Comisión de Clasificación de Contratistas de Obras estará composta do seguinte modo:

a) O presidente, que será o director xeral do Patrimonio do Estado, na súa calidade de vicepresidente pri-

c

meiro do Pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

b) Un vocal por cada un dos ministerios de Defensa, Interior, Fomento, Educación, Cultura e Deporte, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Sanidade e Consumo e Medio Ambiente, que serán designados por cada ministerio entre funcionarios que teñan especial preparación e competencia en materia de contratación administrativa.

c) Dous vocais designados polo Ministerio de Facenda entre aqueles que, pola mesma designación, forman parte do Pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

d) Dous vocais en representación das organizacións empresariais máis representativas dos sectores afectados pola contratación administrativa de obras, designados polo presidente da Comisión.

e) O vocal secretario, que será o da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

5. A Comisión de Clasificación de Empresas de Servicios estará composta do seguinte modo:

a) O presidente, que será o director xeral do Patrimonio do Estado, na súa calidade de vicepresidente primeiro da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

b) Un vocal por cada un dos ministerios de Defensa, Fomento, Educación, Cultura e Deporte, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Sanidade e Consumo e Medio Ambiente, que serán designados por cada ministerio entre funcionarios que teñan especial preparación e competencia en materia de contratación administrativa.

c) Dous vocais designados polo Ministerio de Facenda entre aqueles que, pola mesma designación, formen parte do Pleno da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

d) Catro vocais en representación das organizacións empresariais máis representativas dos sectores afectados pola contratación administrativa, designados polo presidente da Comisión.

e) O vocal secretario, que será o da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

6. O Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado estará presidido polo presidente da xunta ou, no seu defecto, polo vicepresidente e formarán parte del, como vocais, un representante dos ministerios de Defensa, Fomento, Educación, Cultura e Deporte, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación, Presidencia, Sanidade e Consumo, Medio Ambiente, Economía e Ciencia e Tecnoloxía, designados polos respectivos ministros; dous representantes do Ministerio de Facenda designados polo presidente da xunta; un representante do Instituto Nacional de Estatística designado polo director do referido instituto; dous representantes das organizacións empresariais do sector da construción designados polo presidente da xunta por proposta das asociacións empresariais de maior representación no devandito sector, e o secretario, que o será o da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

7. O número de vocais e a designación de ministerios representados na Comisión Permanente, Comisións de Clasificación e no Comité Superior de Prezos poderán ser modificados por orde do ministro de Facenda, particularmente co fin de os adecuar ás modificacións estruturais dos distintos departamentos ministeriais.

8. Os vocais designaráselles un suplente, designado do mesmo modo có titular, para que os poidan suplir en casos de ausencia, vacante, enfermidade, abstención e recusación.

9. A Comisión Permanente, as Comisións de Clasificación e o Comité Superior de Prezos axustaranse,

en canto ó seu funcionamento, ós preceptos que para os órganos colexiados establece a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Asistirán ás súas reunións, con voz pero sen voto, os asesores técnicos que designe o secretario.

Disposición adicional sexta. *Modificación de anexos.*

1. Os anexos ó presente regulamento poderán ser modificados por orde do ministro de Facenda.

2. Cando se trate de anexos que recollan datos ou mencións esixidos en disposicións da Comunidade Europea, as modificacións acomodaranse ás que se produzan no ámbito comunitario nas citadas disposicións.

Disposición adicional sétima. *Modelos para a formalización dos contratos.*

Autorízase o ministro de Facenda para establecer, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, os modelos oficiais a que deben suxeitarse os documentos para a formalización dos contratos.

Disposición adicional oitava. *Substitución de letrados nas mesas de contratación das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.*

1. Para os efectos previstos na disposición adicional décima da lei a substitución de letrados nas mesas de contratación das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social unicamente terá lugar, con carácter excepcional, nos supostos de imposibilidade de asistencia de membros do corpo superior de letrados da Administración da Seguridade Social.

2. A designación de substitutos realizaraa o director xeral do Instituto Nacional da Saúde ou a dirección xeral da correspondente entidade xestora ou servicio común da Seguridade Social, por proposta do director do Servicio Xurídico da Seguridade Social e deberá recaer en licenciados en dereito con relación funcional ou estatutaria ó servicio das entidades xestoras ou servicios comúns.

Disposición adicional novena. *Normas aplicables ás entidades locais.*

1. Nos supostos en que, de conformidade co disposto nos artigos 22.1. alínea n) e 33.2 alínea l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o órgano de contratación sexa o Pleno, as competencias atribuídas ó devandito órgano de contratación nos artigos 73.1, 74, 78, números 1, 2 e 3, 80.4, 87.1, 94.1, 95, 96.3, 115, números 1 e 2, 118, 121, 123.1, 138, 139.4, 142.2, 144.2, 155.4 e 162.2 deste regulamento poderán ser atribuídas por aquel a outros órganos da corporación.

2. A publicidade dos procedementos de licitación das corporacións locais, cando non se teña que realizar no «Boletín Oficial del Estado» conforme o artigo 78 da lei, deberá efectuarse conforme o disposto no artigo 123.1 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

3. A supervisión dos proxectos dos concellos e demais entidades locais de ámbito inferior á provincia, cando non dispoñan de oficinas de supervisión de proxectos, levarana a cabo, por petición do concello ou entidade, as correspondentes oficinas ou unidades de supervisión de proxectos das respectivas deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares ou comunidades autónomas, se é o caso.

c

Disposición adicional décima. *Procedementos de contratación mediante o emprego de medios electrónicos.*

Autorízase o ministro de Facenda para que por orde ministerial estableza as normas que regulen os procedementos para facer efectiva a contratación mediante o emprego de medios electrónicos.

Disposición adicional décimo primeira. *Réxime de determinados aspectos dos contratos que se celebren e executen no estranxeiro.*

Nos contratos que se celebren e executen no estranxeiro, o prezo aboaráselle ó contratista na contía e moeda que ámbalas dúas partes acordasen, sen prexuízo do disposto no artigo 14.1 da lei.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria de normas e certificados de clasificación.*

1. Os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria de licitación do contrato.

2. Ata que caduquen por razón do seu prazo os certificados de clasificación para contratos de servizos expedidos con anterioridade á entrada en vigor do artigo 37 deste regulamento sobre grupos e subgrupos de clasificación nos mencionados contratos de servizos, os órganos de contratación deberán admitir indistintamente certificados de clasificación expedidos conforme a normativa anterior ou conforme o citado artigo 37, tendo en conta a táboa de correspondencia que figura no anexo XII.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación de contratos nos que resulte esixible o requisito da clasificación farán mención expresa da circunstancia consignada no parágrafo anterior especificando os grupos e subgrupos que corresponda esixir conforme a normativa anterior e a vixente.

Disposición derradeira primeira. *Normas de carácter básico e non básico.*

1. As disposicións deste regulamento son normas básicas dictadas ó amparo do artigo 149.1 18.<sup>a</sup> da Constitución, conforme o establecido na disposición derradeira terceira da lei e, en consecuencia, son de aplicación xeral a tódalas administracións públicas comprendidas no seu artigo 1, salvo os seguintes artigos, parte deles ou disposicións que se enumeran:

O artigo 4,  
 O artigo 5,  
 O artigo 6,  
 O artigo 7,  
 O artigo 8,  
 O artigo 13.1, alínea e),  
 O inciso quedando na sede do devandito órgano á disposición do solicitante do número 3, do artigo 15,  
 O artigo 21,  
 O artigo 22,  
 O artigo 23,  
 O artigo 49,  
 O prazo de trinta días naturais a que se refiren os artigos 56.2, alínea a), e 57.1, alínea a).  
 O termo por unha soa vez do artigo 58.2,  
 O artigo 66,  
 O artigo 71,  
 O artigo 72,  
 O artigo 73,

O artigo 79 e cantas referencias se fagan á mesa de contratación noutros artigos,

O artigo 80, número 1.

O artigo 81, número 2, en canto se refire ó prazo superior a tres días hábiles e á publicidade a través do taboleiro de anuncios do órgano de contratación,

O artigo 83,

O artigo 84,

O artigo 87,

O artigo 88,

O artigo 93, número 1,

O artigo 97,

O artigo 98,

O artigo 99,

O artigo 100,

O artigo 105,

O número 1 do artigo 106,

O artigo 110,

O artigo 116, na referencia que contén á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

O artigo 118,

O artigo 119,

O artigo 120, agás o número 3,

O artigo 121,

O artigo 122,

O artigo 123,

O artigo 124,

O artigo 132,

O artigo 135,

O artigo 136,

O artigo 137,

O artigo 138, números 4 e 5,

O artigo 140, número 3,

O artigo 141, en canto ó prazo de quince días, do seu número 1.

O artigo 142,

O artigo 143,

O artigo 144,

O artigo 145,

O artigo 146, en canto ó prazo de vinte días, do seu número 1.

O artigo 147,

O artigo 148,

O artigo 149,

O artigo 151,

O artigo 154,

O artigo 155, número 5,

O artigo 158,

O artigo 159,

O artigo 163, en canto ós prazos de corenta e cinco días hábiles, un mes e vinte días dos números 1 e 2 e o número 3 e en canto á comunicación á intervención a que se refire o terceiro parágrafo do número 2.

Os prazos a que se refire o artigo 166, con excepción do prazo de dous meses fixado no números 9 para a aprobación da certificación final das obras executadas.

O artigo 168,

O artigo 170,

O artigo 171,

O artigo 173,

O artigo 174,

O artigo 176,

O artigo 177,

O artigo 178, agás a referencia ós proxectos de obras que vaian ser executados pola Administración, fóra dos supostos das alíneas d), g) e h) do número 1 do artigo 152 da lei, deberán recolle-las determinacións que se recollen no artigo 124 da propia Lei.

O artigo 179,

O artigo 186,

O artigo 191,

O artigo 192,

c

- O artigo 193,
- O artigo 194,
- O artigo 196,
- O artigo 198,
- O artigo 199,

A disposición adicional primeira,

A disposición adicional quinta, agás en canto se refire á composición do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado,

A disposición adicional sétima,

A disposición adicional oitava,

O número 3 da disposición derradeira novena,

Os anexos X e XI.

2. As comunidades autónomas poderán elaboralos modelos a que fan referencia os anexos III, IV, V, VI e VII deste regulamento, os cales deberán recoller, polo menos, a información e contido destes.

Disposición derradeira segunda. *Referencias a órganos da Administración xeral do Estado.*

Con independencia do establecido na disposición derradeira segunda da lei, as referencias a órganos da Administración xeral do Estado contidas neste regulamento deberán entenderse feitas ós que correspondan das restantes administracións públicas, organismos e entidades comprendidas no ámbito de aplicación da lei, salvo as que se fan:

a) Ó ministro de Facenda nos artigos 53.3, 55.1.a), 115, números 2 e 3, e na disposición adicional sexta deste regulamento.

b) Ó ministro de Facenda e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nas disposicións adicionais cuarta e sétima.

c) Á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos artigos 50, números 1, 2 e 4, 53, números 3 e 4 e na disposición adicional primeira deste regulamento.

d) Ó Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado na disposición adicional quinta deste regulamento.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro.*

Dáselle unha nova redacción ó número 1, alínea b), do artigo 8 do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime do control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, que quedará redactado do seguinte modo:

«b) Os interventores delegados, sen outras excepcións que as enumeradas no punto anterior, exercerán en toda a súa amplitude a fiscalización e intervención dos actos relativos a gastos, dereitos, pagamentos e ingresos que dicten as autoridades dos ministerios, centros, dependencias ou organismos autónomos. A función será exercida polo interventor delegado coa competencia orgánica ou territorial que corresponda coa da autoridade que acorde o acto de xestión. No suposto de concorrencia ó financiamento de contratos de distintos departamentos ministeriais a que se refire o artigo 12.5 da Lei de contratos das administracións públicas, a función será exercida polo interventor delegado coa competencia orgánica ou territorial que corresponda coa do órgano de contratación.»

## ANEXO I

### Rexistros de Estados membros da Comunidade Europea e signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo

1. Nos contratos de obras.

a) Para Bélxica: «Registre du Commerce», «Handelsregister»;

b) Para Dinamarca: «Handelsregister», «Aktieselskabsregistret» e «Erhvervsregistret»;

c) Para Alemaña: «Handelsregister» e «Handwerksrolle»;

d) Para Grecia: «Rexistro de Empresas Contratantes» («Μητρώ Εργοληπτικών Επιχειρήσεων» (Μ.Ε.Ε.Π.) do Ministerio do Medio Ambiente, da Planificación do Territorio e de Obras Públicas (ΥΠΕΧΩΔΕ);

e) Para Francia: «Registre du Commerce» e «Répertoire des Métiers»;

f) Para Italia: «Registro della Camera di Commercio, Industria, Agricoltura e Artigianato»;

g) Para Luxemburgo: «Registre aux Firmes» e «Rôle de la Chambre des Métiers»;

h) Para os Países Baixos: «Handelsregister»;

i) Para Portugal: «Comissao de Alvarás de Empresas de Obras Públicas e Particulares» (CAEOPP);

j) Para o Reino Unido e Irlanda: o contratista poderá ser invitado a presentar un certificado do «Registrar of Companies» ou do «Registrar of Friendly Societies» ou, se non fose ese o caso, un certificado que precisará que o interesado declarou baixo xuramento que exerce a profesión citada no país en que estea establecido, nun lugar específico e baixo unha razón comercial determinada;

k) Para Austria: «Firmenbuch», «Gewerberegister», «Mitgliederverzeichnisse der Landeskammern»;

l) Para Finlandia: «Kaupparekisteri», «Handelsregistret»;

m) Para Suecia: «Aktiebolagsregistret», «Handlsregistret», «Föreningsregistret»;

n) Para Islandia: «Firmaskrá»;

ñ) Para Liechtenstein: «Handelsregister», «Gewerbe-register»;

o) Para Noruega: «Foretaksregisteret».

2. Nos contratos de subministración.

a) En Bélxica: «Registre du Commerce», «Handelsregister»;

b) En Dinamarca: «Aktieselskabsregistret», «Foreningsregistret» e «Handelsregistret»;

c) En Alemaña: «Handwerksrolle» e «Handelsregister»;

d) En Grecia: «Βιοτεχνικό ή Βιομηχανικό ή Εμπορικό ή Επιμελητήριο»;

e) En Francia: «Registre du Commerce» e «Répertoire des Métiers»

f) En Italia: «Registro della Camera di Commercio, Industria, Agricoltura e Artigianato» e «Registro delle Commissioni Provinciali per l'artigianato»;

g) En Luxemburgo: «Registre aux Firmes» e «Rôle de la Chambre des Métiers»;

h) Nos Países Baixos: «Handelsregister»;

i) En Portugal: «Registo Nacional das Pessoas Colectivas»;

j) No Reino Unido e en Irlanda: poderá solicitarse ó provedor que presente un certificado do «Registrar of Companies» ou do «Registrar of Friendly Societies», indicando que o negocio do provedor está «incorporated» o «registered» ou, se non for así, unha certificación que precise que o interesado declarou baixo xuramento exerce-la profesión de que se trate no país no que estea establecido, nun lugar determinado e baixo unha razón comercial determinada;



c

k) En Austria: «Firmenbuch», «Gewerberegister», «Mitgliederverzeichnisse der Landeskammern»;

l) En Finlandia: «Kaupparekisteri», «Handdelsregistret»;

m) En Suecia: «Aktiebolagsregistret», «Handlsregistret», «Föreningsregistret»;

n) En Islandia: «Hlutafélagaskrá, samvinnufélagaskrá, firmaskrá»;

ñ) Para Liechtenstein: «Handelsregister», «Gewerberegister»;

o) En Noruega: «Foretaksregisteret».

3. Nos contratos de consultoría e asistencia e nos de servizos.

a) En Bélxica: «Registre du Commerce», «Handelsregister» e os «Ordres Professionnels- Beroepsorden»;

b) En Dinamarca: «Erhvervs-og Selskabstyreisen»;

c) En Alemaña: «Handelsregister», «Handwerksrolle» e «Vereinsregister»;

d) En Grecia: poderá solicitarse ó prestador de servizos que presente unha declaración xurada ante notario que acredite o exercicio da profesión de que se trate nos casos previstos na lexislación nacional vixente para a prestación dos servizos de estudos mencionados no anexo I A da Directiva 92/50/CEE, o rexistro profesional «Μητρώο Μελετητών», así como o «Μητρώο Γραφείων Μελετητών»;

e) En Francia: «Registre du Commerce» e «Répertoire des Métiers»;

f) En Italia: «Registro della Camera di Comercio, Industria, Agricoltura e Artigianato», «Registro delle Commissioni Provinciali per l'artigianato» ou «Consiglio Nazionale degli ordini professionali»;

g) En Luxemburgo: «Registre aux Firmes» e «Rôle de la Chambre des Métiers»;

h) Nos Países Baixos: «Handelsregister»;

i) En Portugal: «Registo Nacional das Pessoas Colectivas»;

j) No Reino Unido e en Irlanda: poderá solicitarse ó prestador de servizos que presente un certificado do «Registrar of Companies» ou do «Registrar of Friendly Societies» ou, a falta disto, un certificado que acredite que o interesado declarou baixo xuramento que exerce a profesión citada no país no que está establecido, nun lugar específico e baixo unha razón comercial determinada;

k) En Austria: «Firmenbuch», «Gewerberegister», «Mitgliederverzeichnisse der Landeskammern»;

l) En Finlandia: «Kaupparekisteri», «Handdelsregistret»;

m) En Suecia: «Aktiebolagsregistret», «Handlsregistret», «Föreningsregistret»;

n) En Islandia: «Firmaskrá», «Hlutafélagaskrá»;

ñ) Para Liechtenstein: «Handelsregister», «Gewerberegister»;

o) En Noruega: «Foretaksregisteret».

## ANEXO II

### Traballos incluídos en cada un dos subgrupos de clasificación de contratos de servizos

Os traballos incluídos, para efectos de clasificación, en cada un dos subgrupos relacionados no artigo 37 deste regulamento son os seguintes:

#### *Grupo L. Servizos administrativos*

Subgrupo 1. Servizos auxiliares para traballos administrativos de arquivo e similares.

Os traballos administrativos de distribución e arquivo e publicacións e outros documentos, así como realiza-

cións de fotocopias, copias de planos, franqueo e correspondencia e outros.

Subgrupo 2. Servizos de xestión de cobros.

A xestión de cobros de recibos correspondentes a impostos ou servizos das administracións públicas.

Subgrupo 3. Enquisas, toma de datos e servizos análogos.

Traballos de campo de toma de datos para estudos de mercado, estados de opinión ou outro tipo de enquisas.

Subgrupo 4. Lectura de contadores.

A lectura de contadores, para efectos de determinar o consumo dos servizos prestados polas administracións públicas.

Subgrupo 5. Organización e promoción de congresos, feiras e exposicións.

Os traballos inherentes á organización e promoción de congresos, feiras e exposicións, tales como a disposición e distribución de espazos, os servizos de azafatas, información e programación de actos.

Subgrupo 6. Servizos de portería, control de accesos e información ó público.

Os traballos de portería, control de accesos, tanto de persoas como de vehículos, así como os servizos de información en locais e edificios públicos.

#### *Grupo M. Servizos especializados*

Subgrupo 1. Hixienización, desinfección, desinsectación e desratización.

Os traballos de hixienización, desinfección, desinsectación e desratización, en edificios, locais, montes e xardíns, redes de sumidoiros, redes de auga e estacións depuradoras.

Subgrupo 2. Servizos de seguridade, custodia e protección.

Os traballos realizados por vixilantes e gardas de seguridade en edificios, locais e espazos públicos, a custodia de bens e a protección de persoas, cos medios adecuados en cada caso.

Subgrupo 3. Atención e manexo de instalacións de seguridade.

Os traballos de atención e manexo de instalacións e equipamentos de seguridade, tales como centrais de alarmas, cámaras e monitores de vídeo, sistemas de control de correspondencia e paquetería, detección de metais e sistemas de control de accesos.

Subgrupo 4. Artes gráficas.

Os traballos editoriais e de imprenta, como os de impresión, encadernación e acabamento de libros, de composición e estereotipia, de reprodución de material gravado e outros traballos relacionados coa impresión.

Subgrupo 5. Servizos de bibliotecas, arquivos e museos.

Os traballos de organización, atención e explotación e bibliotecas, arquivos e museos.

Subgrupo 6. Hostalería e servizos de comida.

Os servizos relacionados coa hostalería, comidas, banquetes e cócteles.

c

**Subgrupo 7. Prevención de incendios forestais.**

Os traballos de vixilancia e control para prevención de incendios forestais.

**Subgrupo 8. Servicios de protección de especies.**

Os traballos de vixilancia e control para a protección de especies animais, así como os seus tratamentos sanitarios.

*Grupo N. Servicios cualificados***Subgrupo 1. Actividades médicas e sanitarias.**

Os traballos médicos e sanitarios prestados en hospitais, clínicas, sanatorios, consultorios e balnearios ou en centros distintos dos anteriores; campañas preventivas e de vacinación, rehabilitación e fisioterapia.

**Subgrupo 2. Inspección sanitaria de instalacións.**

Os servicios de inspección de matadoiros e granxas, así como a de instalacións en xeral.

**Subgrupo 3. Servicios veterinarios para a saúde.**

Os traballos realizados por veterinarios, que teñan como fin a prevención de enfermidades relacionadas coa saúde humana.

**Subgrupo 4. Servicios de esterilización de material sanitario.**

Os traballos para a esterilización de instrumental cirúrxico, aparellos e instrumentos médicos e todo tipo de material e roupa usados por persoal sanitario, así como quirófanos e outros locais para fins sanitarios.

**Subgrupo 5. Restauración de obras de arte.**

Os traballos de restauración de obras de arte, como cadros, tapices, esculturas, retablos, libros, documentos, mobiliario, xoias e outros elementos artísticos.

**Subgrupo 6. Servicios de mantemento, conservación e restauración de materiais cinematográficos e audiovisuais.**

Os traballos de repaso e visionado de películas e os traballos de restauración e reprodución de imaxes e sons de películas e outro material audiovisual.

*Grupo O. Servicios de conservación e mantemento de bens inmobles*

Excluíranse das actividades deste grupo aquelas que sexan obxecto dun contrato de obras, de conformidade co disposto nos números 1, letra c), e 5 do artigo 123 da lei.

**Subgrupo 1. Conservación e mantemento de edificios.**

Traballos de conservación e mantemento, tales como albanería, cristalería, carpintería, pintura e revestimentos con papel, tecidos ou plásticos.

**Subgrupo 2. Conservación e mantemento de estradas, pistas, autoestradas, autovías, calzadas e vías férreas.**

Traballos de conservación e mantemento de firmes, vías férreas, sinalización e balizamento vial, valados e barreiras acústicas, beirarrúas, arquetas e conductos, foxos, medianas e terrapléns, así como de estruturas de pontes e túneles.

**Subgrupo 3. Conservación e mantemento e redes de auga e de sumidoiros.**

Traballos de conservación e mantemento de canalizacións de augas, de levadas, desaugadoiros, drenaxes, redes de sumidoiros, emisarios marítimos, depósitos, cisternas e galerías subterráneas.

**Subgrupo 4. Mantemento integral de estacións depuradoras.**

Traballos de conservación e mantemento de estacións depuradoras, incluídas a súa maquinaria e instalacións.

**Subgrupo 5. Conservación e mantemento de mobiliario urbano.**

Traballos de conservación e mantemento de bancos, mesas, papeleiras e calquera tipo de elemento ou construción que teña carácter de mobiliario urbano.

**Subgrupo 6. Conservación e mantemento de montes e xardíns.**

Traballos de conservación e mantemento de montes, xardíns, parques e outras zonas verdes, que inclúan poda, reposición, roza, rega, fertilización, tratamentos fitosanitarios e demais traballos agrícolas e forestais.

**Subgrupo 7. Conservación e mantemento de monumentos e edificios singulares.**

Traballos tendentes a evitar ou dete-la súa deterioración, así como a reposición dos elementos necesarios.

*Grupo P. Servicios de mantemento e reparación de equipamentos e instalacións***Subgrupo 1. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións eléctricas e electrónicas.**

Traballos de mantemento e reparación de instalacións eléctricas de alta e baixa tensión, tales como redes en edificios, iluminación pública, redes interurbanas, balización de portos e aeroportos, centrais eléctricas, centros de transformación e distribución, así como dos compoñentes electrónicos destas instalacións; traballos de mantemento e reparación de motores, xeradores e transformadores eléctricos, de equipamentos electrónicos de sinalización, de medida e control, de reloxos e de termómetros electrónicos.

**Subgrupo 2. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanería, conduccións de auga e gas.**

Traballos de mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanería que comprendan billas, válvulas, bombas, compresores, conduccións domésticas de auga e gas e dos seus correspondentes contadores.

**Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de calefacción e aire acondicionado.**

Traballos de mantemento e reparación de instalacións e equipamentos de tipo centralizado de frío, calor e acondicionamento de aire, incluíndo os seus respectivos sistemas de conducción e caldeiras para calefacción, así como os de tipo individualizado.

**Subgrupo 4. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de electromedicina.**

Traballos de mantemento e reparación de material e aparellos médicos, cirúrxicos, terapéuticos e ópticos, de tipo eléctrico e electrónico.

c

Subgrupo 5. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de seguridade e contra incendios.

Traballos de mantemento e reparación de equipamentos e control de accesos, de control de intrusión e presenza, de detección de elementos metálicos, de control e correspondencia e paquetería e os de detección e extinción de incendios, así como as instalacións de alarma de todo tipo.

Subgrupo 6. Mantemento e reparación de equipamentos e maquinaria de oficina.

Traballos de mantemento e reparación de equipamentos e maquinaria de oficina, así como a súa adaptación a prestacións de nova necesidade.

Subgrupo 7. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de aparellos elevadores e de translación horizontal.

Traballos de mantemento e reparación de ascensores, montacargas, escaleiras mecánicas, cintas e cadeas transportadoras, elevadores mecánicos e pneumáticos, tubos pneumáticos e mecanismos distribuidores.

#### *Grupo Q. Servicios de mantemento e reparación de maquinaria*

Subgrupo 1. Mantemento e reparación de maquinaria.

Traballos de mantemento e reparación de todo tipo de maquinaria utilizada en procesos industriais, na construción, na agricultura, na minería e na silvicultura, así como as máquinas, ferramentas e utensilios.

Subgrupo 2. Mantemento e reparación de vehículos automotores, incluídos buques e aeronaves.

Traballos de mantemento e reparación de todo tipo de medios de transporte, tales como automóviles, autocares, camiós, furgonetas, motocicletas, bicicletas, embarcacións, aeronaves, locomotoras de ferrocarril e tranvía e outro material rodante.

Subgrupo 3. Desmontaxe de armamento e destrución de munición.

Traballos de desmontaxe de armamento, así como a destrución e inutilización de munición e material explosivo.

Subgrupo 4. Desmantelamentos.

Traballos de desmantelamento de barcos, vehículos, aeronaves, equipamentos e maquinaria.

#### *Grupo R. Servicios de transportes*

Subgrupo 1. Transporte en xeral.

Servicio de transporte, por calquera medio, de persoas e mercadorías, así como os servicios de mudanzas.

Subgrupo 2. Traslado de enfermos por calquera medio de transporte.

Servicio de traslado de enfermos mediante ambulancias ou calquera outro tipo de transporte terrestre, marítimo ou aéreo, convenientemente habilitado para tal efecto.

Subgrupo 3. Transporte e custodia de fondos.

Servicio de transporte de fondos mediante vehículos habilitados convenientemente e dotados de vixilantes e gardas de seguridade.

Subgrupo 4. Transporte de obras de arte.

Servicio de transporte de obras de arte, tales como pinturas, esculturas e outras análogas.

Subgrupo 5. Recollida e transporte de toda clase de residuos.

Servicio de recollida e transporte de lixo, vidro, papel, metais, trapos e, en xeral, todo tipo de residuos urbanos e industriais depositados en contedores ou espacios habilitados para o efecto, sempre que non sexan obxecto dun contrato de xestión de servicio público.

Subgrupo 6. Servicios aéreos de fumigación, control, vixilancia aérea e extinción de incendios.

Traballos realizados con aeronaves, para tratamentos fitosanitarios mediante fumigación de explotacións agrarias e forestais, así como os de control e vixilancia aérea de grandes extensións, para detecta-la aparición de focos de incendio e proceder á súa extinción.

Subgrupo 7. Servicios de guindastre.

Servicios realizados con vehículos guindastre para retirada das vías públicas de contedores, vehículos ou calquera elemento que dificulte a circulación, así como os que sirvan de auxilio para traballos de poda de árbores, colocación e retirada de elementos ornamentais e publicitarios, entre outros.

Subgrupo 8. Remolque de buques.

Servicio relativo ó remolque e recuperación de toda clase de embarcacións, así como o salvamento das súas tripulacións e pasaxeiros.

Subgrupo 9. Servicios de mensaxería, correspondencia e distribución.

Servicio de recadería, de repartición e manipulación de correspondencia, así como os de distribución de paquetería, publicacións e material de artes gráficas.

#### *Grupo S. Servicios de tratamentos de residuos e refugallo*

Subgrupo 1. Tratamento de incineración de residuos e refugallo urbano.

Os traballos de tratamento e reconversión de lixo, vidro, papel e outros residuos e refugallo urbano, así como a eliminación, se é o caso, por incineración ou por calquera outro método.

Subgrupo 2. Tratamento de lodos.

Os traballos de secado e tratamento de lodos de calquera procedencia e a súa reconversión para utilízalos como fertilizante ou outras finalidades.

Subgrupo 3. Tratamento de residuos radioactivos e ácidos.

Os traballos de tratamento e eliminación de pilas, baterías, acumuladores, tanto de uso doméstico como industrial, e, en xeral, de calquera tipo de residuos radioactivos e ácidos.

Subgrupo 4. Tratamento de residuos de centros sanitarios e clínicas veterinarias.

Os traballos de tratamento, incineración e eliminación de residuos humanos e de animais procedentes de operacións cirúrxicas, extraccións e demais actuacións médicas e veterinarias, en centros sanitarios e clínicas veterinarias, así como os produtos farmacéuticos dun só uso e demais material usado non reutilizable, como algodóns, gasas, compresas, xiringas, agullas, envases, vestuario e roupa de cama.

c

**Subgrupo 5. Tratamento de residuos oleosos.**

Os traballos de tratamento e eliminación de residuos oleosos procedentes de instalacións industriais e agroalimentarias, de motores de vehículos e de verteduras de toda clase.

*Grupo T. Servicios de contido***Subgrupo 1. Servicios de publicidade.**

Os servicios de publicidade, mediante anuncios, carteis, folletos, películas publicitarias, entre outros, a través de prensa, radio, televisión, publicidade aérea ou outros medios.

**Subgrupo 2. Servicios de radio e televisión.**

Os servicios de radio e televisión, comprendendo a realización de programas informativos, culturais, recreativos e deportivos para seren emitidos a través dos ditos medios, excluindo a publicidade.

**Subgrupo 3. Axencias de noticias.**

Traballos de investigación, recompilación, comprobación e análise de noticias e a súa distribución.

**Subgrupo 4. Realización de material audiovisual.**

Traballos de produción de películas, vídeos, discos, casetes, fotos, diapositivas e outros produtos audiovisuais.

**Subgrupo 5. Servicios de tradutores de intérpretes.**

Os servicios de tradución e os de interpretación simultánea de idiomas para reunións e conferencias.

*Grupo U. Servicios xerais***Subgrupo 1. Servicios de limpeza en xeral.**

Os traballos de limpeza de edificios, locais, rúas, vías, pistas, montes, xardíns, praias e redes de sumidoiros, sempre que non sexan obxecto dun contrato de xestión e servizo público.

**Subgrupo 2. Lavandería e tinturería.**

Os servicios de lavandería e tinturería de toda clase de vestiario e roupa, así como a limpeza de cortinas, alfombras e tapices.

**Subgrupo 3. Almacenaxe.**

Os servicios de depósito e almacenaxe de mercadorías, vehículos, mobles, documentos, películas e outros utensilios; almacéns especiais, tales como silos e outros almacéns de grans, almacéns frigoríficos e almacéns e depósito de líquidos.

**Subgrupo 4. Axencias de viaxes.**

Os servicios de xestión e mediación para o transporte e aloxamento e a organización de servicios turísticos.

**Subgrupo 5. Garderías infantís.**

Os servicios de coidado e custodia de nenos en estancias e locais apropiados.

**Subgrupo 6. Recollida de carros portaequipaxes en estacións e aeroportos.**

Os traballos de recollida de carros portaequipaxes en estacións e aeroportos.

**Subgrupo 7. Outros servicios non determinados.**

Este subgrupo non ten un contido indeterminado, senón que acolle aqueles traballos ou actividades non asignadas a un subgrupo concreto, pero que sexan obxecto dun contrato de servicios.

*Grupo V. Servicios de tecnoloxías da información e as comunicacións*

**Subgrupo 1. Servicios de captura de información por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.**

Os traballos de mecanografía e gravación ou captura de datos por medios electrónicos de dixitalización ou conversión de formatos de documentos mediante o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións.

**Subgrupo 2. Servicios desenvolvemento e mantemento de programas de ordenador.**

Os traballos de planificación, análise, deseño, construción, probas e mantemento de sistemas de información (programas e aplicacións informáticas).

**Subgrupo 3. Servicios de mantemento e reparación de equipos e instalacións informáticos e de telecomunicacións.**

Traballos de mantemento preventivo, correctivo ou perfecto e de reparación de equipamentos e sistemas físicos e lóxicos para o tratamento da información, así como dos equipamentos emisores e receptores desta e os seus correspondentes sistemas e medios de transmisión.

**Subgrupo 4. Servicios de telecomunicacións.**

Servicios de comunicación de voz e/ou datos, aluguer de circuitos para a transmisión de voz e/ou datos, a provisión dos medios técnicos e humanos necesarios para que os usuarios finais das redes de telecomunicacións accedan e teñan presenza na Internet e outros servicios de valor engadido sobre redes de telecomunicacións.

**Subgrupo 5. Servicios de explotación e control de sistemas informáticos de infraestructuras telemáticas.**

Traballos asociados á posta en funcionamento, o seguimento, a xestión e control de equipos e sistemas informáticos e das infraestructuras telemáticas, necesarias para a adecuada explotación de programas e aplicacións informáticas.

**Subgrupo 6. Servicios de certificación electrónica.**

Actividades relativas á xeración, expedición e xestión de certificados electrónicos e outros servicios relacionados, tales como os servicios de autoridade de rexistro e de datado electrónico, para sinatura electrónica, autenticación electrónica, confidencialidade e non repudio.

**Subgrupo 7. Servicios de avaliación e certificación tecnolóxica.**

Traballos técnicos para deseñar, construír e executar as probas que permitan a avaliación dun produto ou sistema, respecto duns criterios e métodos de avaliación, para determinalo seu comportamento ante as características e funcionalidades que lle son atribuídas e certificarlos resultados obtidos.

**Subgrupo 8. Outros servicios informáticos ou de telecomunicacións.**

Este subgrupo non ten un contido indeterminado, senón que acolle aqueles traballos ou actividades non asignadas a un subgrupo concreto, pero que sexan obxecto dun contrato de servicios.

c

**ANEXO III****Modelo de garantía mediante valores anotados (con inscrición)**

Don/Dona (nome e apelidos), en representación de, NIF, con domicilio para efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade

PEÑORA a favor de: (órgano administrativo, organismo autónomo ou entidade de dereito público) os seguintes valores representados mediante anotacións en conta, dos cales é titular o peñorante e que se identifican como segue:

Número valores	Emisión (entidade emisora), clase de valor e data de emisión	Código valor	Referencia do rexistro	Valor nominal unitario	Valor de realización dos valores na data de inscrición

En virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón/impoñen a constitución desta garantía), para responder das obrigas seguintes: (detalla-lo obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), contraídas por (contratista ou persoa física ou xurídica garantida) NIF, con domicilio para efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, pola cantidade de: (en letra e número).

Este contrato outórgase de conformidade e con plena suxeición ó disposto na lexislación de contratos das administracións públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

(Nome ou razón social do peñorante) (sinatura/s).  
Coa miña intervención, o notario (sinatura)

Don/Dona ..., con DNI..., en representación de ... (entidade adherida encargada do rexistro contable), certifica a inscrición do peñor.

(data)

(sinatura)

c

**ANEXO IV****Modelo de garantía mediante peñoración de participacións de fondos de investimento**

Don/Dona (nome e apelidos), en representación de, NIF, con domicilio para efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade

PEÑORA a favor de: (órgano administrativo, organismo autónomo ou entidade de dereito público) as seguintes participacións, das cales é titular o pignorante e que se identifican como segue:

Número de participación	Identificación do fondo de investimento, nome e número de rexistro administrativo da CNMV	Entidade xestora	Entidade depositaria	Valor liquidativo na data de inscrición	Valor total

En virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impón/impoñen a constitución desta garantía), para responder das obrigas seguintes: (detalla-lo obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), contraídas por (contratista ou persoa física ou xurídica garantida) NIF, con domicilio para efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, pola cantidade de: (en letra e en número).

Este contrato outórgase de conformidade e con plena suxeición ó disposto na lexislación de contratos das administracións públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos. A entidade xestora do fondo comprométese a mante-lo peñor sobre as participacións sinaladas, non reembolsando, en ningún caso, ó partícipe o valor das participacións en canto subsista o peñor, así como a proceder ó reembolso das participacións a favor da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes administracións públicas a primeiro requirimento dos mesmos.

(Nome ou razón social do peñorante) (sinatura/s).  
Coa miña intervención, o notario, (sinatura)

Don/Dona..., con DNI..., en representación de (entidade xestora do fondo), certifica a constitución do peñor sobre as participacións indicadas.

(data)

(sinatura)

c

**ANEXO V****Modelo de aval**

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF, con domicilio (*para efectos de notificacións e requirimentos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para a obrigar neste acto, segundo resulta da verificación da suficiencia de poderes que se indica na parte inferior deste documento, AVALA a: (*nome e apelidos ou razón social do avalado*), NIF, en virtude do disposto por (*norma/s e artigo/s que impón/impoñen a constitución desta garantía*) para responder das obrigas seguintes: (*detalla-lo obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido*) ante (*órgano administrativo, organismo autónomo ou ente público*), polo importe de: (*en letra e número*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ó primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes administracións públicas, con suxeición ós termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que (*indicación do órgano de contratación*) ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para isto autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de contratos das administracións públicas e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura dos apoderados)

---

VERIFICACIÓN DA SUFICIENCIA DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.X.D.  
OU AVOGACÍA DO ESTADO

---

Provincia

Data

Número ou código

c

**ANEXO VI****Modelo de certificado de seguro de caución**

Certificado número (1) (en diante, asegurador), con domicilio en, rúa, e NIF, debidamente representado por don/ dona (2), con poderes suficientes para o obrigar neste acto, segundo resulta da verificación da suficiencia de poderes que se indica na parte inferior desde documento.

ASEGURA A (3), NIF, en concepto de tomador do seguro, ante (4), en diante asegurado, ata o importe de (euros e pesetas) (5), nos termos e condicións establecidos na Lei de contratos das administracións públicas, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares pola que se rexe o contrato (6), en concepto de garantía (7), para responder das obrigas, penalidades e demais gastos que se poidan derivar conforme as normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ó asegurado.

O asegurado declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no artigo 57.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ó asegurador a resolve-lo contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opor ó asegurado as excepcións que lle poidan corresponder contra o tomador do seguro.

O asegurador asume o compromiso de indemniza-lo asegurado ó primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes administracións públicas, nos termos establecidos na Lei de contratos das administracións públicas e normas de desenvolvemento.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que (4), ou quen no seu nome for habilitado legalmente para isto, autorice a súa cancelación ou devolución, conforme o establecido na Lei de contratos das administracións públicas e lexislación complementaria.

Lugar e data.

Sinatura.

Asegurador

---

VERIFICACIÓN DA SUFICIENCIA DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.X.D.  
OU AVOGACÍA DO ESTADO

---

Provincia

Data

Número ou código

## Instrucións para cubri-lo modelo

- (1) Expresarase a razón social completa da entidade aseguradora.
- (2) Nome e apelidos do apoderado ou apoderados.
- (3) Nome da persoa asegurada.
- (4) Órgano de contratación.
- (5) Importe, en letra, polo que se constitúe o seguro.
- (6) Identificar individualmente de maneira suficiente (natureza, clase, etc.) o contrato en virtude do cal se presta a caución.
- (7) Expresa-la modalidade de seguro de que se trata, provisoria, definitiva, etc.



c

**ANEXO VII****Modelos de anuncios de licitación e adjudicación dos contratos para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»****A. Modelo de anuncio previo de licitación de contratos**

1. Entidade adjudicadora e datos para a obtención de información.

- a) Organismo:
- b) Domicilio:
- c) Localidad y código postal:
- d) Teléfono:
- e) Telefax:

2. Obxecto dos contratos e data prevista de inicio dos procedementos de adjudicación. Descrición xenérica do obxecto e data prevista.

3. Outras informacións.

4. Data de envío do anuncio ó «Diario Oficial de las Comunidades Europeas», se for o caso.

**B. Modelo de anuncio para a licitación dos contratos de obras**

1. Entidade adjudicadora.

- a) Organismo:
- b) Dependencia que tramita o expediente:
- c) Número de expediente:

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto:
- b) División por lotes e número:
- c) Lugar de execución:
- d) Prazo de execución (meses):

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

- a) Tramitación:
- b) Procedemento:
- c) Forma:

4. Orzamento base de licitación. Importe total: ..... (euros).

5. Garantía provisoria.

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade e código postal:
- d) Teléfono:
- e) Telefax:

f) Data límite de obtención de documentos e información:

7. Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación, se for o caso: (grupos, subgrupos e categoría)
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación:
- b) Documentación que se debe presentar:
- c) Lugar de presentación:

- 1. Entidade:
- 2. Domicilio:
- 3. Localidade e código postal:

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):

e) Admisión de variantes (concurso):

f) Se for o caso, número previsto (ou número máximo e mínimo) de empresas que se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido):

9. Apertura das ofertas.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade:
- d) Data:
- e) Hora:

10. Outras informacións.

11. Gastos de anuncios.

12. Data de envío do anuncio ó «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» (se for o caso).

13. Se for o caso, portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os datos.

**C. Modelo de anuncio para a licitación dos contratos de xestión de servicios públicos**

1. Entidade adjudicadora.

- a) Organismo:
- b) Dependencia que tramita o expediente:
- c) Número de expediente:

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto:
- b) Lugar de execución:
- c) Prazo de execución:

d) Indicar se a execución do contrato comprende a execución de obras:

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

- a) Tramitación:
- b) Procedemento:
- c) Forma:

4. Orzamento base de licitación ou canon de explotación, Importe total: ..... (euros).

5. Garantía provisoria.

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade e código postal:
- d) Teléfono:
- e) Telefax:

f) Data límite de obtención de documentos e información:

7. Requisitos específicos do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación:
- b) Documentación que integrará as ofertas:
- c) Lugar de presentación:

- 1. Entidade:
- 2. Domicilio:
- 3. Localidade e código postal:

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):

e) Se for o caso, número previsto (ou número máximo e mínimo) de empresas que se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido):

9. Apertura das ofertas.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:

s

- c) Localidade:
- d) Data:
- e) Hora:

- 10. Outras informacións.
- 11. Gastos de anuncios.

12. Se for o caso, portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos.

*D. Modelo de anuncio para a licitación dos contratos de subministración*

- 1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo:
  - b) Dependencia que tramita o expediente:
  - c) Número do expediente:

- 2. Obxecto do contrato.
  - a) Descrición do obxecto:
  - b) Número de unidades a entregar:
  - c) División por lotes e número:
  - d) Lugar de entrega:
  - e) Prazo de entrega:

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación:
- b) Procedemento:
- c) Forma:

4. Orzamento base de licitación. Importe total: ..... (euros).

- 5. Garantía provisoria.
- 6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade e código postal:
- d) Teléfono:
- e) Telefax:

f) Data límite de obtención de documentos e información:

7. Requisitos específicos do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación:
- b) Documentación que se debe presentar:
- c) Lugar de presentación:

- 1. Entidade:
- 2. Domicilio:
- 3. Localidade e código postal:

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso):

- e) Admisión de variantes:

f) Se for o caso, número previsto (ou número máximo e mínimo) de empresas que se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido):

- 9. Apertura das ofertas.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade:
- d) Data:
- e) Hora:

- 10. Outras informacións.
- 11. Gastos de anuncios.

12. Data de envío do anuncio ó «Diario Oficial de las Comunidade Europeas» (se for o caso).

13. Se for o caso, portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos.

*E. Modelo de anuncio para a licitación dos contratos de consultoría e asistencia e dos contratos de servizos*

- 1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo:
  - b) Dependencia que tramita o expediente:
  - c) Número do expediente:

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto:
- b) División por lotes e número:
- c) Lugar de execución:
- d) Prazo de execución ou data límite de entrega (meses):

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación:
- b) Procedemento:
- c) Forma:

4. Orzamento base de licitación. Importe total: ..... (euros).

- 5. Garantía provisoria.
- 6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade e código postal:
- d) Teléfono:
- e) Telefax:

f) Data límite de obtención de documentos e información:

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se for o caso: (grupos, subgrupos e categoría)

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación:
- b) Documentación que se presentará:
- c) Lugar de presentación:

- 1. Entidade:
- 2. Domicilio:
- 3. Localidade e código postal:

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso):

- e) Admisión de variantes (concurso):

f) Se for o caso, número previsto (o número máximo e mínimo) de empresas que se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido):

9. Apertura das ofertas.

- a) Entidade:
- b) Domicilio:
- c) Localidade:
- d) Data:
- e) Hora:

10. Outras informacións.

11. Gastos de anuncios.

12. Data de envío do anuncio ó «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» (se for o caso).

13. Se for o caso, portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos.

c

F. *Modelo de anuncio para a licitación dos contratos das administracións especiais*

1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo:
  - b) Dependencia que tramita o expediente:
  - c) Número de expediente:
2. Obxecto do contrato.
  - a) Descrición do obxecto:
  - b) División por lotes e número:
  - c) Lugar de execución:
  - d) Prazo de execución:
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
  - a) Tramitación:
  - b) Procedemento:
  - c) Forma:
4. Orzamento base de licitación. Importe total: ..... (euros).
5. Garantía provisoria.
6. Obtención de documentación e información.
  - a) Entidade:
  - b) Domicilio:
  - c) Localidade e código postal:
  - d) Teléfono:
  - e) Telefax:
  - f) Data límite de obtención de documentos e información:
7. Requisitos específicos do contratista.  
Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional:
8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.
  - a) Data límite de presentación:
  - b) Documentación que se debe presentar:
  - c) Lugar de presentación:
1. Entidade:
2. Domicilio:
3. Localidade e código postal:
- d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso):
- e) Admisión de variantes (concurso):
9. Apertura das ofertas.
  - a) Entidade:
  - b) Domicilio:
  - c) Localidade:
  - d) Data:
  - e) Hora:
10. Outras informacións.
11. Gastos de anuncios.
12. Se for o caso, portal informático ou páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde se poden obter os pregos.

G. *Modelo de anuncio de adxudicación de contratos de obras, de subministración, de consultoría e asistencia, de servizos e dos contratos administrativos especiais*

1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo:
  - b) Dependencia que tramita o expediente:
  - c) Número de expediente:
2. Obxecto do contrato.
  - a) Tipo de contrato:
  - b) Descrición do obxecto:

- c) Lote:
- d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación:
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
  - a) Tramitación:
  - b) Procedemento:
  - c) Forma:
4. Orzamento base de licitación ou canon de explotación. Importe total: ..... (euros).
5. Adxudicación.
  - a) Data:
  - b) Contratista:
  - c) Nacionalidade:
  - d) Importe de adxudicación:

H. *Modelo de anuncio de adxudicación de contratos de xestión de servizos públicos*

1. Entidade adxudicadora.
  - a) Organismo:
  - b) Dependencia que tramita o expediente:
  - c) Número de expediente:
2. Obxecto do contrato.
  - a) Descrición do obxecto:
  - b) Data de publicación:
  - c) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación:
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.
  - a) Tramitación:
  - b) Procedemento:
  - c) Forma:
4. Orzamento base de licitación ou canon de explotación. Importe total: ..... (euros).
5. Adxudicación.
  - a) Data:
  - b) Contratista:
  - c) Nacionalidade:
  - d) Importe ou canon de adxudicación:
  - e) Prazo de adxudicación:

## ANEXO VIII


### Modelos de anuncios de licitación e adxudicación dos contratos para a súa publicación no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas»

(Os formularios que se inclúen a seguir poden ser descargados no enderezo da Internet:

<http://simap.eu.int/Mapa del sitio/Formularios actualizados que deben utilizarse para a notificación.>)

1. Anuncio de información previa aplicable nos contratos de obras, de subministración, de consultoría e asistencia e de servizos (Directiva do Consello 93/37/CEE, do 14 de xuño, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos de obras, Directiva do Consello 93/36/CEE, do 14 de xuño, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos de subministración, e Directiva do Consello 92/50/CEE, do 18 de xuño, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos de servizos, modificadas pola Directiva do Consello e do Parlamento 97/52/CE, do 13 de outubro de 1997, e pola Directiva 2001/13/CE da Comisión, do 13 de setembro de 2001).

s

**UNIÓN EUROPEA**

publicación no Suplemento ó Diario Oficial das Comunidades Europeas

2, rue Mercier, L-2985 Luxembourg

Telefax (+352) 29 29 44 619, (+352) 29 29 44 623, (+352) 29 29 42 670, (+352) 49 00 03

E-mail: [mp-ojs@opoce.cec.eu.int](mailto:mp-ojs@opoce.cec.eu.int) Notificación electrónica: <http://simap.eu.int>**ANUNCIO DE INFORMACIÓN PREVIA**

- Obras
- Subministracións
- Servicios

Reservado á Oficina de Publicacións

Data de recepción do anuncio \_\_\_\_\_

Referencia \_\_\_\_\_

